

The page features a decorative graphic consisting of three blue circles of varying sizes and several thin blue lines. One large circle is at the top right, a medium one is in the center, and another large one is at the bottom right. Lines connect these circles and extend across the page, including a horizontal line that passes behind the middle circle.

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP DE RUBIÁNS

ANEXOS: PLAN DE CONVIVENCIA, RRI, PROXECTO
LINGÜÍSTICO, PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E DE ACCIÓN
TITORIAL, PLAN DE AUTOPROTECCIÓN, PLAN DE INTEGRACIÓN
DAS TICS

INDICE

	PÁXINA
0. INTRODUCCIÓN.....	5
I. ANÁLISE SITUACIONAL.....	8
1. Contextualización desde o punto de vista normativo	
2. Análise do entorno	
3. Infraestructuras do centro	
4. Tipoloxía escolar	
5. Horario	
6. Catálogo de postos de traballo docente e obxervacións ao mesmo	
7. Persoal non docente	
8. Características do entorno social e cultural	
9. Sinais de identidade	
II. OBXECTIVOS E FINALIDADES EDUCATIVAS.....	24
1. Fins e intencións educativos	
2. Formulación de obxectivos diferentes ámbitos:	
a. Pedagóxico	
b. Institucional	
c. Humano e de servizos	
d. Proxección interna e externa	
e. Formación permanente	
3. Valores, obxectivos e prioridades de actuación	
III. OFERTA EDUCATIVA E DE SERVIZOS E SOLUCIÓN ORGANIZATIVAS.....	34
1. Oferta educativa	
2. Solución organizativas	
a. Avaliación do alumnado	
b. Atención educativa	
c. Adscripción do profesorado	
d. Xuntanza cos familias	
IV. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	37
1. Organos de goberno:	
a. Equipo directivo	
b. Organos Colexiados:	

- b.1. Consello escolar
 - b.2. Órganos e comisión do consello escolar: comisión económica e comisión de asuntos vixentes ou permanentes
 - b.3. Claustro
 - c. Órganos de coordinación docente:
 - c.1. CCP
 - c.2. Observatorio de convivencia
 - c.3. Equipos de ciclo
 - c.4. Actividades complementarias e extraescolares
 - c.5. EDL
 - c.6. Biblioteca
 - c.7. Medios tecnolóxicos e de comunicación
 - c.8. Outros: PROFESORADO.FUNCIÓNS
 - d. Departamento de orientación
- V. ASPECTOS CURRICULARES.....61
- 1. Educación Infantil:
 - a. Obxectivos xerais
 - Obxectivos en función do noso contexto
 - a.1 alumnado
 - a.2 familias
 - a.3 institucións
 - b. Areas de educación infantil
 - c.Principios metodolóxicos e pedagóxicos
 - periodo de adaptación
 - xogo
 - os espacios
 - materiais e criterios para a súa selección
 - metodoloxía
 - tratamento lingüístico
 - agrupamento do alumnado
 - tempo
 - a educación en valores
 - d. Liñas xerais de atención a diversidade

	e. Os criterios procedementos e instrumentos para a avaliación	
	f. Liñas xerais para a elaboración do plan de acción tutorial	
	g. A familia	
	h. Coordinación entre ciclos e etapas	
	i. Atención educativa	
2.	A educación primaria	
	a. Tratamento transversal da educación en valores. Orientacións para a súa introducción no currículo	
	a.1. Conceptos e contidos seleccionados	
	a.2. Actividades xerais	
	b. Inclusión das competencias básicas na concreción curricular. Estratexias para o seu desenvolvemento	
	c. Proceso de avaliación e tipoloxías.Promoción do alumnado	
	c.1. Desenvolvemento do proceso da avaliación	
	c.2. Documentos oficiais de avaliación	
	c.3. Actividades de recuperación	
VI.	OBXECTIVOS CURRICULARES DAS ETAPAS EDUCATIVAS IMPARTIDAS. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS.....	97
	1. Educación Infantil	
	2. Educación Primaria	
VII.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES OFERTADAS.....	103
	1. Polo centro	
	2. Pola ANPA	
VIII.	PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....	104
IX.	SERVIZOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO.....	104
X.	ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS.....	104
XI.	RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.....	106
XII.	FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN COAS FAMILIAS.....	107
XIII.	INSTALACIÓN DO CENTRO.....	108
XIV.	ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS.....	109
XV.	ELABORACIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.....	111

ANEXOS DO PROXECTO EDUCATIVO

XVI.	PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE E DE ACCIÓN TITORIAL.....	113
XVII.	PLAN DE REFORZO PARA O ALUMNANDO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO CICLO.....	113
XVIII.	REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.....	120
	1. INTRODUCCION. PRINCIPIOS XERAIS DE CONVIVENCIA.....	120
	2. PARTICIPACION NA VIDA DO CENTRO	122
	2.1. O PROFESORADO	122
	2.2. O ALUMNADO	130
	1.1. FAMILIAS	133
	1.2. OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	136
	3. NORMAS DE CONVIVENCIA	137
	3.1. NORMAS XERAIS	136
	3.2. ENTRADAS E SAÍDAS	137
	3.3. VISITAS E VIAXES DE ESTUDOS.....	139
	3.4. ASISTENCIA A ALUMNOS/AS ACCIDENTADOS	140
	4. INCRUMPIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA DO ALUMNADO	140
	5. RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS	141
	6. FALTAS E SANCIÓNIS	141
	7. PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS	144
	8. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVENEVTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA	146
	9. RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.....	150
	10. ORGANIZACIÓN E USO DOS ESPAZOS E INSTALACIONES DO CENTRO	150
	11. PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNIS DE ACOSO ESCOLAR	154
	12. PARTICIPACIÓN DIRECTA DAS FAMILIAS E DOS RESTANTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO ENSINO E NO PROCESO EDUCATIVO.....	156
	13. ESCOLAS DE NAIS E PAIS	157
XIX.	PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	158
XX.	PLAN DE CONVIVENCIA.....	182

PROXECTO EDUCATIVO

0.- INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo (PE) é un instrumento para a xestión coherente co contexto escolar que enumera e define as notas de identidade do centro, formula os obxectivos que se pretenden e expresa a estrutura organizativa do centro.

No PE hai que ter en conta as variables que nos permitan contextualizar a Comunidade Educativa.

Consideramos imprescindibles o contexto socioeconómico e cultural, as peculiaridades dos/as alumnos/as así como as concepcións educativas que pais e profesores mantemos para dotar ao Centro cun estilo propio, cos seus sinais de identidade, coa finalidade de garantir a coherencia na formación do noso alumnado.

Neste proxecto establecemos as intencións educativas para os alumnos de Educación Infantil e Primaria. Estas intencións iranse determinando e detallando ao longo do proceso educativo sendo conscientes de que o van condicionar por responder a propósitos e finalidades que a sociedade asigna á escola no ámbito máis xeral dos valores e das actitudes, co carácter pluralista da sociedade.

A normativa legal na que se apoia o PE atópase na LOE (Ley Orgánica 2/2006, de 3 de agosto, de educación), no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21/10/96) e na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se determinan aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 02/09/1997).

A mencionada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no seu artigo 121 matiza os aspectos que se deben recoller no PE:

- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación
- As características do entorno social e cultural do centro
- A concreción curricular que aprobe o claustro.
- O tratamento transversal das áreas da educación en valores e outras ensinanzas
- Forma de atender á diversidade do alumnado

- O plan de acción titorial (PAT)
- O Plan de Convivencia (respectando o principio da non discriminación e da inclusión educativa como valores fundamentais así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na LODE (Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación).

Ademais, tendo en conta o artigo 87 do Decreto 374/1996 e partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e das do centro, fixará os obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluirá:

- a. A organización xeral do centro
- b. Os fins e as intencións educativas
- c. Os obxectivos do centro tendentes a lograr a normalización lingüística
- d. A adecuación ao contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten
- e. O Regulamento de réxime interior do centro.
- f. A oferta do centro en canto a actividades e servizos.
- g. As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- h. As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

A pesar de que na LOE non se cita o RRI (documento que establece a forma democrática de organización que adopta cada centro tomando como base os dereitos e obrigas que lle corresponden a cada integrante da comunidade educativa), tendo en conta a normativa vixente (Decreto 374/1996), este debe incorporarse ao PE¹.

De acordo coa normativa vixente referente á orientación debe de incorporarse o Plan de Orientación do centro, ademais do Plan de Acción Titorial (PAT), o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD).

Así mesmo e tendo en conta o Decreto 1/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, deben incluírse o Proxecto

¹ *Ao longo do documento, para simplificar a súa escritura e lectura, empregaremos os termos alumnos, profesores, pais, etc. para referirnos a alumnos e alumnas, profesores e profesoras, pais e nais, etc*

Lector e o Plan de introdución das Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Amparándose no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo tamén debe de incluírse o PLC

Especificar que a formulación máis xeral das intencións educativas baséase no artigo 27.2 da Constitución Española así como nos principios recollidos no Capítulo I da LOE.

Estas intencións artículanse a través dos seguintes grandes **eixes ou principios**:

- a. A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b. A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c. A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como os que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d. A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Engadir, que non pretendemos esgotar todos os elementos dunha posible concepción educativa senón só destacar e priorizar os máis compartidos polos diversos sectores integrantes da comunidade educativa.

Indicar, por último, que temos que partir dun concepto de PE que será un documento vivo, cambiante, capaz de adaptarse ás novas necesidades que vaian xurdindo, ás novas características do alumnado, á nova normativa... introducindo as modificacións necesarias para poder acadar os obxectivos propostos.

I.- ANÁLISE SITUACIONAL

1. CONTEXTUALIZACIÓN DENDE O PUNTO DE VISTA NORMATIVO

A elaboración do P.E., como calquera actividade integrada no proceso educativo, ten que fundamentarse nun corpus legal, establecido polas Administracións Educativas, que recolla unha concepción determinada dos procesos de ensino - aprendizaxe, así como as orientacións para o seu desenvolvemento. En consecuencia partimos de:

a. Leis Marco

- Constitución Española. (B.O.E. 29/12/1978)

Fundamentalmente, no artigo 27 e nos puntos que o desenvolven, figura recollido o dereito de todos á Educación, así como a Liberdade de Ensinanza.

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. (B.O.E. 28/04/1981).

b. Lexislación Básica

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (B.O.E. 04/05/2006)
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de julio, reguladora del derecho a la Educación, tendo en conta a nova redacción dada aos artigos 4, 5.5, 6, 7, 8, 31 (apartados c, d, f e m) e do artigo 57, cos parágrafos ou letras, engadidos, segundo a LOE.
- Lei Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Persoal (BOE nº 298, del 14-12-99).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género (BOE nº313, del 29-12-04).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística (D.O.G.: 14/07/1983)
- Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado, por unanimidade, no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia (DOG 25/05/2010).

- Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino escolar (DOG 29/04/88) [Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88]
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (D.O.G. 21/10/1996). [C.E. 08/01/1997].
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos colexios de Educación Primaria e dos colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (D.O.G. 02/09/1997).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- **Observatorio de convivencia escolar.** Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.
- **Dereitos e deberes do alumnado.** Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa (BOE 30 de xullo de 2011)
- **Seccións bilingües.** Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- **Xornada Única e Mixta.** Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais

agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados

c. Implantación e Instrucións Organizativas

- Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do Segundo Ciclo de Educación Infantil e se dictan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles Centros nos que se imparte o devandito ciclo. (D.O.G. 21/05/1992).
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26/02/2004)
- Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos Centros. (B.O.E. 02/06/1995).
- DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. 28/11/1996).
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización. (D. O.G. 19/12/1996).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 27/04/1998).
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. 31/07/1998).

- Real Decreto 943/2003, de 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente. (B.O.E. 31/07/2003)
- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE do 03/12/2003)
- Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/08/1997)
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.(DOG 30/01/03).

d. Currículo

- Real Decreto 1630/2006, de 29 de diciembre, por que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación Infantil. (B.O.E. 04/01/2007)
- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009).
- Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, por el que se establecen las enseñanzas mínimas de Educación Primaria. (B.O.E.08/12/2006)
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia(D.O.G. 09/07/2007)
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas ensinanzas de réxime xeral. (DOG 07/11/1995)

e. Avaliación

- Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10/07/2009).
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (D.O.G. 30/11/2007)

- **Avaliación de diagnóstico.** Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15/10/2010)

2. ANÁLISE DO ENTORNO

CARACTERÍSTICAS XERAIS DO CENTRO

Este concello, diocese de Santiago, está delimitado por Catoira e a Ría de Arousa (**N.**), Vilanova de Arousa (**S.**), Caldas de Reis (**L.**) e a Ría de Arousa (**O.**)

Ten unha superficie de **47,10 Km** e atópase recostado sobre a marxe esquerda da súa propia Ría, tendo unha poboación de máis de **37.000 habitantes**, que se reparten entre as parroquias que o compoñen. Estas son:

- Arealonga (Santa Baia) Vilagarcía, capital do municipio.
- Bamio (San Xínés).
- Carril, O (Santiago).
- Cea (San Pedro).
- Cornazo (San Pedro).
- Fontecarmoa (San Pedro).
- Rubiáns (Santa María).
- Sobradelo (San Salvador).
- Sobrán (San Martiño de Fóra).
- Solobeira. (San Fins)

As zonas de influencia do Centro de Ensinanza son as parroquias de RUBIÁNS e CEA.

A parroquia de **S^a María de Rubiáns** comprende os lugares de: -Abelle, -Agromán, -Ande, -Os Barbeitos, -A Bouza, -A Casanova, -A Congostra, -O Charco, -A Feira, -O lago, -Loenzo, -Pedral, -Perrón, - Quintáns, - Rubiáns de Arriba,- Sentín,- Soutelo e - Zamar.

Rubiáns está delimitada polas freguesías de Cea (N.), Baión(S.), Godos(L.) e Cornazo(O.)

Rubiñans dista *3,4 km* da capital do municipio. A principal vía de comunicación é a estrada N-640 Vilagarcía-Chapa. O apeadeiro de ferrocarril da liña Coruña-Vigo foi suprimido no ano 1999.

Alcanza unha altitude máxima de 154 m e está bañada polo *arroyo Leiro*.

A parroquia de **San Pedro de Cea** comprende os lugares de: Aldea de Arriba, Aldea do Medio, Bouza, Carballido, Casa do Vento, Castroagudín, Lago, Os Martices, Montiño, Outeiro, Retorta, Sobreira, Sobreiral e Xovelle.

Cea está situada a *2 km* da capital do municipio, coa que se comunica pola estrada PO-305, de Vilagarcía a Caldas de Reis, e baña o seu termo o *río do Con*.

Para acceder ó recinto escolar existen dúas entradas. Unha entrada de acceso exclusivamente peonil empregada polo alumnado, usuario do transporte escolar ou non, e polos pais e nais do alumnado. A segunda entrada destínase para uso exclusivo do persoal do centro, cunha zona reservada para aparcadoiro de vehículos.

Entrando pola primeira porta, deixamos á dereita, un “ximnasio” destinado a impartir as clases de Educación Física e actividades extraescolares e o parque de xogos para os máis pequenos. Á esquerda ,o aparcadoiro.

Ao centro accedemos a través dunhas pequenas escaleiras e rampa cunha especie de soportais. Pola parte de diante acceden os alumnos de educación infantil, pola porta dereita, e pola esquerda o profesorado. Pola parte traseira os de primaria repartidos do seguinte xeito: primeiro, segundo e terceiro pola porta dereita e cuarto, quinto e sexto pola da esquerda.

As barreiras arquitectónicas non están totalmente eliminadas, pois non existe ascensor e o acceso ó ximnasio tampouco está preparado

3. INFRAESTRUTURA DO CENTRO

Entrando no edificio, pola porta principal, atópase un pequeno vestíbulo dende o que se accede a varios espazos.

- **PLANTA BAIXA:** porta de entrada principal: biblioteca, sala de persoal, comedor, conserxería, local da ANPA, e aseos de nenas e nenos. escaleiras A e B, porta de acceso á vivenda do conserxe.

- **PRIMEIRA PLANTA:** música, 1º e 2º de primaria, audiovisuais e psicomotricidade , tres aulas de Educación Infantil, dirección, secretaría, xefatura de estudos, Departamento de Orientación, dous aseos alumnos e alumnas e un aseo profesores, sala de mestres.
- **SEGUNDA PLANTA:** aulas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria, aula de plástica, audición e linguaxe, PT, relixión, informática , inglés e plan madrugada.
- Así mesmo, o Centro conta cun “ximnasio”, dúas pistas polideportivas descubertas e un parque de xogos para alumnos de idades comprendidas entre 3 e 5 anos.

4. TIPOLOXÍA ESCOLAR

4.1.- Titularidade

Pública. Dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.2.- Financiamento

Gratuíto. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

4.3.- Niveis Educativos que se imparten

Educación Infantil

Educación Primaria

4.4.- Adscrición do centro

Adscrito ao I.E.S. Armando Cotarelo Valledor

4.5.- Número de Unidades: 9

Educación Infantil: 3 unidades

Educación Primaria: 6 unidades

5. HORARIO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:20 a 10:50					
9:50 a 10:40					
10:40 a 11:30					
11:30 a 12:20 12:20 a 12:50					
12:50 a 13:10					
13:10 a 14:00					
14:00 a 14:50					
		16:00 a 19:00			

Dende que remata unha sesión ata que os profesores que teñen que cambiar de grupo se incorporan ao seguinte, pódese producir un desfase de minutos que sempre irá en detrimento do grupo ao que ten que incorporarse.

6. CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DOCENTE E OBSERVACIÓNS AO MESMO

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	TOTAL
4	5	1	1	1	1	1	14

Ademáis contamos cunha orientadora, unha mestra de AL e unha mestra de relixión que comparten centro co CEIP de Vilaxoán que representa o seu centro base ou de referencia. Tamén imparte docencia neste centro unha segunda mestra de relixión que ten o seu centro base no CEIP Arealonga.

7. POSTOS DE PERSOAL NON DOCENTE

- **Unha conserxe:** dependente do concello.
- **Persoal do comedor:** dependente dunha empresa privada
- **Persoal de limpeza** dependente dunha empresa privada contratada polo Concello

8. CARACTERÍSTICAS DO ENTORNO SOCIAL E CULTURAL

A área de influencia do Colexio é a que corresponde ás parroquias de RUBIÁNS e CEA cos seus correspondentes lugares que as compoñen.

Todos os lugares que forman a parroquia de Rubiáns están preto do Centro, pero un pouco máis lonxe poderíamos citar: Rubiáns de Arriba, Zamar e Perrón.

CEA, núcleo da parroquia, dista aproximadamente uns 5 km. Quizais, dentro desta parroquia, o lugar máis distante do Centro sexa Castragudín, que dista aproximadamente uns 6 km.

Rubiáns é unha localidade que está moi preto dunha das principais vías de comunicación a AP9. A nivel autonómico conta cun bo servizo de medios de comunicación.

O transporte público que realiza a empresa “Núñez” comunica Rubiáns coa capital do municipio e con Pontevedra, capital da provincia.

Tamén hai boa comunicación coa capital do concello dende **Cea**, realizando tal comunicación a empresa “Tabeirós”.

O servizo telefónico é completo e podemos afirmar que a meirande parte das vivendas conta con servizo deste tipo.

Asociacións:

➤ COMUNIDADES DE MONTES

A asociación de Montes da Parroquia de Rubiáns, e a de Cea, xurdiron xa fai algúns anos. Estas asociacións levan a cabo un aproveitamento dos montes en man común e utilizan os beneficios con fin sociais e culturais.

➤ ASOCIACIÓN DE VECIÑOS

A parroquia de Rubiáns e a de Cea teñen Asociacións de Veciños creadas hai uns anos, e teñen unha función social que serve de complemento á función administrativa do Concello.

➤ ASOCIACIÓNS CULTURAI

Dúas son as Asociacións Culturais que hai nas dúas parroquias. En Rubiáns: *unha*, e en Cea outra.

As dúas asociacións contan cun bo número de asociados. Son grupos bastante activos que realiza distintas actividades: grupo de gaitas, baile, etc.

Estas asociacións tamén realizan cursiños de cociña, traballos manuais, etc. e organizan festas en Nadal, Entroido...

As actividades son patrocinadas conxuntamente co Concello.

Festas patronais:

Na parroquia de **Rubiáns**:

- Os Dolores (No mes de maio)
- San Ramón e Santa Plácida (catro días, coincidindo co primeiro Domingo de setembro).

Na parroquia de **Cea**:

- San Pedro (Finais de xuño)
- Santa Lucía (13 de Decembro), no Vento
- San Xosé (19 de marzo), na Aldea de Arriba
- San Roque (a finais de agosto) e o Sacramento (a finais de xuño, cada catro anos), en Castroagudín
- Romaría de San Antonio (no mes de xuño), no Pousadoiro. O santo atópase nunha capela.

Núcleo familiar

A base celular de organización é a familia.

A calidade da vivenda é na maioría dos casos axeitada. A superficie das vivendas está entre 75m e 150m, aínda que tamén hai vivendas que teñen menor superficie.

Hai alumnos que dispoñen dun sitio axeitado para facer os deberes, pero tamén é certo que algúns os fan na cociña ou no comedor.

Segundo unha enquisa que se fixo no ano 2009, e as que se fan coa avaliación diagnóstica haberá que dicir que son bastantes os alumnos que contan con moi poucos libros para a súa consulta.

Os nosos alumnos ven a TV, na súa grande maioría, polas tardes e noites, dispoñendo moitos deles de aparato de TV no seu dormitorio, e nos fins de semana aumenta o horario.

Os xornais lense moi pouco polos pais tódolos días e os Domingos aumenta a súa lectura.

Son poucos os fogares que constan con conexión a Internet.

Polo que respecta ó nivel de estudos dos pais, poderíamos face-lo seguinte resumo:

- Certificado de Escolaridade e Graduado Escolar.....Bastantes persoas
- Bacharelato e Estudos Superiores.....Poucos.
- Ningún..... Nº insignificante

Aspectos socioeconómicos

Claramente estamos nunha zona agrícola e industrial.

O nivel económico segue sendo medio-baixo debido á situación industrial da zona. Tamén convén subliñar que este nivel está sustentado por unha agricultura e gandería de autoabastecemento (hortalizas, froitas, carne, etc.).

Os sectores ocupacionais máis importantes son:

- 1.-Industrial, dentro e fóra da zona.
- 2.-O agro (agricultura)
- 3.-Obras e Servicios Públicos.

Ubicación xeográfica

O Centro atópase na Comunidade Autónoma de Galicia, provincia de Pontevedra. Pertence ó término municipal de Vilagarcía, ó lugar de **Rubiñans**.

Dista 3,4 km da capital do concello.

Accédese ó lugar dende a estrada que comunica Vilagarcía con Pontevedra. Dende o km 2,4 de Vilagarcía abandónase tal estrada para coller as rúas da Bouza, Igrexa, Quintáns e a do Ensino. Aproximadamente 1 km.

9. SINAIS DE IDENTIDADE**➤ Igualdade de oportunidades**

- Non discriminación por razóns intelectuais ou socioeconómicas
- Educación integradora para alumnos con NEE.
- Educación compensatoria para alumnos con deficiencias especiais ou escolares
- Fomento de actividades de apoio e recuperación para alumnos con atraso escolar e de ampliación para alumnos que sobresaian.

➤ Pluralismo e valores democráticos

- Non se discriminará a ninguén a causa da súa procedencia, raza, sexo, relixión, ideoloxía ou nivel socioeconómico.
- Desenvolvemento de climas de traballo nos que predominen os hábitos de convivencia e de tolerancia.
- Respecto á pluralidade e á diversidade baseado nos principio democráticos
- Non impoñer concepción política ou relixiosa, á vez que se estimularán os valores dunha sociedade democrática: solidariedade, respecto aos demais e actitude de diálogo.
- Formación ética e moral baseada no respecto aos demais.
- Neutralidade política
- Respecto ao pluralismo democrático

- Xestión democrática do centro
- A educación sustentarse en valores como a tolerancia, cooperación, creatividade, sociabilidade e superación positiva de calquera discriminación.

➤ **Aconfesionalidade**

- Respecto por todas as confesións relixiosas
- Renuncia a calquera tipo de adoutramento ou sectarismo relixioso
- Respecto da normativa vixente no referente á formación relixiosa e a alternativa á mesma.
- Respetaranse as distintas ideoloxías e crenzas das familias sen condicionalas a participar en actividades que supoñan un menoscabo dos seus principios.

➤ **Coeducación**

- Ensino mixto: nenas e nenos compartirán os mesmos espazos e realizarán o mesmo tipo de actividades en todas e cada unha das áreas docentes.
- Non discriminación por razón de sexo: intentarase evitar calquera tipo de discriminación por razón de sexo, aceptando cada quen a súa propia sexualidade, e respectando a dos demais.
- Concepción da coeducación como un proceso: educar cara o respecto á propia persoa e á do outro, fomentando a valoración na colaboración co outro no traballo, no xogo, no diálogo, etc.
- Coeducación efectiva para acadar a igualdade dos sexos e eliminar todas as manifestacións sexistas que puideran estar presentes en calquera eido da educación.
- Evitar, na tarefa educativa, actitudes que perpetúen os roles tradicionais asignados ao home e á muller.

➤ **Convivencia**

- Aprender a convivir, non discriminando por razóns sociais, culturais, étnicas...
- Fomento do entendemento e respecto.
- Fomento de actitudes de respecto e tolerancia que rexeiten todo tipo de violencia e discriminación e que favorezan a apertura, o diálogo e a aceptación dos demais.

➤ Lingua de Aprendizaxe

- Utilizarase o galego e o castelán, respectando, en todo caso, a lingua materna e respectando a lexislación vixente.
- Partindo de que debe producirse unha apertura cada vez maior ao barrio, e tendo en conta que se empregan os dous idiomas, ao remate da escolaridade pretendemos que os alumnos acaden un dominio das dúas linguas, tanto oral como escrito e conseguindo a maior competencia lingüística en inglés.
- En todos os cursos levarase a cabo o ensino da lingua estranxeira, Inglés, e deixarase constancia no historial académico da súa participación nas seccións bilingües.
- Asumimos a lingua galega como lingua oficial do Centro, coidando que a vía administrativa e as relacións coa comunidade se establezan en galego, para así contribuír á súa normalización.
- Favorecerase ao alumnado proveniente doutros ámbitos lingüísticos unha rápida aprendizaxe da/s lingua/as mediante unha planificación de actividades compensatorias ou de programas de inmersión lingüística, fomentando a non discriminación.

➤ Liña Metodolóxica

- A educación do alumnado debe ser unha responsabilidade compartida entre as familias, profesorado e o demais persoal do centro.
- Estableceranse, por parte do profesorado, liñas de traballo, maioritariamente en equipo, para:
 1. Selección e aplicación de técnicas didácticas comúns.
 2. Selección e aplicación de sistemas e instrumentos de avaliación.
 3. Tratamento sistemático das dificultades de aprendizaxe ou atrasos escolares do alumando mediante a organización de apoios didácticos, na aula ou fóra, agrupacións flexibles e a programación de actividades específicas de recuperación, ou de ser preciso, elaboración de ACS ou proposta de flexibilización da idade de escolarización na correspondente etapa.
 4. O cumprimento das normas de convivencia por parte de todos os membros da comunidade educativa, será un obxectivo en si mesmo así como un medio para lograr

valores como o respecto aos dereitos dos demais e a creación dun clima de traballo e convivencia que permita a consecución dos obxectivos educativos programados.

5. Considerarase esencial o traballo en equipo e a formación permanente do profesorado para enriquecer a práctica educativa.
6. Utilizarase unha metodoloxía activa que implique a máxima participación dos alumnos na elaboración das súas propias aprendizaxes, fomentando unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se converta na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes.
7. Admitiranse os seguintes postulados:
 - Respecto á diversidade de ritmos evolutivos e de capacidades intelectuais.
 - Prestar atención á relación educativa e a adquisición de técnicas e contidos básicos.
 - Respecto mutuo, diálogo, reflexión, colaboración e solidariedade.
 - Fomento do traballo do alumno fóra da aula para potenciar novas inxerencias e novas situacións de aprendizaxe.
 - Traballar pola inserción dos alumnos no entorno social no que viven e pola aceptación das diferenzas sen discriminación.
 - Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, raza, ideoloxía, cultura....
 - Traballar activamente para implicar cada vez máis aos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Fomentar a aprendizaxe significativa tomando como referencia os coñecementos previos dos alumnos.
 - Priorizar as técnicas cooperativas e a dinámica grupal no traballo diario, para fomentar a afectividade e a socialización.
 - Poñer todos os medios para alcanzar unha educación personalizada e baseada na atención á diversidade e nos valores democráticos que permita a cada quen conformar a súa identidade.

- Incluir o uso das tecnoloxías da información e comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe
- Fomentar e respectar os tempos de lectura como mecanismo básico de aprendizaxe.
- Continuidade na liña metodolóxicas entre e interciclos.
- Prestar atención á relación entre todos os membros da Comunidade Educativa.

➤ **Xestión Institucional**

- Desenvolvemento dun modelo de xestión democrático mediante a creación dunha estrutura organizativa que permita a efectiva intervención da comunidade educativa na organización e funcionamento do centro.
- Fomento da participación do profesorado nos ámbitos da súa competencia.
- Fomento da colaboración das familias a través dos órganos de participación oficiais (Órganos Colexiados) e asociativos (ANPA)
- Desenvolvemento de canles estruturais que permitan unha efectiva comunicación entre as familias, o profesorado, o equipo directivo e o persoal non docente.

➤ **Escola e sociedade**

O centro será un lugar aberto ao entorno que participe das tradicións culturais e da vida do barrio, ampliando o entorno educativo a fóra do mesmo.

Tratarase de exercer unha función compensadora de desigualdades, empregando os recursos comunitarios dos que se dispoña.

II.- OBXECTIVOS E FINALIDADES EDUCATIVAS

1. FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVOS

Coa finalidade de acadalos ao final da escolarización no Centro, propóñense os seguintes:

- Contribuír ao desenvolvemento pleno da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- Formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, cohesión social, a cooperación e a solidariedade e no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España e

da interculturalidade.

- Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na resolución pacífica dos mesmos.
- Preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida do entorno social, económico e cultural, con actitude crítica e responsable.
- A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e igualdade de trato coas persoas con minusvalideces.
- Preparación para participar activamente na vida social e cultural e fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- Educar na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo.
- Desenvolvemento das capacidades creativas, do espírito crítico e confianza en si mesmo.
- Desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- Adquisición de valores que propicien o respecto e o coidado cara os seres vivos e o medio ambiente.
- Capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais, e nunha lingua estranxeira.
- Adquisición de normas de educación vial.
- Participación e colaboración dos pais e/ou titores para poder acadar os obxectivos educativos.

2. FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS DOS DIFERENTES ÁMBITOS

a. Ámbito Pedagógico

- Respetar as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno.
- Fomentar a iniciativa e a creatividade para que o alumno sexa o protagonista da súa aprendizaxe.

- Fomentar a interacción adecuada entre mestres – alumnos, entre todos os alumnos e co resto do personal.
- Fomentar nos alumnos a observación e os hábitos de estudo, promovendo a autonomía no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Incorporar, na medida do posible, os avances das tecnoloxías á acción docente.
- Fomentar o coñecemento e o uso de técnicas de traballo intelectual.
- Desenvolver interese polo traballo cooperativo, valorando o esforzo individual dentro dun grupo ou equipo.
- Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan confrontar os distintos puntos de vista, tomar decisións colectivas, superar as dificultades mediante o diálogo e a cooperación así como potenciar a axuda mutua.
- Partir, dentro das posibilidades, da propia experiencia do alumno para que as actividades de ensino - aprendizaxe se enxiran dentro das vivencias persoais.
- Potenciar un réxime de coeducación no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, ideoloxía, cultura...
- Potenciar as actividades escolares, complementarias e extraescolares que favorezan a autoeducación do tempo libre.
- Incorporar nas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados co entorno próximo dos alumnos.
- Integrar a avaliación dos alumnos no proceso de aprendizaxe converténdoa nun recurso didáctico máis, coas características de ser continua e individualizada. (Proporcionar ao alumno información da situación na que se atopa o seu proceso de aprendizaxe, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que terá que superar; a tal fin haberá que especificar claramente os obxectivos que se pretenden acadar así como motivalos para que os consigan).

b. Ámbito Institucional

- Impulsar os procesos tendentes á xestión colexiada do centro, favorecendo as iniciativas propostas pola comunidade educativa.
- Colaborar nas iniciativas e actividades promovidas por entidades culturais e sociais do entorno, por organismos oficiais e por outras institucións sen ánimo de lucro.
- Favorecer a creación de grupos de carácter recreativo e cultural por parte da ANPA e a organización das súas actividades no centro.
- Establecer canles que permitan unha fluída e efectiva comunicación entre os membros da comunidade educativa.

c. Ámbito económico- administrativo

- Impulsar, dentro do marco legal vixente, a autonomía na xestión democrática dos recursos asignados ao centro.
- Poñer todos os medios e recursos económicos e administrativos do centro ao servizo da súa finalidade esencial, a formación integral dos alumnos.
- Axilizar todos os trámites propios da actividade administrativa.
- Desenvolver e empregar instrumentos eficaces para a comunicación externa e interna.
- Empregar a lingua galega como vía de comunicación.

d. Ámbito Humano e de Servizos

- Fomentar actitudes que favorezan a integración dos alumnos con situacións especiais.
- Conseguir a implantación e o respecto do R.R.I.

e. De proxección interna e externa

- Fomentar que profesores, pais, traballadores non docentes e alumnos interveñan no control e xestión do Centro.
- Traballar pola participación dos diferentes sectores da comunidade educativa como algo imprescindible para que as decisións dos diferentes Órganos Colexiados sexan suficientemente representativas e efectivas.

- Establecer relacións sistemáticas de colaboración e coordinación co IES Armando Cotarelo Valledor, ao que está adscrito o centro.

f. De formación permanente

- Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente.
- Potenciar no propio Centro proxectos de formación, tratando de implicar a todo o profesorado.

3. VALORES, OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

a. Valores

Na explicitación de valores terase en conta que van condicionar toda a actividade a realizar no colexio por todos e cada un dos membros da comunidade educativa.

Por iso a selección, definición e concreción de valores en obxectivos e normas escolares é fundamental. pero sempre partindo da idea que todo canto se defina e recolla no PE deberá ser coñecido e asumido por todos.

Partindo do respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e dos principios recollidos no artigo 1 da LOE, a meta é lograr un ensino de calidade e en liberdade, capaz de dar resposta ás necesidades formativas dos alumnos, e o desexo de contribuír ao desenvolvemento dunha educación integral, o PE pretende fomentar:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A adquisición de actitudes tolerantes e solidarias ten no colexio un interese particular debido ás diferenzas culturais e nalgúns casos lingüísticas que son frecuentes entre o alumnado así como polos alumnos con NEAE que se escolarizan no centro.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- O respecto polo Medioambiente.

Os valores teñen que estar presentes en todas e cada unha das actividades que se realizan no centro e que se desenvolven e traballan dunha maneira máis específica e concreta a través dos contidos actitudinais (valores, actitudes e normas) en:

- ❖ Cada un dos bloques de contidos das áreas curriculares.
- ❖ Os contidos transversais integrados en cada unha das áreas.

Consideramos prioritarios "**macrovalores**", a partir dos cales se traballarán no Centro todos os demais sendo comúns ás dúas etapas. Son os seguintes:

- ✓ Desenvolvemento da autonomía.
- ✓ Respecto a:
 - Membros da Comunidade Educativa.
 - Á diversidade.
 - Outras linguas e culturas.
 - Patrimonio Cultural.
 - Medio Ambiente no que vivimos
 - Saúde
- ✓ Práctica do espírito crítico.
- ✓ Valoración do esforzo persoal e colectivo
- ✓ Creación dunha imaxe real e positiva de si mesmos.
- ✓ Coñecemento e práctica dos aspectos que conlevan o traballo en grupo e normas que o rexen
- ✓ Aprecio polos valores básicos que rexen a vida e a convivencia. É intención primordial o fomento do respecto, a tolerancia, e o diálogo e a aceptación de desigualdades como valores fundamentais.

- ✓ Coeducación en todos os niveis.

A partir destes traballaranse outros valores como: confianza, tolerancia, solidariedade, esforzo, amizade, cooperación, non violencia e paz, iniciativa creadora, crítica construtiva,...

Os valores traballaranse sistematicamente por ciclos dende todas as áreas e conxuntamente por todo o centro aproveitando as actividades programadas para días conmemorativos, tales como: Día da Paz, Día do Libro, Constitución e Estatuto de Autonomía, Día da árbore... segundo se concrete anualmente na PXA.

b. Metas educativas

- O pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos en todos os ámbitos: persoal, familiar, social e intelectual.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- O desenvolvemento dunha competencia lingüística plena en castelán e en galego así como a capacitación, acorde coas idades, para a comunicación en inglés.
- A adquisición dun coñecemento das culturas española e galega que posibilite aos alumnos a súa integración, como cidadáns de pleno dereito.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade.
- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

c. Prioridades de actuación

Considerando as características do entorno social e cultural do centro, os intereses e as expectativas dos alumnos e das familias, así como as metas educativas a acadar fixamos as seguintes prioridades de actuación:

- Atender adecuadamente á diversidade do alumnado.
- Potenciar a lectura comprensiva e expresiva en todas as áreas.
- Coidar a expresión oral e escrita (galego, castelán e inglés) para que contén un vocabulario o máis amplo posible e sexan capaces de expresar con claridade o propio pensamento.
- Capacitar aos alumnos para o uso das tecnoloxías da información e a comunicación como medios de aprendizaxe e/ou investigación en todas as áreas do currículo.

d. Principios da actividade educativa e aplicación

A actividade educativa desenvolverase atendendo aos seguintes principios:

- a. A formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores en todos os ámbitos da vida (persoal, familiar, social,...)
- b. As programacións didácticas atenderán todos os aspectos relativos ao currículo e medidas de atención á diversidade para os alumnos que precisen un tratamento específico de acordo ás súas necesidades.
- c. A participación e colaboración dos pais ou titores para contribuír á mellor consecución dos obxectivos educativos.

Participarán do seguinte xeito:

- Exercendo o seu dereito de ser candidato e/ou elector nas eleccións ao Consello Escolar e participando activamente nas decisións do centro a través de el.
- Como membros, se o desexan, da ANPA legalmente constituída.
- Visitando aos titores/profesores, na hora sinalada ao efecto ou noutra concertada previamente, para coñecer todo o relativo ao proceso de ensino-aprendizaxe do seu fillo.
- Colaborando nas propostas concretas dalgúns dos equipos do centro: EDL, equipo da biblioteca, etc.

- As relacións entre pais e profesorado, por tratarse de persoas que colaboran, desde distintos ámbitos, nas tarefas educativas, deberán basearse no mutuo respecto e axuda para lograr as metas propostas, que son de interese común.
- d. A efectiva igualdade de dereitos, o rexeitamento a todo tipo de discriminación, e o respecto a todas as culturas, sempre que estas respecten os dereitos humanos.
- O centro terá sempre presente a igualdade dos alumnos de ambos sexos á hora de programar as súas actividades, non discriminando a ninguén por razón de sexo ou outra condición.
 - Empregarase unha linguaxe non sexista, aínda que non se considerará actitude discriminatoria o emprego de termos xenéricos segundo as normas gramaticais usuais.
- e. Desenvolvemento das capacidades creativas e do espírito crítico.
- O centro dará cabida nas súas actividades a todas as que poidan desenvolver a capacidade creativa dos alumnos, fomentándoa a través de concursos, concertos,...
 - Estimulará o espírito crítico presentando feitos analizados desde diversos puntos de vista. Á hora de abordar temas que van ser obxecto de crítica por parte do alumnado teranse en conta as idades.
- f. Fomento dos hábitos de comportamento democrático.
- Tendo o centro o obxectivo fundamental de formar persoas para que convivan en sociedade os alumnos teñen que habituarse a desenvolver actitudes e valores que prevalezan en todas as circunstancias. Entre estes valores está o respecto aos demais e adquirir un comportamento democrático: oír e escoitar as opinións dos demais, debater con orden analizando os pros e contras, non tomar decisións precipitadas,...
- g. A formación estará baseada no esforzo e no traballo individual do alumno, como medios para obter os niveles de aprendizaxe esixidos.

- Sendo o ensino o primeiro instrumento de igualdade e cohesión social, no sentido de que debe outorgar idénticas posibilidades a todos, non se debe tender a un ensino “unificador” no que se presupón que todos os alumnos deben obter resultados similares, senón ter en conta a diversidade.
 - Non se pode presupór un descoñecemento dunha sociedade competitiva e en transformación na que o traballo, o esforzo persoal, a iniciativa e a responsabilidade individual, representan un papel esencial no futuro rol social.
 - A autonomía pedagóxica dentro dos límites establecidos pola normativa vixente.
 - A atención psicopedagóxica e a orientación: realizaranse estudos psicopedagóxicos aos alumnos que o precisen a petición do profesorado ou por petición dos pais ou doutra institución, despois de ser estudada polo orientador do centro.
 - A metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de ensino - aprendizaxe. A metodoloxía será activa e motivadora, asegurando a participación do alumnado nas actividades. Fomentarase no alumnado a capacidade de expoñer publicamente opinións e coñecementos, de escoitar con atención e respecto aos demais e de debater ordenadamente.
 - O colexio facilitará que os alumnos se familiaricen coas novas tecnoloxías (medios audiovisuais e informáticos), e os empreguen de maneira racional.
- h. O traballo en equipo: o anterior non impedirá a aportación desa capacidade de esforzo e traballo individual ao traballo en equipo, que será esencial para construír a aprendizaxe, baseada na consecución das competencias básicas.
- i. A avaliación de todo o proceso e axentes indicados no apartado de avaliación.
- j. A relación co entorno social, económico e cultural.
- Manteranse relacións institucionais cos organismos do entorno que teñan conexión coa actividade educativa. Poderán organizarse actividades conxuntas, colaborando en actividades e programas promovidos por elas, informando ao

alumnado e familias de actividades que organicen outras institucións que poidan ser do seu interese, independentemente do ámbito de realización.

- Procurarase que os alumnos coñezan o entorno cultural no que está inmerso o Centro, para que poidan coñecer, entender e valorar a nosa cultura, comparala con outras e as diferencien e respecten. Facilitaranse mediante diversas actividades as relacións sociais, ben entre alumnos do propio centro ou ben con outros centros a través de actividades conxuntas.
- A formación no respecto e defensa do medio ambiente.
- Fomentaranse hábitos de consumo responsable e aproveitaranse as diferentes actividades fóra do centro para tratar de que observen que o mantemento do medio ambiente non ter porque estar en contradición co desenvolvemento económico e industrial. Así mesmo tratarase de que observen os aspectos daniños e como se pode contribuír a recuperalo. Terase en conta, no entorno urbano, a riqueza e o respecto do patrimonio histórico.

III.- OFERTA EDUCATIVA E DE SERVIZOS E SOLUCIÓNS ORGANIZATIVAS

1. OFERTA EDUCATIVA E DE SERVIZOS

- Ensino de idioma estranxeiro (Inglés) dende educación infantil 3 anos,e sección bilingüe de inglés impartindo plástica en inglés no terceiro ciclo de primaria.
- Servizo de préstamo do fondo bibliográfico da biblioteca do centro.
- Educación Física no ximnasio ou na pista polideportiva.
- Psicomotricidade en Educación Infantil.
- Aulas específicas para o ensino da música, lingua estranxeira e de relixión católica.
- Aula de medios audiovisuais, como apoio ao proceso de ensino- aprendizaxe.
- Aula de informática do centro con Pizarra dixital Interactiva.
- Ordenador en todas as aulas con acceso a internet e 6 delas con PDI como complemento didáctico.

- Servizo de apoio de orientación (dous días á semana) e atención ao alumnado con NEAE.
- Transporte escolar subvencionado.
- Comedor escolar, con servizo de cátering.
- Biblioteca titorizada en horario de tarde de 16:00 a 18:00 horas e en tempos de recreo.
- Oferta de actividades complementarias e extraescolares.

2. SOLUCIÓNS ORGANIZATIVAS SOBRE:

- a. **Avaliación de alumnos:** O alumnado accederá ao ciclo educativo ou etapa seguinte sempre que se considere que acadou as competencias básicas correspondentes e o adecuado grao de madurez, respectando, en todo caso as casuísticas persoais.

➤ Educación Primaria

O comezo de cada ciclo realizarase unha avaliación inicial do alumnado.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora. Terá en conta o seu progreso no conxunto de todas as áreas do currículo. Levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo recollidos todos eles no Decreto 130/2007 e na concreción feita polo centro. Os criterios de avaliación das áreas serán referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas como da consecución dos obxectivos. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación continua ten carácter formativo e permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo para todo o alumnado en función das necesidades que deriven da avaliación do proceso educativo. Estas medidas adoptaranse desde o momento en que se identifiquen e en calquera momento do ciclo, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo. Os resultados e as observacións relativas ao proceso de avaliación do alumnado consignaranse nos documentos que se determinan na Orde do 23 de novembro de 2007. Os resultados da avaliación expresaranse nos seguintes termos: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaínte (SB). Considérase cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes .

b. Atención Educativa

- Os alumnos que non opten polo estudo da relixión e moral católica recibirán atención educativa
- Como norma xeral serán atendidos preferentemente polos profesores titores e non poderán realizar, neses tempos, actividades curriculares, deberes, etc. Si traballo sobre valores, concursos.
- Óptase por actividades relacionadas coa lectura e biblioteca, dependendo das idades
 - a. Os máis pequenos con actividades de iniciación á lectura: contos, escoitar historias,...
 - b. Os de primaria, actividades de apoio á biblioteca: colaboración na realización de rótulos, etiquetado e rexistro, decoración e ambientación, lecturas dirixidas, exposicións puntuais....

c. Adscrición do profesorado

- Respetar en todo caso o posto de traballo e/ou a especialidade que cada mestre teña asignado pola súa adscrición ao centro.
- Respetar o dereito de cada grupo de alumnos a manter o mesmo titor durante todo o ciclo, incluíndo, o 2º ciclo da educación infantil. E evitar na medida posible que un grupo de alumnos permaneza máis de un ciclo co mesmo titor/a en primaria.
- No suposto de que no centro haxa varios mestres aspirantes ao mesmo ciclo ou curso, a proposta de adscrición farase de acordo coa seguinte orde de prioridades:
 - Maior antigüidade como propietario definitivo no centro.
 - Maior antigüidade no corpo como funcionario de carreira.
 - Menor número de rexistro persoal ou de orde de lista, se é o caso.

Excepcionalmente, cando a xuízo do equipo directivo existisen razóns pedagóxicas suficientes para obviar o criterio de permanencia co mesmo grupo de alumnos no ciclo, o Director disporá a asignación do mestre ou mestres afectados a outro ciclo, curso, área ou actividade docente, oídos o interesado e o claustro, e coa conformidade da inspección educativa.

Enviarase ao servizo de inspección -no prazo máximo de 5 días- copia da acta do claustro no que se realice a adscrición.

Os mestres poderán interpoñer recurso diante do Delegado Provincial contra a adscrición nun prazo de 10 días.

e. Xuntanzas coas familias

No primeiro trimestre do curso académico os profesores, de cada etapa, realizarán conxuntamente a primeira reunión cos pais/titores de alumnos. Nesta reunión, a persoa designada explicará, entre outros temas, as normas polas que se rexe o Centro, de acordo cos seguintes criterios:

- Canles de comunicación entre profesores e pais.
- Horario de atención aos pais e normas no suposto de que non se poidan respectar.
- Ausencia á clase e xustificación das faltas, así como as faltas de puntualidade e a súa xustificación.
- Explicación dos criterios de avaliación.
- Envío trimestral de boletíns informativos, dos que os pais/ titores teñen que responsabilizarse da súa sinatura e devolver o correspondente xustificante.
- Proporcionar información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo, etc.
- Tarefas, normas... para colaborar no fomento da convivencia.

IV.- ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

1. ÓRGANOS DE GOBERNO

A nivel interno o Centro conta cos seguintes órganos:

a. Equipo Directivo (artigo 131 da LOE)

- O equipo directivo, órgano executivo de goberno dos centros públicos, está integrado, actualmente, polo Director, Xefe de Estudos e Secretario.
- O equipo directivo traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións, conforme ás instrucións do Director e as funcións específicas legalmente establecidas.
- O Director, previa comunicación ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar, formulará proposta de nomeamento e cese á Administración educativa dos cargos de Xefe de Estudos e Secretario de entre os profesores con destino no centro.
- Todos os membros do equipo directivo cesarán nas súas funcións ao termo do seu mandato ou cando se produza o cese do Director.

As competencias do Director están recollidas no artigo 132 da LOE.

En casos urxentes e excepcionais, as decisións serán tomadas polo Equipo Directivo en coordinación coa comisión de asuntos urxentes ou permanente, informando posteriormente ao Consello Escolar.

b. Órganos Colexiados

(O réxime de funcionamento dos Órganos Colexiados recóllese no RRI)

b.1.- Consello Escolar

Órgano a través do que participan na xestión do centro os distintos sectores da comunidade educativa. Elixido ao amparo da lexislación vixente [(Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino escolar), (Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria), (Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria) e (Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitaria). O proceso de elección/renovación dos seus membros levarase a cabo no primeiro trimestre do curso que corresponda, de acordo coas datas establecidas pola Consellería de Educación e O.U.

Este Órgano ten as seguintes atribucións (artigo 127 da LOE)

- a).- Avaliar e aprobar os proxectos e as normas ás que se refire o capítulo II do título V desta Lei (PEC, proxecto de xestión, recursos, normas de organización e funcionamento, PXA,...).
- b).- Aprobar e avaliar a programación xeral anual (PXA) do centro sen prexuízo das competencias do Claustro de profesores, en relación coa planificación e organización docente.
- c).- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d).- Participar na selección do Director do centro nos termos que esta Lei establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría dos dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do Director.
- e).- Decidir sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido na presente Lei e disposicións que a desenvolvan.
- f).- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo Director correspondan a condutas do alumno que prexudiquen gravemente a convivencia do centro. O Consello Escolar, a instancias de pais ou titores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- g).- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- h).- Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar e aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i).- Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j).- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- k).- Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- l).- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Administración educativa.

- **Composición:** está acorde coa normativa vixente. É a seguinte:
 - Director, que será o seu Presidente
 - Xefe de Estudos
 - Cinco representantes do profesorado elixidos polo Claustro.
 - Cinco representantes de pais, elixidos por este sector. Un deles proposto pola ANPA.
 - Un representante do persoal de Administración e Servizos
 - Un representante (Concelleiro) do Excmo. Concello de Vilagarcía
 - O secretario do centro que actuará como secretario do mesmo, con voz pero sen voto.

b.2.- Órganos e Comisións do Consello Escolar

No seo do Consello Escolar, están en funcionamento os seguintes órganos e comisións:

➤ **Comisión Económica**

Constituída por un pai, un mestre, o Director e o secretario. Ten como misión fundamental a xestión racional dos recursos materiais dos que dispón o centro e informar ao Consello Escolar sobre cantas materias de índole económica se lle encomenden.

➤ **Comisión de Asuntos urxentes ou Permanente**

A súa misión é tomar decisións, en situacións extremas, e que non permitan, pola urxencia do tema, convocar Consello Escolar. Integrada polos tres membros do equipo directivo e polo Presidente da ANPA ou, no seu defecto un pai/nai, membro do Consello Escolar, de fácil localización. As decisións que se tomen serán comunicadas ao representante do Concello neste Órgano Colexiado. Así mesmo, e no caso de suspensión das clases, comunicaráselle ao Sr. Delegado Provincial da Consellería de Educación e O.U. A comunicación ao profesorado e aos pais/nais/titores de alumnos, de ser posible, realizarase por escrito.

b.3.- Claustro

O claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

O Centro conta con profesorado especialista habilitado para todas as ensinanzas que imparte.

O Claustro presidirao o Director e está integrado pola totalidade dos profesores que prestan servizos no centro. Constituirá o eixe de cooperación e de toma de decisións de carácter pedagóxico e docente. Será informado puntualmente sobre os diferentes aspectos que poidan incidir no funcionamento do Centro.

As súas competencias recóllense no artigo 129 da LOE. Son as seguintes:

- a) Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos Proxectos do Centro e da Programación Xeral Anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da Programación Xeral Anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir aos seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do Director nos termos establecidos por esta lei.
- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- h) Emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- j) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

k) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

Así mesmo teranse en conta as subliñadas no Decreto 374/1996 (do 17 de outubro) e na Orde que o desenvolve (22 de xullo de 1997) mentres sigan vixentes e non entren en contradición coa LOE.

c.- Órganos de coordinación docente

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica**
- **Equipos de ciclo. Funcións xerais. Coordinadores**
- **Equipo de actividades complementarias e extraescolares**
- **Equipo de Dinamización Lingüística**
- **Equipo de Biblioteca**
- **Equipo de medios tecnolóxicos e da comunicación**
- **Equipo de Medio Ambiente**

C.1.- Comisión de Coordinación Pedagóxica

Integrada polo Director, como presidente; o Xefe de Estudos; os coordinadores de Ciclo; o profesorado de apoio a alumnos con N.E.A.E. e o coordinador do Equipo de Dinamización Lingua Galega. De secretario actuará un membro da Comisión, designado polo Director, oídos os restantes membros.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reunirse cunha periodicidade mensual e celebrará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso, outra ao remate e cantas se consideren necesarias.

A Comisión deberá establecer durante o mes de setembro, e antes do inicio das actividades lectivas, un calendario de actuacións para o seguimento e avaliación das programacións de etapa e das posibles modificacións, que poidan producirse, como resultado da avaliación.

As súas competencias son as seguintes:

- a) Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración das concrecións curriculares.
- b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, as concrecións curriculares e a PXA.
- d) Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das ACS.
- e) Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ao centro de Formación Continuada do Profesorado.
- f) Realizar, de ser o caso, a proposta ao Xefe de Estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- g) Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de normalización e dinamización lingüística, biblioteca e TIC.
- h) Cooperará cos profesores do Centro en programas axeitados para ensinar a pensar, a estudar, e a mellorar a interacción entre alumnos e profesores.
- i) Elaborar conxuntamente co equipo de profesores estratexias para fomentar a autoestima dos alumnos, a convivencia, a ampliar as dimensións transversais do currículo (educación para a paz, educación para a saúde, coeducación, etc.) mediante charlas, coloquios, vídeos e actividades lúdicas.
- j) Coordinarase co Orientador, profesorado de apoio, de apoio á integración, etc., nos casos de alumnos que manifesten necesidades educativas especiais ou de inadaptación escolar ou social.
- k) Elaborar propostas de realización de actividades complementarias e extraescolares.

c.2 Observatorio de convivencia

Constituído de acordo co Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG 08/05/2007) e coas instrucións recibidas da

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Funcionará en pleno e reunirse prescriptivamente unha vez ao trimestre en sesión ordinaria. A súa composición é a seguinte (artigo 7):

- Director que actúa de Presidente.
- Xefe de Estudos, como Vicepresidente.
- Dous representantes do profesorado.
- O Representante da ANPA, ou no seu defecto o pai con maior número de votos como representante do Consello Escolar.
- Unha persoa representante do alumnado.
- Unha persoa que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

NOTA: As súas funcións recóllense no plan de convivencia.

2. Comisión de Convivencia: constituída no seo do Consello Escolar está integrada por:

- Director
- Xefe de Estudos
- Por parte do profesorado: dous profesores do mesmo nivel educativo e no seu defecto do mesmo ciclo.
- Por parte dos pais: polo representante, no Consello Escolar, nomeado pola ANPA e por outro pai elixido/proposto polo sector. De non haber representante da ANPA ocupará o seu posto o pai que acadara maior número de votos nas eleccións a representantes do Consello Escolar.

NOTA: As súas funcións recóllense no plan de convivencia.

c.3.- EQUIPOS DE CICLO

Están integrados por os mestres que imparten docencia nel. Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do Xefe de Estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

Os ciclos serán catro: un en Educación Infantil e tres en educación Primaria.

Os Equipos de Ciclo reuniranse ao menos unha vez cada mes, segundo o calendario proposto para cada curso escolar e cantas veces mais sexan convocados ou o consideren oportuno. Todos os profesores teñen a obriga de asistir ás reunións.

Periodicamente as reunións terán por obxecto avaliar o desenvolvemento da práctica docente e aplicar as medidas correctoras que esa avaliación aconselle. Un resumo do tratado nestas reunións será recollido nas actas correspondentes redactadas polo coordinador de ciclo.

Para facer posible o cumprimento destas tarefas e facilitar as reunións periódicas entre todos os mestres, na P.X.A. incluírase o calendario de reunións de todos os equipos, independentemente de que poidan variarse en función das necesidades.

En cada trimestre e ao final de curso, os equipos de ciclo e profesorado especialista recollerán nunha memoria a avaliación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria, redactada polo coordinador de ciclo, coas aportacións feitas polos compoñentes do mesmo, será entregada na secretaría do centro nas datas fixadas pola dirección e en todo caso 15 días antes da data fixada para as reunións de claustro. Estas memorias teranse en conta para a realización do P.X.A. do próximo curso.

Funcións xerais dos Equipos de Ciclo

De acordo coas directrices fixadas polo Claustro de Profesores, realizarán, polo menos, as seguintes funcións:

- a) Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración das concrecións curriculares de etapa ou modificación das mesmas.

- c) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- d) Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.
- e) Revisar as programacións verticais das diferentes áreas e adaptalas aos distintos ciclos e niveis. Proceder á súa avaliación e establecer, se é o caso, as medidas correctoras oportunas.
- f) Diseñar e elaborar, se é o caso, material didáctico e propoñer a adquisición daquel que non poida elaborarse e se considere conveniente adquirilo.
- g) Propoñer a adopción dos libros de texto e demais material complementario, como elemento auxiliar para a aplicación da programación elaborada.
- h) Coordinación do uso de recursos didácticos.
- i) Promover o intercambio de experiencias e iniciativas no ámbito de experimentación e innovación pedagóxica.
- j) Fixar criterios para a avaliación do alumnado, para a súa recuperación e para a elaboración de programas de desenvolvemento individual.

Coordinadores

Cada un dos equipos de ciclo estará dirixido por un coordinador que desempeñará o seu cargo durante dous cursos académicos. Serán designados polo Director, oído o equipo de ciclo. Deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo, preferentemente, con destino definitivo e horario completo no centro.

Correspóndelle ao coordinador de ciclo:

- Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- Convocar e presidir as reunións do equipo de ciclo.
- Participar na elaboración da concreción curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- Coordinar as funcións de titoría dos alumnos de ciclo.
- Coordinar a ensinanza no correspondente ciclo de acordo coa concreción curricular

- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elaboren os informes trimestrais e a memoria final de curso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
- Aquelas outras funcións que lle encomende o Xefe de Estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ao reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.

Os coordinadores de ciclo cesarán nas súas funcións ao final do seu mandato ou ao producirse algunha das causas seguintes:

- Renuncia motivada aceptada polo Director, oído o equipo de ciclo.
- Revogación polo Director por proposta do equipo de ciclo mediante informe razoado, con audiencia do interesado.
- Cando algún coordinador cese antes de finalizar o prazo para o que foi nomeado, o Director nomeará un profesor que o substitúa ata o 30 de xuño, de acordo co procedemento sinalado no artigo 55º do Decreto 374.

C.4.- equipo de actividades complementarias e extraescolares

Estará integrado polo seu xefe e para cada actividade concreta, polos profesores que participan nela, variando o número de participantes segundo a actividade que se realice en cada momento.

O obxectivo prioritario do Equipo de Actividades complementarias e extraescolares é o de planificación e organización das actividades a levar a cabo de xeito coordinado e consensuado entre a Xefatura de Estudos, o Coordinador do propio Equipo, os Coordinadores de Ciclo e os titores dos alumnos implicados ou calquera outro equipo constituído no centro.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares será un profesor, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o Director por proposta do Xefe de Estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica. O xefe do equipo de actividades

complementarias e extraescolares actuará baixo a dependencia directa do Xefe de Estudos e en estreita colaboración co equipo directivo. Será nomeado por un período de dous anos e cesará ao producirse algunha das circunstancias previstas no artigo 59º do Decreto 374.

Cando o cese sexa anterior á finalización do prazo para o que foi designado, o Director nomeará de acordo co procedemento sinalado no artigo 66º do mencionado Decreto un profesor ata o 30 de xuño.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- c) Proporcionarlles aos alumnos e aos pais a información relativa ás actividades do equipo.
- d) Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais.
- e) Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos.
- g) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- h) Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do consello escolar.
- b) Autorización escrita dos pais ou titor legal.

c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos.

Os centros facilitarán e promoverán a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os seus representantes no consello escolar, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares

O plan de traballo consiste en coordinar as actividades plásticas, literarias, musicais e deportivas nas que participe o Centro, incluíndo as de ambientación para as festas que se celebran nel, así como colaborar na organización do uso da biblioteca do Centro, dos medios audiovisuais, das diferentes campañas, das distintas saídas, etc.

Das actividades a realizar, algunhas serán de carácter prescriptivo a proposta da Administración Educativa (conmemoracións). Outras poderán proceder tanto de iniciativas xurdidas no propio Centro como de propostas de Institucións externas ao mesmo. Colaborará na organización de todas elas e, ademais, será o encargado de organizar as actividades propostas na Programación Xeral Anual.

A nivel de procedemento, solicitarase ao comezo do curso, para as saídas contempladas no P.X.A e as que se oferten con posterioridade e se consideren de interese didáctico dentro do Concello de Santiago, autorización escrita e asinada polos pais ou titores dos alumnos para a participación destes en todas as actividades que se vaian desenvolver e que impliquen a saída do Centro. Así mesmo solicitarase autorización para ser fotografados ou gravados en vídeo nas diferentes actividades e saídas que se realicen, dentro ou fóra do recinto escolar.

No suposto de que existan alumnos aos que non se lles autorice a saída, e se o número é reducido incorporaranse a outra aula, preferentemente do mesmo ciclo, sempre e cando non haxa un profesor dispoñible.

C.5.- Equipo de Dinamización Lingua Galega

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística estará constituído, como mínimo, por un profesor de cada ciclo a proposta da comisión de coordinación pedagóxica. Un destes profesores actuará de coordinador. Será nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo e

desempeñará as súas funcións durante dous anos. Preferentemente terá destino definitivo no centro. Poderán incorporarse, para temas puntuais, outros membros da comunidade educativa. A finalidade fundamental será potenciar o uso da lingua galega.

➤ **Son competencias do equipo:**

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a. Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellor a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Propoñer o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

➤ **Son competencia do coordinador:**

- Colaborar na elaboración das concrecións curriculares das etapas.
- Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

- Traballar en colaboración cos outros equipos e coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.

➤ **Plan de traballo**

O plan de traballo fai referencia a dous puntos claves:

1.- Plan xeral para o uso do idioma:

- Redacción de documentos en galego.
- Usar a cotío no centro a lingua galega.
- Elaboración de textos en galego.
- Adquisición do gusto pola nosa lingua.
- Coñecemento da lingua galega.
- Emprego do galego en todas as materias posibles, tanto falado como escrito

2.- Plan específico para o ensino da Lingua Galega

- As materias que se impartirán en galego son:
 - Lingua Galega
 - Educación Musical
 - Relixión
 - Coñecemento do Medio
- As materias que se imparten en Lingua Castelán:
 - Ligua Castelán
 - Educación Física
 - Matemáticas
 - Plástica (en 5º e 6º de primaria impartirase en Inglés por ter a sección bilingüe)
- Organízanse diferentes actividades conxuntamente con outros equipos

C.6.- equipo de biblioteca

Coordinador/ responsable: será un profesor que se nomeará ao principio de curso. De ser posible será un profesor con destino definitivo no centro designado polo Director, e oído o claustro. Para a designación do responsable terase en conta:

Que teña preferentemente formación específica e de ser posible experiencia no traballo co programa de xestión de bibliotecas “meiga” e a súa aplicación didáctica e dispoñibilidade horaria.

As competencias do equipo terán por finalidade:

- Coordinar e dinamizar o uso da biblioteca do centro
- Recompilar e tratar a documentación
- Asegurar a organización, mantemento, e adecuada utilización dos recursos documentais e da Biblioteca do Centro.
- Difundir materiais didácticos e información administrativa, pedagóxica e cultural entre os mestres e os alumnos.
- Ter ao día o inventario dos fondos bibliográficos do centro
- Facilitar os medios para a óptima utilización da biblioteca
- Establecer un calendario e un horario de uso da mesma
- Establecer canles de comunicación con outros centros documentais externos e outras institucións fundamentalmente do entorno social e cultural do colexio
- Asesorar na compra de novos materiais e fondos para a biblioteca.
- Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e ocio.
- Elaboración do plan anual de lectura.

Os obxectivos:

- Organizar a biblioteca escolar como un espazo próximo ao coñecemento onde se estruturen os distintos recursos e soportes do saber actual, con capacidade para fomentar a lectura, acercarse ás tecnoloxías da información e da comunicación e ás distintas fontes do saber e do coñecemento.

- Organizar o uso da biblioteca para que sirva de instrumento para o desenvolvemento das distintas propostas do centro e de cada unha das súas áreas curriculares e, máis concretamente, da lectura e da escritura.
- Estender o uso da mesma ao horario extraescolar e a toda a comunidade educativa.
- Continuar coa mellora do seu espazo e infraestrutura de modo que sexa o lugar idóneo para o estudo e a investigación.
- Dotar á biblioteca do equipamento informático necesario, de modo que se converta nun auténtico espazo virtual de recursos, catálogos e información.
- Aumentar e actualizar permanentemente os fondos bibliográficos, os xogos e materiais que axuden a fomentar o gusto pola lectura e a escritura.

Optimizar os horarios de atención e uso da biblioteca formando un responsable de biblioteca con tempo suficiente para dedicarse á mesma.

- Formar ao profesorado no uso da biblioteca escolar.
- Catalogar os fondos existentes dun modo adecuado e empregando sempre o programa de xestión MEIGA.
- Poñer o Proxecto Lector e o uso da biblioteca a disposición de todos os proxectos do centro.
- Colaborar na promoción da lectura como medio de información, entretemento e ocio.

C.7.- equipo de medios tecnolóxicos e da comunicación

O coordinador será un profesor nomeado pola dirección, preferentemente con destino definitivo no centro.

Presentará un plan de traballo, preferentemente bianual, sobre a proposta de traballo que terán como finalidade:

- Coordinar e dinamizar a integración curricular das TIC no centro.
- Fomentar a utilización por parte do resto dos mestres das tecnoloxías audiovisuais ou informáticas na súa actividade docente.

- Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro e velar polo seu cumprimento.
- Elaborar/revisar ao principio de curso o proxecto de traballo a incluír na P.X.A., así como a memoria anual das actividades realizadas.
- Coordinar as actividades que se realicen no Centro en relación co uso destes medios.
- A supervisión da instalación, configuración e desinstalación do software de finalidade curricular.
- Asesorar ao profesorado sobre materiais curriculares en soporte multimedia, o seu uso e estratexia de incorporación á programación didáctica.
- Realizar a análise de necesidades do centro en relación coas TIC.
- Colaborar co centro de formación na elaboración dun itinerario formativo no centro que dea resposta ás necesidades formativas, que neste ámbito, teña o profesorado.
- Apoio e asesoramento ao profesorado sobre a decisión e uso de sistemas de axudas técnicas de acceso as tecnoloxías dos alumnos con NEE.

O horario do coordinador en tempo lectivo, para esta función, estará acorde coas orientacións indicadas pola administración educativa.

C.8.- outros

➤ Profesorado. As súas funcións

As funcións do profesorado, que realizarán baixo o principio de colaboración e traballo en equipo, son, entre outras, as seguintes (artigo 91 da LOE):

- a) A programación e o ensino das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de ensino.
- c) A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.

- d) A orientación educativa, académica dos alumnos, en colaboración, de ser o caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- e) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f) A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.
- g) A contribución a que as actividades do centro se leven a cabo nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática.
- h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos, así como a orientación para a súa cooperación neste.
- i) A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- j) A participación na actividade xeral do centro.
- k) A participación nos plans de avaliación que determinen as administracións educativas ou os propios centros.
- l) A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensino correspondente.

➤ **Profesores tutores**

A tutoría e orientación dos alumnos formarán parte da función docente. O Xefe de Estudos coordinará o traballo dos tutores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

Cada grupo de alumnos terá un mestre tutor que será designado polo Director a proposta do Xefe de Estudos. A tutoría de cada grupo de alumnos, recaerá preferentemente no mestre que teña maior horario semanal con ese grupo. Ao Xefe de Estudos, Secretario e Director adxudicaráselle as tutorías en último lugar, por este orde e só se é estritamente necesario.

O profesor titor manterá unha relación permanente coas familias do alumnado, atendendo á conciliación profesional e familiar, teraas informadas sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio - educativa dos seus fillos e escoitaraas naquelas decisións que afecten a orientación académica dos seus fillos, sen prexuízo, se é o caso, das competencias do Departamento de Orientación.

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe de Estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, aos alumnos e aos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo, ...
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza - aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades planificadas polo centro.
- h) Orientar aos alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao equipo de profesores que inciden no grupo, das características do grupo de alumnos especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.

- m) Organizar e presidir as sesións de avaliación
- n) Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo da audiencia dos pais ou titores..
- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- p) Colaborar cos demais titores no marco da concreción curricular do centro.
- q) Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar aos alumnos do grupo, aos pais e aos profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos nas dúas linguas oficiais.
- s) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- t) Exercer a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- u) Cumprimentar os documentos relativos ao seu grupo de alumnos.
- v) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados aos pais ou titores e ao Xefe de Estudos.
- x) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.
 - O horario do profesor titor incluírá unha hora complementaria semanal para a atención aos pais. Esta hora será os martes de 16:00 a 17:00 horas. Comunicaráselle aos pais dos alumnos ao comezo do curso académico. Así mesmo, e en caso de incompatibilidade horaria por parte das familias, facilitará as entrevistas noutros tempos.

- Os titores, coordinarán a súa labor a través das correspondentes reunións. Así mesmo realizarán, de ser o caso, as reunións oportunas por niveis.
- Realizarán a correspondente coordinación cos Equipos de actividades Complementarias e Extraescolares, de Normalización e Dinamización Lingüística, de biblioteca, TIC,... en estreita relación coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Serán os responsables de cumprimentar e enviar o informe escrito ás familias, como mínimo unha vez ao trimestre, así como de recoller e comprobar os xustificantes de recepción.
- O Xefe de Estudos coordinará os traballos dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento do plano de acción titorial.

➤ **Profesores especialistas e non titores. Funcións**

- Educación Física: imparte a área na etapa da Educación Primaria e Educación Infantil
- Idioma Estranxeiro (INGLÉS): impártese a todo o alumnado do Centro, por estar o centro acollido ao proxecto de anticipación da primeira lingua estranxeira - Inglés.
- Educación Musical: imparte a área de Música na Etapa da Educación Primaria e en EI
- Profesorado de PT e AL: atenden as necesidades de todo o alumnado do centro.
- Profesorado de Relixión e Moral Católica: Dúas mestras imparten a área en Educación Infantil e Educación Primaria.

As **funcións** do profesorado especialista e do profesorado que non ten asignada titoría son as seguintes:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial colaborando cos profesores titores.
- b) Participar no proceso de avaliación dos alumnos dos diferentes grupos.
- c) Atender as dificultades de aprendizaxe dos alumnos para proceder á adecuación persoal do currículo.
- d) Facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do Centro.

- e) Orientar e asesorar aos alumnos sobre as súas posibilidades educativas na área respectiva.
- f) Colaborar na orientación educativa.
- g) Encauzar os problemas e inquietudes dos alumnos.
- h) Informar aos profesores tutores do grupo de todo o que lles concirna con relación ás actividades docentes e ao rendemento académico dos alumnos.
- i) Atender e coidar, xunto co resto dos Profesores do Centro, aos alumnos nos períodos de recreo, nas entradas e saídas do centro e nas actividades complementarias e extraescolares que programe o Centro.
- j) Non deixar solos aos alumnos en ningún espazo do centro.
- k) Facer propostas de actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa súa área.

➤ **Profesorado de PT e AL. Funcións específicas**

Profesorado de AL

Actividades específicas de logopedia tales como:

- Detección de posibles dificultades de linguaxe do alumnado, avaliación e diagnóstico de ditas dificultades con vistas á elaboración do plan de traballo correspondente, en coordinación co orientador.
- Intervención nas aulas de Educación Infantil (Programa de estimulación da linguaxe oral), de existir dispoñibilidade horaria.
- Avaliación e tratamento de alumnos con dificultades de linguaxe oral ou no ámbito da lecto-escritura.
- Apoio escolar a alumnos con deficiencias auditivas
- Tratamento das dificultades no desenvolvemento da linguaxe oral dos alumnos. Sempre que sexa posible, o tratamento levarase a cabo dentro da aula ordinaria e en todos os casos contando coa colaboración dos profesores tutores e das familias. Cando non poida ser así, realizarase fóra da aula ordinaria, individualmente ou en pequenos

grupos, en sesións de, aproximadamente, 20 minutos.

- Colaboración co resto do profesorado nas ACS das áreas de Lingua, revisando conxuntamente o grao de consecución dos obxectivos propostos.
- Teranse encontros periódicos coas familias, en coordinación cos titores, orientador e profesorado de PT se é necesario, co fin de informarlles sobre a evolución do alumno e no seu caso, establecer programas de traballo na casa.

Profesorado de P.T.

Os apoios estableceranse no mes de setembro unha vez coñecidas as novas necesidades do centro. Procurarase, que a súa actividade se desenvolva dentro da aula. O traballo centrarase fundamentalmente nos seguintes aspectos:

- Atención de alumnos con NEE asociadas a discapacidade motorice
- Atención a alumnos con necesidades educativas específicas de integración. Os agrupamentos realizaranse tendo en conta a homoxeneidade dos niveis de maduración e aprendizaxe, procurando respectar o criterio de ciclo. Para lograr unha maior integración no grupo de referencia, os alumnos con necesidades educativas especiais de Primaria seguirán, se é posible, cos apoios e coas adaptacións precisas, as actividades de Educación Física, Inglés, Educación Musical, Informática e Relixión integrados nos seus grupos respectivos.
- Atención ao alumnado diagnosticado de necesidades educativas específicas por sobredotación.
- Apoio a alumnos con problemas de aprendizaxe, retraso escolar,...
- Atención ó novo alumnado chegado do estranxeiro (En ausencia do Profesor de AL)
- Selección e elaboración de material adaptado ás necesidades educativas especiais para traballar na aula de apoio. Colaboración con titores na selección de materiais de aula.
- Coordinación cos titores, orientador e logopeda para elaborar as ACS.

d).- Departamento de Orientación

Realiza actividades de diagnóstico, orientación, organización, atención á diversidade, etc. así como de asesorar ao profesorado no Plan de acción tutorial e nas adaptacións curriculares ou flexibilizacións das idades de escolarización, que procedan. Asiste ao centro dous días á semana e o dous martes de cada mes.

O plan de traballo previsto para cada curso escolar incluírase na PXA.

V.- ASPECTOS CURRICULARES**1. Educación Infantil**

Seguindo as directrices marcadas pola Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a avaliación da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

a. Obxectivos xerais da educación infantil

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Obxectivos que se plantexan nesta etapa en función do contexto do noso centro relativos a:

a.1) Alumnado:

1. Que os nenos e nenas se sintan valorados polo que son e non polo que fan mantendo una actitude positiva e de aceptación na que se consideren as características psicoevolutivas e persoais, así como a diversidade de de nenos e nenas.
2. Xerar espazos e tempos que fomenten a creación, a responsabilidade e o descubrimento do mundo que os rodea así como a súa interacción co mesmo.
3. Fomentar tarefas que fagan mellorar a súa comprensión e expresión é dicir que contribúan a mellora da súa comunicación.

a.2) Familias:

1. Favorecer as relación da familia co centro e co persoal do mesmo, facendoos partícipes da vida dos seus fillos no centro e implicándoos no proceso de ensinanza aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
2. Fomentar os cauces e espazos de comunicación coas familias a través das distintas titorías e axenda escolar.

a.3) Institucións:

1. Ofrecer e impulsar cauces que potencien e garantan a participación de todos os sectores implicados no centro.

b) Áreas da educación infantil

Os contidos educativos da educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para as nenas e os nenos.

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación

C) principios pedagógicos e metodolóxicos

Nesta etapa imos facer un especial fincapé no papel do mestre de educación infantil o cal nesta etapa é unha figura de especial relevancia para os nenos e nenas. É por iso que debe:

- Manter e transmitir ao alumnado unha actitude tolerante de respecto e confianza, afectuosa e non discriminatoria.
- Constituir un punto de referencia afectivo-emocional
- Pór límites estruturantes cando sexa necesario
- Propor situacións que susciten un grado de conflito cognitivo (social e afectivo) que lle axuden a avanzar na súa aprendizaxe.

O período de adaptación para o alumnado de 3 anos

O período de adaptación realizarase no mes de setembro tal e como establece a lexislación actual e non poderá exceder máis alá do mes de setembro.

Neste período, que se establecerá ao inicio de cada curso, os pais e nais dos nenos e nenas traerán os seus fillos e fillas nos grupos e nos períodos de sesións que serán establecidos polo titor ou titora do grupo.

O xogo

Nesta etapa o xogo forma parte do proceso de aprendizaxe sendo fundamental para o desenvolvemento das habilidades sociais.

A través dos distintos xogos como é o xogo simbólico o neno e nena a través do cal representan diferentes roles e a través do que se traballará a educación en valores.

O xogo terase enconta na programación diaria da aula, ben sexa este guiado ou libre.

Os espazos

Diferenciaremos varios espazos:

- Espacios dentro a aula: estes espazos serán distribuídos en función das características dos nenos e nenas tendo en conta a diversidade dos mesmos, de xeito que a distribución se axeite as características tanto dos nenos e nenas como das distintas tarefas que se desenvolvan na aula, estes espazos son os **chamados recantos**.

Estes recantos poden ser: recanto da assemblea, recanto do xogo, recanto das novas tecnoloxías, recanto do medio ambiente, recanto de tarefas...e poderá variar en función das tarefas que se plantexen en cada momento.

- Espacios fóra da aula ou espazos do centro coma: a sala de audiovisuais, a aula de informática, o patio, biblioteca, ximnasio, aula de música, ou comedor.

Os materiais. Criterios

Os criterios para a selección dos materiais empregados nesta etapa serán en función da súa utilidade, así podemos ter:

- Material para plástica:
 - Materiais funxibles (papeles de cores, cartolinas, pinturas...)
- Material para traballar proxectos
 - Libros
 - Fotografías
 - Debuxos
 - Xogos...
- Material para ritmo
 - Maracas
 - Panderetas
 - Xilófonos...
- Material para a psicomotricidade

- Colchonetas
 - Xogos
 - Aros
 - Pelotas...
- Material para traballar as tic
- Material informático (CD,DVD, xogos educativos...)
 - Pizarra dixital
- Outro material como libros de texto.

A metodoloxía

A metodoloxía que se vai empregar será a que permita a globalización da aprendizaxe e a funcionalidade do mesmo, facendo que os nenos e nenas se inicien no logro das competencias básicas.

Por iso o profesorado de infantil poderá utilizar o libro de texto ou traballar por proxectos, pero en todo caso deberá avaliar que se den todos os contidos establecidos no currículo de infantil.

Pero será de carácter obrigatorio a elaboración por parte do profesorado un proxecto ó ano para traballar a competencia de “aprender a aprender”, desenvolver así a técnica de traballo cooperativo.

O proxecto lingüístico. Tratamento lingüístico

No momento da matrícula realizaráselle aos pais e nais dos nosos alumnos e alumnas unha enquisa sobre a lingua na que queren o material. Terase a lingua materna do alumnado para comunicarnos con el ou ela.

Elaborarse dende o equipo de dinamización da lingua galega actividades que fomenten o uso do Galego nesta etapa.

Agrupación do alumnado

Existen tres aulas de infantil cada grupo está formado por alumnos de 3, 4 e 5 anos respectivamente.

O tempo

Diferenciaremos entre:

- tempo de planificación das distintas unidades didácticas: as unidades didácticas terán unha duración de
- tempo diario, é dicir, a programación diaria por sesións o comezo do día planificaranse as sesión nun horario que teremos na aula para que así o noso alumnado teña coñecemento do que vai a acontecer o longo da mañán.
- Tempo de recreo: aterase ao disposto na orde do 25 de xuño de 2009.
- Tempo de ler: todos os días realizarase a lectura dun conto ben por parte do mestre ou ben por parte do alumnado doutros cursos para fomentar nos nenos e neas o gusto pola lectura partindo sempre do proxecto lector e o plan de lectura do centro.

A educación en valores

- ✓ **Educación ambiental:** os alumnos teñen que comprender as relacións co medio no que estamos inmersos e coñecer os problemas ambientais e as solución individuais e colectivas que poden axudar a mellorar o noso entorno.
 - Recoñecer a importancia de reciclar materiais como modo de contribuír ao mantemento do medio ambiente.
 - Mostrar respecto por todas as especies animais e vexetais, especialmente por aquelas que están en perigo de extinción.
 - Ofrecer cuidados e respectar aos animais e vexetais, fomentando a concienciación de que forman parte do patrimonio.

- ✓ **Educación nos Dereitos Humanos e para a Paz:** no centro convivimos moitas persoas con intereses non sempre similares polo que é un lugar idóneo para aprender actitudes básicas de convivencia: solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo e de participación social. A Paz non debe entenderse só como ausencia de guerra, senón tamén como as relacións harmónicas entre grupos e persoas.
 - Coñecer, comprender e aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo sabendo respectar e aceptar as achegas dos demais.
 - Valorar e recoñecer os esforzos individuais e colectivos para evitar mensaxes discriminatorias.
 - Recoñecer e valorar a propia agresividade, entendida como decisión, audacia, como unha forma positiva de autoafirmación da personalidade e canalizala cara a condutas que favorezan o ben común.
 - Desenvolver relacións de diálogo, de paz e harmonía no ámbito escolar e en todas as relacións cotiás.
 - Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e mellorar a comunicación cos demais.
 - Apreciar e valorar a diversidade cultural como mostra de apertura cara a outras culturas diferentes á propia.
 - Respectar os distintos modelos de familia e valoralos todos de igual xeito.
 - Recoñecer a importancia de compartir coas persoas máis necesitadas.

- ✓ **Educación do consumidor, para o consumo:** o consumo está presente na nosa sociedade e é necesario:
 - Reflexionar sobre o exceso de agasallos que os nenos adoitan recibir en Nadal ou en outras ocasións.
 - Axudar a que os nenos descubran e dean prioridade ao “ser” sobre o “ter” como medio de felicidade persoal.

- Tomar conciencia das necesidades básicas para a vida distinguindo o necesario do superfluo.
 - Aprender a disfrutar e coidar os bens que posúen ou consumen por sinxelos e cotiás que parezan, recoñecendo a súa utilidade.
- ✓ **Educación viaria:** O coñecemento e a utilización da vía pública é, especialmente no contorno no que se ubica o centro, dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.
- Coñecer o contorno e as normas básicas de circulación desde a perspectiva do peón e como viaxeiro
 - Reflexionar sobre a propia conduta como peón, viaxeiro e condutor (bicicleta, monopatín...).
 - Dar a coñecer as normas de circulación en calquera circunstancia como medio para previr accidentes.
 - Aprender a usar, disfrutar e coidar os equipamentos urbanos, zonas verdes e instalacións do centro.
 - Tomar conciencia dos problemas viales e das situacións de risco ou de perigo que poidan presentarse.
 - Descubrir e valorar as alternativas de ocio que nos ofrece o medio urbano e optar por aquelas que nos poidan proporcionar un maior disfrute persoal.
- ✓ **Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos ou coeducación:** a Constitución Española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas o crenzas. Sen embargo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade. As discriminacións derivadas da pertenza a un determinado sexo e de tal envergadura social que xustifica plenamente a súa entidade como tema propio. As mulleres deixaran de estar marxinadas na medida en que todas as persoas sexan educadas para iso.

- Alcanzar o compromiso de evitar en calquera situación comunicativa formas, termos e expresións que denoten discriminación.
 - Valorar a importancia de colaborar nas tarefas domésticas sen distinción de xénero.
 - Valorar a igualdade de capacidades entre os sexos no ámbito escolar, social ou profesional.
- ✓ **Educación para a saúde e calidade de vida:** na escola hai que crear dende a infancia uns hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- Coñecer e comprender a necesidade dos bos hábitos e condutas relacionadas co coidado da saúde.
 - Valorar a importancia de seguir unha dieta equilibrada.
 - Mostrar interese por ter hábitos de hixiene correctos.
- ✓ **Educación na sexualidade:** trátase, non só de coñecer os aspectos biolóxicos da sexualidade, se non informar, orientar e educar nos aspectos afectivos, emocionais e sociais, entendéndoa como unha actividade plena de comunicación entre as persoas.
- Recoñecer a importancia de demostrar os propios sentimentos e o afecto cara aos demais.
 - Familiarizarse co seu propio corpo e aceptalo tal como é.
 - Respectar ós demais.
- ✓ **Educación cívica e moral**
- Utilizar a lingua oral como instrumento para relacionarse cos demais e chegar a acordos.

- Respeitar as regras propias do intercambio comunicativo, así como a quenda de palabra dos seus compañeiros.
 - Axudar e colaborar cos compañeiros e compañeiras, especialmente cos que máis o necesitan.
 - Valorar o traballo en equipo.
 - Respeitar ás persoas de calquera raza ou nacionalidade.
 - Tolerancia cara a outras formas de vida como por exemplo, as formas de vestir doutros países.
- ✓ **Educación para as tecnoloxías da información e comunicación**
- Facer un uso axeitado das mesmas.

d. Liñas xerais de atención á diversidade.

Na etapa de Educación Infantil atenderase a diversidade do alumnado tendo en conta as súas características individuais. Realizando os apoios necesarios para o logro e consecución dos obxectivos da etapa.

Cando teñamos algún alumno ou alumna con necesidade específica de apoio educativo terase en conta o establecido no Real Decreto de atención a diversidade Decreto 229/2011, do 7 de decembro.

e. Os criterios, procedementos e instrumentos para a avaliación.

A coordinación do proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerza a titoría, que recollerá a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular e que deberá deixar constancia das observacións e valoracións sobre o grao de adquisición das aprendizaxes de cada nena e de cada neno.

A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

As consideracións derivadas do proceso de avaliación deberán ser comunicadas periodicamente ás familias ou titores legais co obxectivo de facelos copartícipes do proceso educativo das súas fillas e fillos.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes como:

- a) A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- b) A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- c) A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- d) A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- e) A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- f) A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

As sesións de avaliación son as reunións que mantén o profesorado titor co resto de profesionais que atende o grupo de alumnas e alumnos. Realizaranse as seguintes sesións de avaliación: unha inicial e tres ao longo do curso. De cada unha das sesións de avaliación, a titora ou o titor levantará a acta correspondente acta de desenvolvemento da sesión, na cal se farán constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e os acordos adoptados, especificando

aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das nenas e dos nenos e da práctica docente e ás propostas de mellora.

Avaliación inicial.

Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de educación infantil, as persoas titoras dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Así mesmo, esta avaliación realizarase cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro. A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores. Completarase coa información obtida na observación directa por parte dos Mestres que atenden as nenas e nenos sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

Avaliación continua.

Ao longo do ciclo, e de forma continua, a persoa que exerza a titoría utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e as dificultades do seu alumnado, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados.

Avaliación final.

Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Nesta valoración considerarase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen.

Informe de avaliación inicial

O informe de avaliación inicial recollerá os datos achegados na entrevista pola familia, as observacións relevantes durante o período de adaptación e as achegas dos períodos de escolarización anteriores, se os houber. O dito informe axustarase ao modelo establecido no anexo II na orde do *Orde do 25 de xuño de 2009*.

f. Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial.

Xunto co departamento de orientación elaborárase un plan de acción tutorial encamiñado principalmente a:

- aprendizaxe de habilidades sociais
- hábitos de hixiene e alimentación
- orientación familiar.

g. A familia.

Coa familia teremos as seguintes reunións:

- Xornada de portas abertas: para aqueles pais e nais que matriculen os seus fillos e fillas por primeira vez.
- Reunión en setembro para establecer o período de adaptación
- Reunión informativa en setembro.

- Reunión antes das vacacións de nadal
- Reunión antes de semana santa
- Reunión antes das vacacións de verán
- E todas aquelas os pais e nais soliciten nas horas de atención a pais e nais.

h. Coordinación entre ciclos e etapas.

Cada curso académico, realizarase unha entrevista en setembro co profesorado que se ocupe do alumnado procedente de educación infantil co fin de recabar toda a información relevante que lle poida servir no seu proceso de aprendizaxe e que sexa de axuda para elaborar a súa avaliación inicial.

i. Atención educativa

Como norma xeral serán atendidos preferentemente polos profesores titores e non poderán realizar, neses tempos, actividades curriculares, pero si traballo sobre valores, concursos.

Óptase por actividades relacionadas coa lectura e biblioteca como actividades de iniciación á lectura: contos, escoitar historias...

2. Educación Primaria

a. Tratamento transversal da educación en valores: orientacións para a súa introdución no currículo.

a.1.- Conceptos e contidos seleccionados

A organización dos contidos foise modificando paralelamente cos cambios que se foron operando no sistema educativo, polas esixencias do modelo de sociedade que o promove.

Entre estes contidos, hai algúns aos que a sociedade é especialmente sensible e que se recollen na normativa vixente.

É preciso facer notar que os temas transversais non se circunscriben a un área determinada, senón que afectan a diferentes ámbitos da vida e que se traballarán desde as diversas perspectivas que ofrecen as distintas áreas.

Á hora de concretalos debe terse en conta a capacidade dos alumnos para asumilos, a súa idade e situación evolutiva, así como os obxectivos propostos.

A continuación matizamos o significado que consideramos deben ter, reflíctese a formulación de obxectivos e enuméranse actividades que se realizarán para tratar especificamente estes temas a pesar de que se traballan diariamente a nivel de aula e centro.

- ✓ **Educación ambiental:** os alumnos teñen que comprender as relacións co medio no que estamos inmersos e coñecer os problemas ambientais e as solucións individuais e colectivas que poden axudar a mellorar o noso entorno.
 - Comprender e producir mensaxes orais e escritos que versen sobre temas relacionados co mantemento do medio ambiente.
 - Achegar ideas e posibles solucións que comporten un compromiso persoal para a mellora e mantemento do medio ambiente.
 - Recoñecer a importancia de reciclar materiais como modo de contribuír ao mantemento do medio ambiente.
 - Mostrar respecto por todas as especies animais e vexetais, especialmente por aquelas que están en perigo de extinción.
 - Ofrecer coidados e respectar aos animais e vexetais, fomentando a concienciación de que forman parte do patrimonio.

- ✓ **Educación nos Dereitos Humanos e para a Paz:** no centro convivimos moitas persoas con intereses non sempre similares polo que é un lugar idóneo para aprender actitudes básicas de convivencia: solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo e de participación social. A Paz non debe entenderse só como ausencia de guerra, senón tamén como as relacións harmónicas entre grupos e persoas.

- Coñecer, comprender e aplicar as normas que rexen o intercambio comunicativo sabendo respectar e aceptar as achegas dos demais.
 - Valorar e recoñecer os esforzos individuais e colectivos para evitar mensaxes discriminatorias.
 - Recoñecer e valorar a propia agresividade, entendida como decisión, audacia, como unha forma positiva de autoafirmación da personalidade e canalizala cara a condutas que favorezan o ben común.
 - Desenvolver relacións de diálogo, de paz e harmonía no ámbito escolar e en todas as relacións cotiás.
 - Estimar e valorar a lingua oral e escrita como medio de establecer e mellorar a comunicación cos demais.
 - Apreciar e valorar a diversidade cultural como mostra de apertura cara a outras culturas diferentes á propia.
 - Respectar os distintos modelos de familia e valoralos todos de igual xeito.
 - Recoñecer a importancia de compartir coas persoas máis necesitadas.
- ✓ **Educación do consumidor, para o consumo:** o consumo está presente na nosa sociedade e é necesario:
- Dotar aos alumnos de instrumentos de análise para o exceso de consumo de produtos innecesarios.
 - Reflexionar sobre as mensaxes transmitidas a través de calquera sistema verbal e non verbal.
 - Mostrar unha actitude crítica ante a compra excesiva de pezas de vestir.
 - Reflexionar sobre o exceso de agasallos que os nenos adoitan recibir en Nadal.
 - Axudar a que os nenos descubran e dean prioridade ao “ser” sobre o “ter” como medio de felicidade persoal.

- Tomar conciencia das necesidades básicas para a vida distinguindo o necesario do superfluo.
 - Aprender a disfrutar e coidar os bens que posúen ou consumen por sinxelos e cotiás que parezan, recoñecendo a súa utilidade.
 - Interpretar criticamente as mensaxes publicitarias para discorrer sobre a súa veracidade e actuar libre e conscientemente ante eles.
- ✓ **Educación viaria:** O coñecemento e a utilización da vía pública é, especialmente no contorno no que se ubica o centro, dunha gran importancia polo que a súa educación ten que comezar na escola.
- Coñecer o contorno e as normas básicas de circulación desde a perspectiva do peón e como viaxeiro
 - Reflexionar sobre a propia conduta como peón, viaxeiro e condutor (bicicleta, monopatín...).
 - Respetar as normas de circulación en calquera circunstancia como medio para previr accidentes.
 - Aprender a usar, disfrutar e coidar os equipamentos urbanos, zonas verdes e instalacións do centro.
 - Tomar conciencia dos problemas viales e das situacións de risco ou de perigo que poidan presentarse.
 - Descubrir e valorar as alternativas de ocio que nos ofrece o medio urbano e optar por aquelas que nos poidan proporcionar un maior disfrute persoal.
- ✓ **Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos ou coeducación:** a Constitución Española comeza co dereito á igualdade sen distinción de sexos, razas o crenzas. Sen embargo, unha parte da sociedade segue sendo machista, racista e intolerante, polo que se fai imprescindible transmitir ao alumnado este dereito da humanidade. As discriminacións

derivadas da pertenza a un determinado sexo e de tal envergadura social que xustifica plenamente a súa entidade como tema propio. As mulleres deixaran de estar marxinadas na medida en que todas as persoas sexan educadas para iso.

- Alcanzar o compromiso de evitar en calquera situación comunicativa formas, termos e expresións que denoten discriminación.
 - Valorar a importancia de colaborar nas tarefas domésticas sen distinción de xénero.
 - Valorar a igualdade de capacidades entre os sexos no ámbito escolar, social ou profesional.
- ✓ **Educación para a saúde e calidade de vida:** na escola hai que crear dende a infancia uns hábitos de hixiene física, mental e social que desenvolvan a autoestima e melloren a calidade de vida.
- Coñecer e comprender a necesidade dos bos hábitos e condutas relacionadas co coidado da saúde.
 - Valorar a importancia de seguir unha dieta equilibrada.
 - Mostrar interese por ter hábitos de hixiene correctos.
- ✓ **Educación na sexualidade:** trátase, non só de coñecer os aspectos biolóxicos da sexualidade, se non informar, orientar e educar nos aspectos afectivos, emocionais e sociais, entendéndoa como unha actividade plena de comunicación entre as persoas.
- Recoñecer a importancia de demostrar os propios sentimentos e o afecto cara aos demais.
 - Familiarizarse co seu propio corpo e aceptalo tal como é.
 - Respectar ós demais.

✓ Educación cívica e moral

- Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para relacionarse cos demais e chegar a acordos.
- Reflexionar sobre o uso da lingua como medio para transmitir ideas, pensamentos e opinións, respectando os xuízos e opinións alleos.
- Respectar as regras propias do intercambio comunicativo, así como a quenda de palabra dos seus compañeiros.
- Axudar e colaborar cos compañeiros e compañeiras, especialmente cos que máis o necesitan.
- Respectar as regras dos xogos presentados e aceptar a derrota ou a vitoria con deportividade.
- Valorar o traballo en equipo.
- Valorar ás persoas polo que son, non pola súa fama ou renome.
- Respectar ás persoas de calquera raza ou nacionalidade.
- Tolerancia cara a outras formas de vida como por exemplo, as formas de vestir doutros países.
- Valorar a capacidade e o esforzo das persoas.

✓ Educación para as tecnoloxías da información e comunicación

- Mostrar curiosidade e interese por coñecer novas tecnoloxías como Internet.
- Facer un uso axeitado das mesmas.

a.2.- Actividades xerais

- **Educación para a saúde e calidade de vida:** fomento de hábitos de hixiene corporal, alimentación, postural e de actividades físicas que redunden positivamente nunha calidade de

vida dende a dobre perspectiva preventivo - formativa: “Experiencia de educar para a saúde na escola”.

- **Educación medioambiental:** incidir no medio ambiente como ben común, que engloba dende o patio do colexio, papeleiras, parque,... ata a realidade máis lonxanas, reciclaxe (clasificación de material funxible en distintos contenedores: papel, pilas, material de plástico e vidro)

- **Educación nos Dereitos Humanos e para a Paz:** actividades colectivas como confección dun mural colectivo, unidade didáctica, manifesto pola paz, canción simbólica na que participa todo o Centro, e actividades individuais como poesías, redaccións, etc. Traballar por parellas e saber respectar a quenda, ofrecemento e aceptación de correccións, traballo cooperativo co resto da clase, sensibilidade ante outro tipo de cultura e festividades.

- **Educación do consumidor:** obradoiros de consumo responsable, estudo do etiquetado e roda de alimentos, fomento de “merendas” axeitadas, concursos relacionados co tema, etc.

- **Educación para a igualdade entre os sexos:** favorécense, diariamente, actitudes de igualdade, xogos compartidos sen diferenciación de roles, formar equipos mixtos, fomentar a cooperación e non só a competición na iniciación deportiva, orde e limpeza da clase, participación nas actividades sen diferenciación de sexos e conmemorarse o Día Internacional da Muller coa potenciación das reivindicacións dos seus dereitos ata a igualdade, xoguetes comúns, dramatizacións con personaxes de ficción permitindo cambios de identidade.

- **Educación sexual:** presentar información clara sobre o tema tendo en conta as súas demandas, etc.

- **Educación para o ocio e tempo libre:** saídas durante o curso ao Auditorio de Vilagarcía e excursións de fin de curso, festas tradicionais coma “Halloween”/ “Samaín”, “O Magosto”, “Nadal” e “Entroido”, etc. No Entroido, entre outras actividades, realízase festa gastronómica na que as familias aportan e comparten a degustación de produtos típicos.

- **Educación moral e cívica:** fomento da solidariedade, toma de decisión responsable e en liberdade, etc.

- **Educación vial:** xogos de simulación, circuítos ou recorridos xerais nos que os nenos pasen polo rol de peóns, condutor, de gardas de tráfico ou de copilotos; hábitos adecuados nas saídas do Centro, tráfico, educación vial, etc.

- **Educación para as novas tecnoloxías**

Potenciarase o emprego das novas tecnoloxías promovendo a reflexión sobre o seu uso.

b. Inclusión das competencias básicas na concreción curricular. Estratexias para o seu desenvolvemento

Pártese de que as competencias básicas forman parte do currículo da etapa. Coa incorporación das mesmas pretendemos poñer o acento naquelas aprendizaxes que son imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. A organización e o funcionamento do centro, as actividades docentes e as actividades complementarias e extraescolares, ademais de cumprir coa súa finalidade pretenden contribuír ao desenvolvemento das oito competencias básicas definidas no currículo desta etapa:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Estratexias para o desenvolvemento da Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e

comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Esta competencia, importante en calquera proxecto educativo, adquire unha especial relevancia nos contextos bilingües como no que se sitúa este centro, partindo da premisa de que as linguas apréndense cando se empregan en distintos contextos de aprendizaxe.

Por iso, ademais de potenciar os diversos usos lingüísticos dentro das diferentes áreas, promoverase o seu uso a través das titorías, as actividades complementarias e extraescolares e a organización e funcionamento do centro:

- Nas titorías: expresión oral e escrita, diálogo, debate, etc. procurando chegar a acordos.
- Charlas e conferencias variadas para que o alumnado, ademais de adquirir coñecemento sobre o tema obxecto da charla, teña a oportunidade de escoitar nas dúas linguas oficiais e mellorar a comprensión oral nun contexto formal distinto ao da clase.
- Ler textos de todo tipo, en distintos soportes e en distintas linguas, co profesor como modelo lector, e realización posterior de actividades que, partindo dese texto, supoñan un proceso de investigación (máis ou menos dirixido).
- Formar lectores críticos traballando e analizando todo tipo de textos para poder canalizar a información que lles chega por distintas canles.
- Representacións teatrais, contacontos, concertos didácticos,.... tanto dentro como fóra do centro.
- Promover a elaboración de murais nos que se expoñan os traballos como medio de valorar a boa presentación dos traballos escritos e de xerar un ambiente agradable.
- Dentro da organización do centro, garantir na medida do posible, unha hora semanal de utilización da biblioteca dentro do horario lectivo, con planificación da actividade a realizar.
- Manter a biblioteca aberta durante os recreos e en horario de tarde.
- Formar ao alumnado no uso da biblioteca e fontes da información fomentando a utilización interactiva dos coñecementos e a información.

- Promover a participación do alumnado en actividades voluntarias que se propoñen desde a biblioteca, ás veces, necesitan un pequeno empurrón por parte dos adultos.
- Dotar ás aulas dos recursos necesarios para a súa biblioteca de aula.
- Dotar todas as aulas de ordenador con conexión a internet coa fin de dispoñer en todo momento de dicionarios, enciclopedias e outros documentos necesarios para traballar a comprensión lectora.
- Realizar/participar en talleres de animación á lectura e banda deseñada.
- Continuar a potenciar os certames literarios con motivo das diferentes conmemoracións ou dende a proposta da biblioteca coa finalidade de desenvolver a súa capacidade de escribir prosa e poesía nas dúas linguas e en inglés con propostas acordes coas idades, e para apreciar as creacións literarias dos seus compañeiros.
- Fomentar o uso dos pasaportes de lectura, mochilas viaxeiras, caderno de bitácora (pequenos diarios)... e cantas actividades formen parte do proxecto lector do centro.
- Promover a elaboración da revista do centro
- Promover a utilización das TIC como un medio no que escribir, ler, falar, escoitar. e como un recurso para mellorar distintas competencias básicas.
- Promover os intercambios e a correspondencia con alumnos doutros centros.
- Promover a escritura como forma de comunicar os feitos, os comportamentos e as emocións cando hai problemas de convivencia.
- Promover o traballo cooperativo como medio para desenvolver a competencia en comunicación lingüística e outras competencias básicas..
- Iniciar/reforzar ou profundar os mecanismos de busca de información en distintos soportes.
- Formulación de proxectos de traballo que teñan que desenvolver en equipo e que os obliguen a pensar, a profundar.

Estratexias para o desenvolvemento da Competencia matemática

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, para:

- Producir e interpretar distintos tipos de información.
- Ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade.
- Resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Esta competencia desenvólvese fundamentalmente a través dos contidos das diferentes áreas, especialmente de matemáticas. Sen embargo, desde o centro pódese contribuír ao seu desenvolvemento coas seguintes medidas:
 - Nas titorías facilitarase información relevante sobre datos do centro ou temas de actualidade con gráficos que axuden ao alumnado a comprender a información.
 - Promover a elaboración de gráficos que permitan unha mellor comprensión dos aspectos cuantitativos e espaciais da realidade tanto en papel como en soporte informático.

Estratexias para o desenvolvemento da Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilita a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos.

Ademais do seu tratamento específico en varias áreas, vanse a potenciar as seguintes accións e escenarios para o seu desenvolvemento:

- Visitas aos museos científicos coruñeses, cada dous cursos académicos.
- Participación en certames escolares
- Concienciación sobre: hábitos saudables de alimentación, exercicio físico, consumo responsable,... mediante charlas e presentación de actividades físicas especiais, obradoiros...
- Campañas de concienciación sobre a reciclaxe e o uso responsable dos recursos naturais.

- Participación no Programa saúde na escola.

Estratexias para o desenvolvemento do Tratamento da información e competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e transformala en coñecemento.

Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse e aprender e comunicarse.

Esta competencia é fundamental na sociedade tecnolóxica na que vivimos e está moi relacionada coa capacidade de aprender a aprender. Ademais do seu tratamento integrado en todas as áreas de coñecemento, desde as titorías, as actividades complementarias e extraescolares, e a organización e funcionamento do centro, podemos incidir coas seguintes accións:

- Introducir as TIC como recurso para mellorar a competencia lingüística, dixital e o tratamento da información.
- Promover unha actitude positiva cara ás tecnoloxías da información e comunicación, incorporándoas á práctica educativa e á vida do centro.
- Facilitar o acceso aos alumnos aos ordenadores fóra dos períodos lectivos.
- Ter actualizada a base de datos con todos os libros da biblioteca.
- Promover a utilización da páxina www.opacmeiga.rbgalicia.org para que calquera persoa acceda á biblioteca do centro e/ou utilice todas as posibilidades da páxina da rede de bibliotecas de Galicia.
- Facilitar unha hora semanal de utilización da biblioteca e outra hora do aula de informática, dentro do horario lectivo, sempre que sexa posible, para desenvolver destrezas relacionadas coa procura, selección, rexistro e tratamento da información.
- Promover a procura e a investigación como medio de construír o propio coñecemento..
- Dotar ás aulas, progresivamente, cos últimos medios tecnolóxicos.

Estratexias para o desenvolvemento da Competencia social e cidadá

Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

Ao desenvolvemento desta competencia contribúese desde todas as áreas en maior ou menor medida. Ademais, desde as titorías, as actividades complementarias e extraescolares, e a organización e funcionamento do centro, podemos incidir coas seguintes accións:

- Elección democrática de delegados de grupo e asignación rotativa de tarefas a todos os alumnos e alumnas que contribúan a un correcto funcionamento da clase.
- Elaboración consensuada de normas de convivencia do aula.
- Fomento de actitudes respectuosas e democráticas nas actividades de lingua oral.
- Celebración do Día da Constitución e do Estatuto de Autonomía e reflexión sobre os seus significados.
- Celebración do Día da Paz e reflexión sobre o seu significado.
- Participación en competicións deportivas.
- Participación en actividades relacionadas co exercicio físico que, sen ter carácter competitivo, permitan a relación entre alumnado de distintos centros educativos a través do xogo e/ou o deporte.
- Celebración do Día do peón potenciando os aspectos cooperativos e de relación interxeracional.
- Charlas coa policía sobre acoso escolar, educación vial,
- Participación en xornadas de convivencia e acampada con alumnos doutros centros.
- Incorporación, dentro do Plan de Convivencia, da mediación entre pares como instrumento para resolución de conflitos.

- Inclusión no Plan de Acción Titorial de actividades encamiñadas ao desenvolvemento das habilidades sociais.

Estratexias para o desenvolvemento da Competencia cultural e artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos. Significa ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

Esta competencia desenvólvese desde varias áreas. Ademais, desde as titorías, as actividades complementarias e extraescolares, e a organización e funcionamento do centro, podemos incidir coas seguintes accións:

- Desenvolvemento de proxectos globais de investigación ao redor de temas culturais do entorno máis ou menos próximo, dependendo das idades.
- Visitas a museos, exposicións,... participación nos diferentes programas educativos que ofertan.
- Exposición nos corredores do centro dos traballos artísticos e literarios realizados polo alumnado.
- Decoración do salón de actos con motivos artísticos para as diferentes actos
- Asistencia a concertos, obras de teatro, películas,...
- Concursos con motivo da celebración do magosto, Entroido, Letras Galegas, Día do Libro, pasaportes de lectura, mochilas viaxeiras,...
- Concurso de carteis, postais e programas de man do Nadal, convocados polo centro ou polo Excmo. Concello.
- Participación nos diversos concurso artísticos promovidos por diferentes institucións.
- Organización, en colaboración co ANPA, de actividades extraescolares.

Estratexias para o desenvolvemento da Competencia para aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Esta competencia ocupa un lugar preferente dentro de LOE. A necesidade de que o alumnado adquira as estratexias necesarias para aprender a aprender ao longo de toda a súa vida vese reflectida nas programacións didácticas de todas as áreas.

Ademais do seu tratamento integrado en todas as áreas de coñecemento, desde as titorías, as actividades complementarias e extraescolares, e a organización e funcionamento do centro, podemos incidir coas seguintes accións:

- Incluir dentro do Plan de Acción Titorial actividades orientadas ao desenvolvemento das técnicas de estudo.
- Traballar de xeito coordinado, en todas as áreas, o subliñado, os esquemas, os mapas conceptuais e os resumos.
- Fomentar métodos de traballo en todas as materias que promovan a procura, elaboración e comunicación de información, fomentando a utilización interactiva dos coñecementos previos e a información, para ir construíndo o propio coñecemento.
- Proporcionar desde as titorías e desde todas as áreas información continua sobre o proceso de aprendizaxe, clarificando obxectivos, e facendo ao alumnado consciente das súas posibilidades e dificultades propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe.
- Facilitar a utilización de dicionarios, enciclopedias e a internet na biblioteca, na aula de informática e na aula, como elementos primarios de procura de información.
- Promover a utilización da Biblioteca do centro como lugar ao que acudir en busca de información.

Estratexias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal

Esta competencia refírese, por unha banda, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

Por outra banda, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais no marco de proxectos individuais ou colectivos responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal, como social e laboral. Ao desenvolvemento desta competencia contribúese, en maior ou menor medida, desde todas as áreas. Ademais, desde as titorías, as actividades complementarias extraescolares, e a organización e funcionamento do centro, podemos incidir coas seguintes accións:

- Fomentar a iniciativa do alumnado para formular propostas de traballo dentro dun tema determinado.
- Promover a autonomía dos rapaces e rapazas na procura de información e realización de tarefas usando métodos de aprendizaxe que así o requiran.
- Organización das normas de funcionamento para proporcionar ao alumnado unha autonomía progresiva ao longo da súa vida no centro.
- Incluír no Plan de Acción Tutorial actividades específicas destinadas ao desenvolvemento da autoestima e da capacidade de iniciativa.
- Ensinar desde os primeiros cursos aos alumnos a asumir progresivamente diversas responsabilidades referidas ao funcionamento do aula.
- Promover a participación do alumnado no deseño e organización das actividades complementarias.
- Diseñar e desenvolver un Plan de orientación académica e persoal coordinado polo departamento de orientación en colaboración cos respectivos titores.

c. Proceso de avaliación e tipoloxías. Promoción de alumnos**c. 1.- Desenvolvemento do proceso de avaliación**

Ao longo do proceso realízase a avaliación continua e diferenciada para cada un dos alumnos, sen interrupción na marcha escolar.

As sesións de avaliación serán coordinadas polo profesor titor do grupo e nelas participará o profesorado que imparte docencia no mesmo e poderá contar co asesoramento do departamento de orientación. Valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se é o caso, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

No proceso de avaliación continua, a cualificación das áreas será decidida polo mestre que as imparta. Na área de educación artística, a cualificación será decidida tendo en conta o progreso do alumno no conxunto da área.

c.1.1.- Avaliación inicial

Ao comezo de cada ciclo e durante o primeiro mes do curso escolar, o profesor titor realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior e completárase coa información obtida das familias.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumno.

c.1.2.- Avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo

A avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerese, con carácter xeral, polo disposto na Orde do 23 de novembro de 2007.

Sen embargo, na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais e que curse as ensinanzas correspondentes a esta etapa con adaptacións curriculares significativas, os criterios de avaliación establecidos nelas serán o referente fundamental para a súa avaliación e promoción.

c.1.3.- Promoción de ciclo

Ao remate de cada ciclo, o equipo de mestres que imparten docencia no mesmo, na sesión final de avaliación decidirá sobre a promoción do alumnado, tomando a decisión de forma colexiada pero primando o criterio do profesor tutor. O alumno promocionará ao ciclo seguinte sempre que alcanzase o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un axeitado grao de madurez consonte a súa idade. Accederase igualmente ao ciclo seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente o novo ciclo. Neste caso, adoptaranse as medidas precisas para que o alumnado reciba os reforzos e apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes.

O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha vez ao longo de toda a etapa educativa e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado polos centros ao redor das competencias básicas e a aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe.

Sen embargo o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa de educación primaria, nos termos previstos no artigo 16.6º do Decreto 130/2007 polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma galega, sempre que esta medida favoreza a súa integración socioeducativa.

c.1.4.- Promoción á educación secundaria obrigatoria

O alumnado promocionará á etapa de educación secundaria obrigatoria:

- Se alcanzou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas, os obxectivos da educación primaria e un adecuado grao de madurez.
- Cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no informe persoal, precisará as dificultades presentadas e os obxectivos da etapa non logrados, así como as medidas adoptadas ata ese momento a fin de que o centro receptor poida establecer as medidas necesarias de reforzo.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias básicas adquiridas.

c.1.5.- Promoción: condicións xerais

Tendo en conta as variables que poidan influír no rendemento do alumno (procedencia do estranxeiro, cambio de centro.....) estudarase a conveniencia ou non da promoción, respectando en todo caso a normativa vixente ao igual que se se considera procedente o cambio de nivel antes da idade regulamentaria. Terase en conta, ademais do rendemento académico, a valoración de actitudes como: esforzo, realización sistemática de tarefas, etc.

Os alumnos que deban de permanecer un ano máis na etapa da Educación Primaria, como norma xeral será ao inicio da mesma, sempre e cando teñan dificultades graves nas técnicas instrumentais básicas. Tamén se valorará en función do grupo no que han de integrarse.

Así mesmo revisaranse os casos de promoción que presenten alumnos con graves problemas de adaptación e integración cun novo grupo de alumnos.

No suposto de alumnos con graves problemas condutuais, promocionarán sempre e cando o equipo de profesores que inciden sobre eles, en coordinación coa Xefatura de Estudos e tendo en conta o informe psicopedagóxico, considere que un curso máis no respectivo nivel pode ocasionar maior problema tanto a nivel persoal do alumno, ao ter que relacionarse con alumnos de menor idade, como para a alteración da clase ao concorrer varios alumnos coas mencionadas características.

c.1.6 Alumnado con altas capacidades intelectuais

A escolarización deste alumnado poderá flexibilizarse de tal forma que se poida adiantar, logo da avaliación psicopedagóxica, o inicio da escolarización na etapa de educación secundaria obrigatoria, sempre que se considere que esta medida é a máis adecuada para o desenvolvemento equilibrado do alumnado e para a súa socialización.

c.1.7.- Información da avaliación

Finalizada cada unha das sesións de avaliación, os pais ou titores legais dos alumnos serán informados dos resultados, da evolución académica dos seus fillos ou tutelados así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso.

Será competencia do profesor titor proporcionar esta información, segundo o modelo establecido pola Consellería de Cultura, Educación e OU, así como a de establecer canles de comunicación coas familias do alumnado. Así mesmo faranse constar as faltas de asistencia xustificadas e sen xustificar.

c.1.8.- Avaliación dos procesos de ensino e da práctica docente

Os mestres avaliarán, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas, e co desenvolvemento das competencias básicas.

Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas aplicadas de atención á diversidade
- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre os mestres e mestras do ciclo e entre os diferentes ciclos e do profesorado do 3º ciclo, co da ESO.

Ao longo de cada un dos cursos realizaranse para cada grupo de alumnos, polo menos, tres sesións de avaliación que serán presididas pola persoa titora, que recollerá en acta o desenvolvemento das sesións, as cualificacións nas distintas áreas, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e as decisións e os acordos acadados, tanto referidas ao grupo como a cada alumno.

c.1.9- Avaliación de diagnóstico

De acordo co artigo 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e co artigo 17 do Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria, todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico, segundo os modelos facilitados pola Consellería, con referencia ás competencias básicas alcanzadas polo alumnado. Esta avaliación, que non terá

efectos académicos, terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

Estas avaliacións terán como marco de referencia as avaliacións xerais de diagnóstico que se establecen no artigo 144.1 da LOE.

c.2.- Documentos oficiais de avaliación

c.2.1.- Actas de avaliación (artigo 10 da Orde do 23 de novembro de 2007)

Serán subministradas ao profesorado, segundo os modelos do programa de xestión do centro. Nelas reflectiranse os resultados da avaliación de cada unha das áreas, as decisións sobre a permanencia no ciclo ou a promoción ao seguinte, así como as medidas de reforzo (RE) ou adaptación curricular significativa, de ser o caso. Nas do 3º ciclo farase constar a proposta de acceso, se procede, á educación secundaria

Serán asinadas pola persoa titora do grupo e contarán co visto e prace do Director. A súa custodia e arquivo correspóndelle ao centro.

c.2.2.- Expediente académico (artigo 11 da Orde do 23 de novembro de 2007)

Documento de avaliación individual que inclúe os datos identificativos do centro, do alumno e a información relativa á súa escolarización. Quedará constancia dos resultados da avaliación das áreas de cada un dos tres ciclos da educación primaria, no momento en que o alumnado promocioe ao ciclo ou á etapa seguinte, así como das medidas de atención á diversidade adoptadas, de ser o caso. A súa custodia e arquivo correspóndelle ao centro.

c.2.3.- Historial académico da educación primaria (artigo 12 da Orde do 23 de novembro de 2007)

Documento que reflecte os resultados das avaliacións e as decisións relativas ao progreso académico do alumno ao longo da etapa. Ten valor acreditativo dos estudos realizados.

Recollerá os datos identificativos do alumnado, os anos da súa escolarización e os centros onde se realizaron os estudos, as áreas cursadas e os resultados obtidos en cada ciclo, no momento en que o alumnado promocioe ao ciclo ou á etapa seguinte, con indicación de ACS se

fose o caso, a decisión sobre promoción ao ciclo seguinte coa data correspondente ou a proposta de acceso á ESO.

Será estendido en impreso oficial, asinado pola persoa titora e levará o visto e prace do Director do centro que garantirá a autenticidade dos datos nel reflectidos e a súa custodia. Ao finalizar a etapa, o historial académico da educación primaria, xunto co anterior libro de escolaridade, se fose o caso, será entregado ás nais, pais ou titores legais do alumnado e unha copia será enviada ao centro de educación secundaria, por pedimento deste, xunto co informe individualizado de final de etapa. A circunstancia do seu envío, coa data en que se efectúa, quedará reflectida no expediente académico.

c.2.4.- Informe persoal por traslado (artigo 13 da Orde do 23 de novembro de 2007)

Documento oficial que ten por finalidade garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe ao alumnado que se traslade a outro centro sen ter rematado o ciclo.

Contará cos seguintes elementos:

- Resultados parciais da avaliación
- Medidas de atención á diversidade, de ser o caso.
- ACS, se procede

Será elaborado e asinado polo profesor titor, a partir da información de todo o profesorado que imparta docencia ao grupo. Levará o visto e prace do Director do centro.

c.2.5.- Informe de avaliación final de ciclo (artigo 14 da Orde do 23 de novembro de 2007)

Informe elaborado polo profesor titor, ao final de cada ciclo, que recollerá os aspectos máis relevantes sobre o proceso de aprendizaxe, as decisións sobre as medidas para a atención á diversidade, as medidas de reforzo ou adaptacións curriculares adoptadas, así como todos aqueles aspectos do alumnado que permitan facer un mellor seguimento do seu proceso de aprendizaxe e madurez persoal.

Iniciarase ao comezo de cada ciclo, recollerá a información resultante do proceso da avaliación continua ao longo de cada curso, e completarse ao remate do ciclo.

Ao remate de cada ciclo a persoa titora entregará os informes do alumnado do seu grupo na secretaría do centro e serán postos a disposición da persoa titora do ciclo seguinte.

c.2.6.- Informe de avaliación final de etapa (artigo 15 da Orde do 23 de novembro de 2007)

Ao rematar a educación primaria, a persoa titora de cada grupo de 6º curso elaborará un informe individualizado do seu alumnado que recolla o progreso de cada alumno tendo en conta os informes de anteriores ciclos, o grao de aprendizaxe acadado referido aos obxectivos e ás competencias básicas, a súa madurez, e aqueles aspectos relevantes que poidan incidir na continuidade do proceso de formación.

Este informe xuntarase ao historial académico da educación primaria para garantir a continuidade do proceso de formación no paso á educación secundaria obrigatoria.

Na coordinación cos centros de ESO, garantirase a confidencialidade de toda a información.

c.3.- Actividades de Recuperación

É o profesor titor do curso no que se atope escolarizado o alumno, o responsable de reflectir a superación do ciclo anterior no suposto de que existan alumnos que promocionen sen avaliación global positiva. Neste suposto será o profesor titor, de acordo cos outros profesores que incidan sobre o alumno, o encargado de planificar as actividades de reforzo educativo, ou de adaptación curricular.

O mesmo criterio respectarase para os alumnos que precisen adaptación curricular debido á sobredotación intelectual.

O apoio e reforzo educativo, será levado a cabo polos profesores que incidan sobre o alumno. Cando sexa preciso o apoio doutros profesionais, realizarase o estudo correspondente en coordinación co Xefe de Estudos e co Xefe do Departamento de Orientación e estableceranse os correspondentes canles de coordinación entre os profesores especialistas e titores.

Este tipo de reforzo durará ata que o alumno supere as dificultades de aprendizaxe ou en casos puntuais durante todo o curso. Pode ser para unha área ou para máis pero, en todo caso, deben permitir a integración no seu grupo-clase.

VI.- OBXECTIVOS CURRICULARES DAS ESTAPAS EDUCATIVAS IMPARTIDAS. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS

1. EDUCACIÓN INFANTIL

➤ Principios Xerais

A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos de idade. O centro escolariza alumnos do segundo ciclo de educación infantil (3-6 anos).

A educación infantil ten carácter voluntario e a súa finalidade é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos.

➤ Principios pedagóxicos

- Atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio en que viven.
- Facilitarase que os nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiren autonomía persoal.
- Os contidos educativos organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para os nenos.
- Fomentarase unha primeira aproximación á lingua estranxeira, á lectura e á escritura, así como a experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e a comunicación e na expresión visual e musical.
- Os métodos de traballo basearanse nas experiencias, as actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social.

➤ **Obxectivos da Etapa**

- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formando unha imaxe positiva de si mesmo, valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción e de expresión, aprendendo a respectar as diferenzas entre o propio corpo e o dos demais e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.
- Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais desenvolvendo capacidades afectivas e a súa seguridade emocional, e adquirindo progresivamente iniciativa e confianza en si mesmo.
- Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social establecendo relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo, aprendendo a articular progresivamente os propios intereses, puntos de vista e achegas cos dos demais.
- Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, adquirindo progresivamente pautas elementais de convivencia, respondendo aos sentimentos de afecto, exercitándose na resolución pacífica de conflitos, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e de colaboración.
- Observar e explorar o medio inmediato cunha actitude de curiosidade e de coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunhas das relacións que se establecen entre eles.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio, amosando actitudes de respecto, interese e participación cara a elas.
- Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e de expresión.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión, axustándose ás diferentes situacións de comunicación habituais para comprender e ser comprendidos polos outros, expresar as súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos, avanzar na construción de significados, regular a propia conduta e influír na dos demais.

- Iniciarase nas habilidades lóxico- matemáticas, na lecto- escritura e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ao seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.

2. EDUCACIÓN PRIMARIA

A etapa de educación primaria ten carácter obrigatorio e gratuíto. Comprende tres ciclos de dous anos académicos cada un e organízase en áreas, que terán un carácter global e integrador.

As áreas desta etapa educativa son as seguintes:

- Coñecemento do medio natural, social e cultural
- Educación artística
- Educación física
- Lingua castelá e literatura
- Lingua galega e literatura
- Lingua estranxeira
- Matemáticas
- Educación para a cidadanía e os dereitos humanos (nun dos cursos do 3º ciclo)

As áreas que teñan carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos recibirán especial consideración.

No conxunto da etapa, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

➤ **Fins**

A finalidade da Educación primaria é proporcionar a todos os nenos unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, así como desenvolver habilidades sociais, hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade.

➤ **Principios Xerais**

Etapa educativa que comprende seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade.

Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo

➤ **Principios pedagóxicos.**

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballarase en todas as áreas. Co fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma (ver proxecto lector)

➤ **Obxectivos da etapa de educación primaria**

Contribuirán a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores básicos que rexen as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

- Establecer relacións equilibradas e construtivas, evitando condutas agresivas e violentas.
- Valorar criticamente as diferenzas de tipo social, rexeitando calquera discriminación por razóns de sexo, raza, ideoloxía ou doutras características individuais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Colaborar nas actividades de grupo, participando dun xeito democrático e contribuíndo a crear un clima de respecto, solidariedade e tolerancia.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar, escolar,... así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e a lingua galega, oral e escrita, nos distintos contextos e desenvolver hábitos e gusto pola lectura fomentando o uso da biblioteca do Centro e de aula.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás e contribuír ao respecto e coñecemento doutras culturas.
- Aplicar a linguaxe verbal, matemática, artística e musical ás distintas situacións nas que poidan atoparse nestas idades, aproveitando as saídas culturais aos distintos museos e institucións culturais, que lles ofrece o seu barrio e cidade (Auditorio, Centro Sociocultural...).

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e o seu coidado. Así mesmo valorar o contorno natural, social e cultural de Galicia e de España.
- Valorar as repercusións de certos hábitos que poden resultar danos e prexudiciais para a saúde e a calidade de vida.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social, valorando o exercicio físico como fonte de saúde e harmonizar a súa práctica co coñecemento e respecto do seu contorno e coa adquisición de hábitos saudables e hixiénicos.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico, participando en programas axeitados.

VII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES OFERTADAS

En xeral podemos dicir que todas as actividades indicadas están encamiñadas a fomentar unha serie de valores entre os que cabe destacar:

- Educar para a paz e a convivencia democrática.
- Respecto e comportamento adecuado en lugares públicos.
- Fomento da solidariedade.
- Defensa e respecto polo medio ambiente.
- Consumo responsable.

Actividades ofertadas por:

1. Polo propio Centro

- Biblioteca: todos os días, agás os martes, de 16:00 a 18:00 horas.
- Saídas culturais e de lecer.
- Viaxes culturais ao longo do curso.
- Conmemoracións e celebracións (Halloween/Samaín, agosto, Nadal, Paz, semana do Entroido, Semana das Letras Galegas, da Prensa, Día do libro....)
- Festivais. (Nadal e fin de curso)
- Animación á lectura no centro e noutros espazos segundo oferta
- Xornada de Acollida para os alumnos de 6º de E.P. no Instituto Armando Cotarelo Valledor, para coñecer as dependencias e participar en diversas actividades que se organizan coa finalidade de facilitar a súa incorporación ao mesmo o vindeiro curso.
- Actividades deportivas.
- Colaboración e participación na xornada de Portas Abertas
- Calquera outra que xurda e se considere de interese didáctico.

2. Pola ANPA

Os obradoiros, en función das demandas, poden variar curso a curso.

VIII. PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

- Plan Mellora De Bibliotecas Escolares)
- Seccións bilingües para o terceiro ciclo de primaria.
- **Voz Natura**
- **Contratos-programa: mellora da lectura, escritura e cálculo e PROA**
- **Máis e Mellor Actividade Física (MMAF)**
- **XOGADE**

IX. SERVIZOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

1. TRANSPORTE ESCOLAR

Cóntase con servizo ordinario de transporte escolar subvencionado.

2. COMEDOR ESCOLAR

Xestionado pola Consellería de Educación

X. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS (ANPA)

Contan cun local reservado para eles. Así mesmo dispoñen un taboleiro de anuncios para expoñer a información que consideren oportuna relacionada coa vida do centro.

Só poderán ser membros da citada Asociación os pais/nais/titores dos alumnos que cursan estudos no Centro.

FINALIDADES

As súas **finalidades** son as seguintes:

- Asistir aos pais ou titores no concernerente á educación dos seus fillos.
- Colaborar nas actividades educativas do Centro.
- Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do Centro.
- Facilitar a representación e a participación dos pais dos alumnos no Consello Escolar.

COMPETENCIAS

- Elevar ao Consello Escolar propostas para a elaboración da Programación Xeral Anual, para a modificación/revisión do PE e en particular do RRI
- Informar ao Consello Escolar dos aspectos da marcha do Centro que considere oportuno.
- Informar aos pais das súas actividades.
- Elaborar informes para o Consello Escolar a iniciativa propia ou por petición deste.
- Formular propostas para a realización de actividades complementarias que, unha vez aceptadas, deberán figurar na PXA
- Coñecer os resultados académicos e a valoración que dos mesmos realice o Consello Escolar.
- Recibir información sobre os libros de texto e materiais adoptados polo Centro.
- Fomentar a colaboración entre os pais e os mestres para acadar un mellor funcionamento.
- Dispoñer das instalacións do Centro nos termos que estableza o Consello Escolar.

ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES

A ANPA organiza actividades pola tarde.

Todos os alumnos do Centro teñen dereito a participar nas mesmas abonando as cotas correspondentes. Trátase de que os prezos sexan reducidos.

A planificación das actividades será aprobada polo Consello Escolar e incluída na PXA.

Así mesmo organízanse reunións ao comezo de cada curso académico para ofertar o seu apoio no referente á educación dos seus fillos, proposta de actividades a realizar e establecer relacións de colaboración e cooperación.

FORMAS DE COLABORACIÓN

Á hora de realizar actividades en colaboración con diferentes institucións ou de demandar algún tipo de intervención, farase a través do Equipo Directivo, que realizará a petición, por oral ou escrito dependendo das esixencias administrativas.

No caso da ANPA comunicarase a través dalgún membro da xunta directiva, sempre que sexa posible, a través do seu Presidente.

XI. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

➤ Concello de Vilagarcía de Arousa

A).- Servizos sociais: mantense contacto co Departamento de Educación e coa Traballadora Social do barrio para facer o seguimento de alumnos con problemas de integración así como para o control do absentismo escolar.

B).- Participase nas diferentes actividades que propón a Concellería de Educación do Excmo. Concello de Vilagarcía e a Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía, con niveis diferentes en función da actividade ofertada. As actividades nas que se participa con regularidade son:

- Bebidas saudables.
- Almorzos saudables.
- Igualdade de xénero.
- Festa do deporte.

C).- Concertos/teatro/exposicións,... no Auditorio : todos os alumnos do Centro.

Tamén se participará en calquera outra que se considere de interese didáctico.

➤ **Administración**

- Departamento Territorial da Consellería de Educación e O.U.
- Inspección de Educación
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria/ Fundación 061: Programa Alerta

Escolar que ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise. Infórmase aos pais no momento de formalizar a matrícula e aos que xa sendo antigos alumnos se detecta algunha problemática.

XII. FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN COAS FAMILIAS

Tendo en conta que a participación é a forma máis intensa de implicación dos pais no proxecto educativo contamos coa súa colaboración en celebracións, conmemoracións, etc.

- **Liñas xerais:**
 - No primeiro contacto solicítaselle á familia información sobre o alumno.
 - Posteriormente prodúcese un intercambio de información entre a familia e o Centro, nuns casos individualmente e noutros a nivel grupal.
- **Alumnos de novo ingreso:** aos pais/nais/titores de novos alumnos, información sobre o funcionamento do centro, visitas ás distintas dependencias, invitación a participar na xornada de portas abertas a finais do curso precedente á escolarización, etc.
- Reunións, a principio de curso, cos pais/nais/titores de alumnos dos diferentes niveis educativos. Asistirán todos os profesores que impartan docencia no nivel. Así mesmo, queda a criterio de cada titor, convocar máis reunións conxuntas. En Educación Infantil, 3 anos, o profesor titor recibirá a todos os pais/nais/titores legais.
- Reunións puntuais do profesorado e orientadora con familias concretas.
- Envío de circulares ás familias: relación de profesorado, horarios de atención de profesorado e equipo directivo, etc., e notas informativas.
- Envío de circulares e notas informativas da ANPA e doutras institucións.

- Asemblea xeral da ANPA no mes de setembro, co obxectivo fundamental de planificar as actividades extraescolares para o curso e ofertar o seu apoio e colaboración.
- Participación dos pais/nais/titores en actividades complementarias (festivais, festas gastronómicas, ...) e en actividades extraescolares tamén de fin de semana.
- Xornada de portas abertas, en maio ou xuño, na que se convida tamén aos pais/nais/titores preinscritos ou matriculados no centro para o vindeiro curso académico.

XIII.- INSTALACIÓNS DO CENTRO

1. USO DAS MESMAS

As instalacións escolares poderán ser utilizadas por persoas alleas á Comunidade Educativa, sempre e cando presenten a solicitude por escrito ante o Consello Escolar do Centro, que tomará unha decisión que de ser positiva daráselle trámite ao Departamento Territorial da Consellería de Educación e OU.

2. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Esta acorde co réxime de xornada establecida para o centro (xornada lectiva en sesión única de mañá). Ademais do tempo lectivo, as instalacións usaranse do seguinte xeito:

- **Biblioteca:**
 - Horario lectivo
 - Tempos de recreo para préstamos/devolucións
 - Todas as tardes, agás os martes, de 16:00 a 18:00 horas, para actividades de estudo, préstamos, devolucións,....
- **Ximnasio:**
 - Clases de Psicomotricidade e E.F. en horario lectivo
- **Aula Plástica:** 2º andar
- **Aula de Inglés:** Aula 2º andar.

- **Salón de usos múltiples do colexio:** diferentes obradoiros, comedor escolar, festivais
- **Pistas polideportivas:** xogo en tempo de recreo

XIV.- ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES.

Coa finalidade de pór en práctica o desenvolvemento dos currículos de infantil e primaria realizaranse as programacións docentes, estas deberán conter:

<p>Progragación de ciclo</p>	<p>Programación de aula</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Obxectivos de cada nivel • Contidos de cada nivel • Criterios de avaliación de cada nivel referidos as competencias básicas • Mínimos exixibles para o logro das competencias básicas • Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial • Criterios de cualificación • Actividades de recuperación e os reforzos para lograr a dita recuperación • Metodoloxía • Materiais e recursos • Medidas de atención á diversidade • Adptacións curriculares • Programación de educación en valores • Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación • Actividades complementarias e extraescolares • Concreción do plan de convivencia , do plan das tecnoloxías da información e da comunicación e como o plan anual de lectura encadrado dentro do proxecto lector. • Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> • Referente ao PE • Obxectivos didácticos(de cada unidade) • Unidades Contidos • Actividades de desenvolvemento das competencias básicas de cada unidade (Incluiranse actividades tics, actividades do plan lector, educación en valores, actividades complementarias...) • Metodoloxía. Estratexias didácticas • Actividades • Recursos • Materiais e recursos • Temporalización • Medidas de atención á diversidade • Criterios concretos de avaliación • Actividades previstas no proxecto lector • Prácticas de comprensión • Prácticas de fomento da lectura • Prácticas de fomento da escritura

XV.- ELABORACIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PE.

Daráselle a coñecer ós novos profesionais que se incorporen ao Centro.

Entregaráselle, se así o demandan, unha copia completa do mesmo á ANPA.

Este proxecto terase en conta á hora de realizar a PXA.

As propostas de modificación, se proceden, serán realizadas polo Equipo Directivo, polo Claustro, por calquera dos outros sectores representados no Consello Escolar ou por un terzo dos membros deste Órgano Colexiado.

Unha vez presentada a proposta, o Director fixará un prazo, polo menos dun mes, para o seu estudo por todos os membros do Consello Escolar.

A proposta de modificación será aprobada polo Consello Escolar.

ANEXOS

XVI.- PAUTAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para a elaboración do plan de acción titorial e de atención a diversidade, que forma parte do anexo do proxecto educativo, teremos enconta o seguinte:

- A optimización do proceso de ensinanza-aprendizaxe atendendo a diversidade da aula.
- A importancia da coordinación do equipo docente.
- desenvolvemento psicosocial do alumnado.
- A importancia da familia no ámbito da escola así como a importancia da necesidade de que sexa informadas e orientadas.
- A orientación académica dos alumnos
- Os cambios que se producen nos ciclos e etapas
- A necesidade de colaborar en plans que axuden a facilitar a convivencia no centro
- A integración de todo o alumnado

XVII.- PLAN DE REFORZO EDUCATIVO PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CICLO

1. DEFINICIÓN DO PROGRAMA

O programa consiste nunha serie de actuacións de reforzo para o alumnado de primaria que permanece un ano máis no mesmo ciclo. Desenvólvese na aula ordinaria e afecta ós alumnos/as que repiten curso e non necesitan medidas extraordinarias de apoio dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

As circunstancias sociais, económicas, culturais, étnicas ou persoais que inciden no marco da aula ordinaria fan que nesta etapa se deban de pór en marcha mecanismos de reforzo e labores de apoio para:

- Previr as súas dificultades e mellorar o seu éxito escolar.
- Mellorar as súas perspectivas escolares a través do reforzo nas distintas áreas do currículo.

- Contribuir á consecución das competencias básicas, incidindo especialmente na capacidade de comprensión e expresión do alumnado e na resolución de problemas.

Para o correcto desenvolvemento do programa é necesario acadar o meirande grao posible de implicación das familias, ás que se lle demandará un compromiso explícito co centro.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos que nos queremos plantexar para levar a cabo este plan son os seguintes:

- Reforzar a ensinanza das áreas instrumentais (entendendo estas como Matemáticas, Galego e Castelán) para que o alumnado repetidor adquira os contidos imprescindibles para o desenvolvemento das competencias básicas destas áreas, incidindo especialmente nas habilidades de comprensión e expresión e na resolución de problemas
- Potenciar a aprendizaxe e o rendemento deste alumnado mediante:
 - A adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo
 - A mellora nas habilidades asociadas á lectura e á escritura
 - Aprendizaxe de formas de traballo eficaces
- Favorecer a integración do alumno/a no novo grupo.
- Reforzar a autoestima
- Mellorar a motivación.
- Implicar ás familias na posta en marcha das actuacións previstas no programa.

3. DESTINATARIOS

Os destinatarios deste programa serán:

1. Alumnado do centro que deba permanecer un ano máis no ciclo e non presente necesidades educativas específicas, posto que para apoiar a este alumnado o centro conta con profesor/a especialista de Pedagogía Terapéutica e profesor/a de Audición e Linguaxe, este último compartido con outro centro.
2. Titores/as e outro profesorado do centro que se fará cargo de aplicalo e do seu seguimento.
3. Familias implicadas.

4. RESPONSABLES

- Titores/as (elaboran os plans individualizados, aplícanos e fan o seguimento personalizado)
- Profesorado que, por razóns organizativas, imparta Castelán, Galego e/ou Matemáticas nunha titoría (terán as mesmas función que os titores/as)

5. OUTROS PROFESIONAIS IMPLICADOS

- Profesorado con horas dispoñibles para apoiar na aula en actividades lectivas (axuda ó profesorado responsable a aplicar o plan)
- Departamento de Orientación (realiza tarefas de asesoramento, colabora no seguimento do plan e na súa avaliación e elabora orientacións para as familias)
- Xefatura de Estudos (organiza os apoios nas aulas en coordinación co Departamento de Orientación, facilita a axeitada coordinación dos profesionais implicados, sigue o avalía o desenvolvemento do plan).

6. FASES

Establecemos as seguintes fases para a súa posta en práctica:

1) Fase diagnóstica: (mes de xuño)

Na última sesión de avaliación de cada ciclo e dentro do proceso de E-A o titor/a, tendo en conta a lexislación vixente, unha vez posta en marcha as actuacións anteriores á repetición, decidirá que alumnos ou alumnas deberán permanecer ou non un curso máis no ciclo e os que participarán neste programa.

2) Fase de Inicio: (setembro - outubro)

Nesta fase os mestres que interveñen na aula, coordinados polo orientador ou orientadora, iniciarán o plan para cada alumno/a en función das necesidades que presente, non so académicas, senon tamén emocionais, sociais... O titor/a ou profesor responsable de áreas instrumentais, diseñará, co asesoramento da orientadora do centro, un PLAN INDIVIDUALIZADO DE MELLORA DAS APRENDIZAXES, que se desenvolverá dentro da aula ordinaria.

Planifícaranse as actuacións e recursos para a atención deste alumnado e realizarase unha entrevista coa familia, na que deberán asumir un compromiso de colaboración por escrito.

3) Fase de seguimento: (resto do curso)

Durante esta fase de traballo diario dentro da aula os titores/as ou o profesorado responsable farán un seguimento personalizado para comprobar a efectividade das estratexias planificadas e incorporar as modificacións e melloras que se consideren oportunas.

Para garantir a consecución das competencias básicas deberase traballar con tres criterios básicos:

- a) Repetir os contidos en forma continuada ata afianzalos.
- b) Secuenciar correctamente os contidos e as aprendizaxes
- c) Integrar os contidos na vida diaria (adquisición da competencia)

Periódicamente, realizaranse reunións co Departamento de Orientación, que asesorará na adopción de medidas correctoras do plan individualizado, de ser o caso. O tratado nestas reunións deberá quedar recollido nun documento elaborado para este fin.

4) Fase final ou de avaliación: (xuño)

Terase en conta os seguintes aspectos:

- **Progreso nos resultados das avaliacións**
- **Progreso en canto a actitude**
- **Nivel de autoestima e confianza en sí mesmo/a.**
- **Integración no grupo e relacións cos demais**
- **Implicación familiar**

7. ORGANIZACIÓN

Para a elaboración, implantación e seguimento deste plan é necesaria a coordinación e a colaboración da familia, profesorado e departamento de orientación.

7.1. PROFESORADO

Por parte do titor/a:

1. Funcións de guía e orientación, proporcionando os materiais axeitados.
2. Estimularán ao alumnado para que acade os obxectivos marcados.
3. Axudarán ao alumnado na organización do traballo e na adquisición de hábitos de estudo.
4. Valorarán o seu esforzo e constancia.

7.2 NA AULA

- 1.- Faranse, fundamentalmente, actividades que permitan adquirir as habilidades de lectura comprensiva, expresión escrita e oral, conceptos e operación matemáticas básicas e resolución de problemas.
- 2.- Traballarase de xeito organizado buscando aquelas actividades que conduzan a adquisición de hábitos de estudo.
- 3.- Durante o horario escolar e nas horas adicadas ás áreas instrumentais, realizaranse as actividades programadas para a consolidación dos coñecementos esenciais lingüísticos e matemáticos, graduando a súa dificultade en función da progresiva adquisición de competencias básicas.
- 4.- Coidarase que a organización da aula sexa a máis favorable para o desenvolvemento do plan: distribución en grupos e estruturas de traballo cooperativo.

7.3.- FAMILIA:

É necesario que exista colaboración e coordinación entre a familia e a escola para que o potencial educativo das dúas institucións se vexa reforzado, o que favorecerá o desenvolvemento xeral do alumno/a e, como consecuencia, unha boa disposición cara a aprendizaxe.

O centro e, en concreto, o titor ou titora, ó plantexarse o reforzo necesario para que o alumnado que permanece un ano máis no ciclo supere as súas dificultades, debe incidir tamén en que a familia pode e debe intervir de forma positiva no éxito escolar dos seus fillos. Por eso é

fundamental conseguir a súa implicación e buscar o seu compromiso explícito de colaboración e seguimento do programa de mellora das aprendizaxes do seu fillo/a. O centro comprometerase, así mesmo, a ofrecerlle os recursos e o asesoramento necesario para elo.

Polo tanto, no compromiso que firmará a familia, deberá constar:

- a) Ó que cada parte se compromete
- b) Os recursos que se aportarán para a consecución dos obxectivos
- c) O plan de seguimento dos pais e as reunións periódicas co titor/a.

Co fin de acadar a máxima eficacia do programa, nas reunións periódicas coa familia o titor/a:

- Intercambiará opinións sobre as actividades que se levan a cabo para axudar ó fillo/a a resolver os problemas que se lle presenten e como valoran o traballo que se fai no centro.
- Interesarse por se revisan e están pedentes das tarefas dos fillos/as, a organización do tempo libre e se adican o suficiente tempo diario na casa ó estudio.
- Asesorará acerca de en que e como deben axudar.
- Recordaralle a importante función que teñen e animará a que sexan constantes e pacientes.

7.4.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación:

- Asesorará ó profesorado, a xefatura de estudos e ás familias.
- Colaborará na coordinación das actuacións do profesorado implicado
- Prestará o soporte técnico necesario, elaborando protocolos para a elaboración e seguimento dos plans individualizados e orientacións para as familias.

8. MATERIAL DE APOIO. RECURSOS

Como recursos materiais e do centro o titor empregará os que mellor se adapten ás características de cada alumno/a:

- Material de aula.
- Caderniños de traballo, Axenda, xogos...
- Biblioteca e espazos do centro.
- Equipos informáticos: xogos en PC

9. AVALIACIÓN DO PLAN

O longo do mes de xuño os titores/as ou mestres/as responsables, realizarán a valoración da aplicación dos programas individuais así como do progreso do alumnado. Esta valoración recollerase no protocolo de seguimento e terá en conta:

- Funcionamento do programa
- Adaptación do programa ao alumno/a
- Resultados obtidos
- Valoración da familia

A xefatura de estudos, coa colaboración do Departamento de Orientación, encargarse de avaliar o presente plan e incorporará a valoración e propostas de mellora, de ser o caso, á memoria anual do centro.

XVIII.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO-NOF (antigo *Regulamento de Réxime Interno*)

0. MARCO LEGAL

Este RRI enmárcase dentro da normativa vixente:

- Real Decreto 732/1995, de 5 de mayo de 1995, derechos y deberes de los alumnos y normas de convivencia
- LEY 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa.

1.- INTRODUCCIÓN. PRINCIPIOS XERAIS DE CONVIVENCIA:

O Colexio de Educación Infantil e Primaria de Rubiáns constitúe unha comunidade educativa de convivencia, traballo e estudio.

Na liña do PE do centro, inténtase conseguir un centro integrador e transmisor de valores cívicos, onde se lles inculque ós alumnos/as un profundo respecto polos dereitos humanos, coa total comprensión de que a liberdade de cada un remata onde comeza a do outro, cunha actuación conforme ós principios de tolerancia e respecto así como a aceptación das diferenzas individuais, ben sexa de raza, color, capacidades, nivel social,...

Da necesidade de garantir a actividade educativa do centro xurde este "**NOF**" coma un documento que recolle un conxunto de normas que regulan a convivencia e establecen a estrutura organizativa da comunidade do C.E.I.P de Rubiáns dentro do marco lexislativo vixente, garantindo a actividade educativa do centro, fixando as canles de participación, organización e funcionamento dos distintos estamentos do centro educativo: alumnos/as, pais/nais/titores, profesores/as e persoal de servizos; favorecendo o funcionamento das distintas estruturas da institución e ordenando os recursos materiais e personais para un mellor labor educativo.

Este regulamento constitúe a complementación da lexislación vixente en materia educativa así como de todas as disposicións adicionais que afecten ó funcionamento do Centro.

O "**NOF**" será de obrigado cumprimento para todos membros da Comunidade Educativa. Este documento será dado a coñecer a todos os mestres/as do Centro, do mesmo xeito ás familias

serán informadas da súa existencia e contidos nas reunións que teñan lugar o comezo de curso en cada nivel.

PRINCIPIOS XERAIS DE CONVIVENCIA

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

As **normas sobre participación directa das familias** e, se é o caso, dos restantes membros da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo establecidas nesta lei oriéntanse aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

- a) A participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino polos poderes públicos que garante o punto 5 do artigo 27 da Constitución española e o artigo 118 da Lei orgánica de educación.
- b) A regulación de procedementos de consulta e participación directa das familias, e, de ser o caso, doutros colectivos da comunidade educativa, no ensino, complementarios das canles institucionalizadas de participación nel e no funcionamento e goberno dos centros docentes previstos na lexislación educativa.
- c) A mellora da comunicación entre o profesorado e as nais e pais ou as titoras ou titores para facilitar a estes o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

2.- PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO:

Indícanse a continuación algúns aspectos relativos ós dereitos e deberes de cada un dos membros da comunidade educativa do C.E.I.P. de Rubiáns. Os citados dereitos e deberes son a plasmación na práctica das indicación feitas a nivel lexislativo e do acordo mutuo entre Colexio e Familias.

2.1.- O PROFESORADO

Debemos ter en conta que coa actual lei de convivencia, no seu artigo 11, concédelle a o profesorado a *Condición de autoridade pública*. Así mesmo establece:

- 2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.
- 3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do

centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

2.1.1.- O profesorado que imparte docencia no C.E.I.P. de Rubiáns ten os seguintes **DEREITOS**:

- Dereito a opinar e presentar suxestións, ideas ou problemas para a organización do centro, tanto individualmente como a través do claustro, equipos de ciclo, .
- Dereito á liberdade de docencia para desenvolver a súa labor docente.
- Dereito a dispoñer dos medios técnicos e materiais para desenvolver as súas funcións docentes, segundo o permitan as posibilidades do centro.
- Dereito á información permanente sobre as comunicacións oficiais ou o funcionamento do centro. Dereito ó respecto á súa dignidade persoal e profesional, á súa ideoloxía e as súas opinións.
- A que unha vez aprobada unha medida polo Consello Escolar do Centro poidan percibir unha cantidade en concepto de **dieta** a cargo do orzamento de gastos de funcionamento do Centro, naqueles casos en que acompañen ós alumnos/as nunha excursión (saída cultural) que teña lugar durante todo o día, incluídas as horas do xantar. A estes efectos, e sempre que sexa posible, deberá aportarse factura dos gastos efectuados na saída como xustificante do gasto.
- Dereito a autoformación e actualización pedagóxica
- Dereito á renovación e perfeccionamento profesional dentro do centro, sempre que sexa posible a organización de actividades programadas paratal fin.
- Dereito a presentar candidatura para formar parte dos distintos órganos de goberno do centro.

- Dereito a participar na vida activa e na planificación das actividades do centro.
- Dereito a ser advertido cunha antelación mínima de 48 horas para as reunións xerais (Claustro, Consello Escolar) convocadas polo equipo directivo, agás as de carácter urxente.
- Dereito a ser respectado polos membros da comunidade educativa.
- Dereito a ser o primeiro informado respecto de calquera queixa sobre a súa actitude ou labor no centro.
- Dereito aos permisos establecidos na lei.
- Dereito a exercer o seu dereito á folga.
- Dereito a chamar aos pais dos alumnos cando o estimen oportuno.
- A ser respectado, recibir un trato adecuado y ser valorado por el resto de la comunidad educativa y la sociedad en general en el ejercicio de sus funciones.
- A desenvolver su función docente en un ambiente educativo adecuado en el que se preserve en todo caso su integridad física y moral.
- A participar y recibir la colaboración necesaria para la mejora de la convivencia escolar y de la educación integral del alumnado.
- A que se le reconozcan las facultades precisas para mantener un adecuado ambiente de convivencia durante las clases y las actividades y servicios complementarios y extraescolares.
- A la protección jurídica adecuada a sus funciones docentes.
- A participar directamente en el proceso educativo cuando sea consultado por la Administración educativa
- A acceder a la formación necesaria en la atención a la diversidad y en la conflictividad escolar y recibir los estímulos más adecuados para promover la implicación del profesorado en actividades y experiencias pedagógicas de innovación educativa relacionadas con la convivencia y la mediación.

2.1.2.- O profesorado que imparte docencia no C.E.I.P de Rubiáns ten os seguintes DEBERES:

- Asistencia con puntualidade á clase e todas as actividades académicas.

- As ausencias comunicaranse previamente ó Xefe ou xefa de Estudos e de non poder prevelas, notificaranse o antes posible co fin de organizar as substitucións pertinentes.
- Cumplir na súa totalidade a xornada laboral.
- Acudir con máxima puntualidade ós inicios e ós cambios de clase.
- De estar presente co seu alumnado tanto nas clases coma nas actividades complementarias, facéndose cargo dos mesmos ata o remate do horario escolar.
- No caso dos alumnos con n.e.e. que reciban apoio fóra da aula, así como asistencia a clases cos especialistas, de xeito xeral, deberá esperarse a que veña a recollelos a persoa que os vai a atender, e nunca mandalos por conta propia ó lugar onde vaian a recibir o apoio.
- De comunicar ó Equipo Directivo calquera actividade que implique a modificación do horario escolar establecido, así como non saír do centro escolar co alumnado sen previa comunicación á dirección do centro.
- Respeitar a dignidade física e psíquica do alumnado
- Velar polo cumprimento das normas de convivencia no centro así como da disciplina na realización doutras actividades tanto dentro coma fora do recinto escolar.
- O/a mestre/a é o encargado en cada unha das horas lectivas de velar polo mantemento e limpeza da aula, así como do mantemento dos materiais e aparellos que haxa en cada unha delas.
- Cumprimentar a documentación do alumno na parte que lle corresponda como mestre/a. Os/as titores/as cumprir coas tarefas que lle son encomendadas segundo a normativa vixente.
- Elaborar as programacións de aula en función do indicado no P.C.C.
- Asistir e cumprir o acordado nas reunións efectuadas, segundo o indicado na lexislación vixente.
- Programar as actividades para os seus alumnos no caso de ausencias previstas.

- Facer unha avaliación continua, informando á familia de cada alumno do resultado da mesma.
- Recibir aos pais, nais ou titores legais dos alumnos os días de visita sinalados ao efecto.
- Resolver calquera problema de indisciplina que lle xurda cos seus alumnos na aula. No caso de que sexa fóra da aula resolverá, normalmente, o profesor titor. En ámbolos casos, se a situación fose grave, intervirá o xefe de estudos ou o director, aos que se informará.
- Non expulsar ao alumno da aula, agás en casos excepcionais, comunicandollelo ao profesor titor e ao xefe de estudos no caso de ter que facelo, permanecendo o alumno nestes casos baixo a vixilancia do profesor que se atope de garda ou de estar este substituíndo dalgún membro do Equipo Directivo.
- Tratar de evitar que o alumnado permaneza nas aulas fóra do horario de clase sen estar algún profesor presente.
- Vixiar e atender aos alumnos durante o recreo.
- Orientar e asistir ao seu alumnado en todo aquilo que incida na súa educación e seguridade, dentro do horario escolar.
- Organizar as entradas e saídas da aula do alumnado. Os mestres que teñan recreo abrirar as portas de entrada ao centro unha vez que toque o timbre, nese intre os alumnos deben estar colocados en fila e unha vez en silencio comenzarán a entrar no centro con orden. Pola primeira porta entrarán 1º,2º,3º de Educación Primaria e pola outra 4º,5º e 6º de Educación Primaria. Unha vez que soe o timbre cada profesor titor ou especialista recollerá no descanso das escaleiras o grupo con que ten clase nese momento non deixando ao alumnado en ningún momento desatendido. Pola entrada principal entrarán os alumnos e alumnas de El estando os mestres/as que teñan clase con eles á 1º hora na porta para recollelos.

Pasados 10 minutos da entrada, pecharase a porta de entrada, tendo que cubrir polo pai/nai/titor a falta de puntualidade do seu fillo ou filla no momento de entrada ao centro.

- Velar pola educación integral do alumnado dentro das posibilidades do centro.

- Respetar as conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas, ao amparo da Constitución, de todos os membros da comunidade educativa, non permitindo discriminación algunha.
- Evitar por todos os medios promover actitudes que poidan atentar contra a harmonía na convivencia da comunidade educativa.
- Colaborar no goberno e organización do centro.
- Velar porque as dependencias, materiais e aparellos do colexio estean en condicións axeitadas para o traballo.
- Gardar secreto rigoroso, dentro do máximo posible, sobre os asuntos tratados nos claustros e nos consellos escolares, se forman parte do mesmo, diante das persoas alleas ao centro.
- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoal de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisión oportunas e necesarias para manter un axeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servicios complementarios e extraescolares, corrixindo cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado , e en caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e en particular das situación de acoso escolar.
- Informar aos responsables do centro docente e no seu caso a Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e circunstancias persoais e familiares do alumnado.

2.1.3.- ADSCRIPCIÓN DOCENTE:

O órgano competente será a Dirección do Centro a proposta da Xefatura de Estudos e realizarase no primeiro claustro do curso. A proposta da Xefatura de Estudos deberá prestarlle-la mellor atención posible ás necesidades do alumnado, rendabilizar ó máximo o capital humano dispoñible, respectar en todo caso o posto de traballo e/ou especialidade que cada mestre/a teña

pola súa adscrición ó Centro e respectar o dereito de cada grupo de alumnos/as a manter o mesmo titor durante todo o ciclo. Procurando que un grupo de alumnos, por criterios pedagóxicos, non estea máis de dous cursos co mesmo mestre/a.

No suposto de que no Centro haxa varios mestres aspirantes ó mesmo ciclo ou curso, terase en conta:

- a non permanencia de dous anos no mesmo grupo.
- maior antigüidade como propietario definitivo no centro
- maior antigüidade no corpo como funcionario de carreira
- menor número de rexistro persoal ou de orde de lista se é o caso.

2.1.4.- A elaboración dos HORARIOS DO CENTRO

Os horarios do Centro realizaranse sempre e cando as circunstancias o permitan ó inicio do curso.

Para elaboralos terase en conta as seguintes indicacións:

- Atendendo á lexislación vixente terase en conta a necesidade de reunión dos Equipos docentes, así como o tempo necesario para as tarefas de coordinación.
- Axeitar dentro do que se poida en función do número de mestres do centro o horario de cada un/unha para facer cumprir a lexislación vixente referida ás horas lectivas e non lectivas.

2.1.5.- Con respecto ás SUBSTITUCIÓNS:

Ante a ausencia dalgún mestre/a a orde establecida para as mesmas será a seguinte:

- En primeiro lugar o profesorado que está de garda nesa hora.
- No caso de que non chegue co de garda irá o mestre/a que teña a súa hora de coordinación, ou de ser o caso se non chega o mestre/a de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe.

Ante a falta coñecida de antemán dun mestre/a, este deberá deixar traballo preparado para que o leven a cabo os mestres/as sustitutos/as, sempre e cando esto sexa posible. Unha vez coñecida a falta do mestre/a farase un cadro de substitucións que estará no taboleiro da sala de mestres onde se poderá consultar a quen lle corresponde substituír ese ou ese días, tamén se lle poderá avisar persoalmente.

2.1.6.- Son **tarefas dos MESTRES DE GARDA DE RECREO** as que se indican a continuación:

- Respetar os horarios e gardas de recreo sendo o máis puntais posibles. Mantendo tres profesores de garda, dous para educación primaria e un para infantil, debendo turnarse para que non vaia sempre o mesmo mestre/a a o mesmo patio de recreo.
- Velar pola seguridade dos alumnos/as e mante-la orde e disciplina nas entradas e saídas, así como no patio. A tal efecto baixarase con puntualidade para que os alumnos/as estean vixiados en todo momento.
- Velar para que as portas de entrada de entrada ó recinto e os baños durante o recreo.
- En ausencia do mestre/a de garda cubrirá o seu posto aquel ó que lle corresponda por orde na lista de substitucións que estará exposta no taboleiro da sala de profesores.
- Atender ó alumnado que teña sufrido algún percance ou accidente, comunicándoo inmediatamente á Dirección, cubrindo o correspondente parte de incidencias que se encontra na secretaría do centro.

2.1.7.- Ó respecto das **LICENCIAS E PERMISOS** dos mestres/as teranse en conta as consideracions previstas na lexislación vixente ó respecto.

2.1.8.- Asistencia a **ACTIVIDADES DE FORMACIÓN**:

A admisión a actividades de formación do profesorado que se desenvolvan dentro do horario lectivo implica a autorización para asistir ás mesmas que será remitida á inspección e á dirección do Centro segundo o modelo existente.

As actividades organizadas polos CEFORES só poderán asistir os mestres fora do seu horario lectivo.

2.2.- O ALUMNADO

2.2.1.- Os/as alumnos/as que asisten ó C.E.I.P de Rubians ten os seguintes DEREITOS:

- Os alumnos/as teñen dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- Dereito ás mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveis do ensino.
- Pedir e recibir información das súas avaliacións así como da súa marcha nas distintas materias.
- Dereito a que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.
- Recibir orientación escolar e profesional para acadar o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional segundo as súas capacidades.
- Dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Respecto á súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como á súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
- Respecto pola súa integridade física ou moral e a súa dignidade personal, non podendo ser obxecto de tratos vexatorios ou degradantes.
- Dereito á liberdade de expresión sen perxucio dos dereitos doutros membros da comunidade escolar e ó respecto que merecen persoas e institucións.
- Dereito a ser admitidos no centro, sempre que se cumpran os requisitos regulamentados.
- Dereito a un trato de igualdade cos demais membros da comunidade educativa.

- Dereito a que as súas características persoais ou familiares sexan materia reservada na información do centro.
- Dereito a ser asistido pola Lei de Protección de Menores no caso de malos tratos.
- Dereito a participar na vida do centro, tanto nas actividades manifestar as súas discrepancias naquilo que lles afecte persoal ou colectivamente.
- Dereito ao uso e aproveitamento das dependencias, instalacións e outros aparellos, dentro do horario de permanencia no centro, cos límites derivados da seguridade e os fins perseguidos.
- Dereito a ter un titor.
- Dereito a presentar queixas e a ser escoitado no caso de que se sinta lesionado nalgúns dos seus dereitos, sempre seguindo a canle debida: titor, equipo docente, equipo directivo, consello escolar.

2.2.2.- Os/as alumnos/as teñen os seguintes DEBERES:

- Asistir a clase con puntualidade e participar no desenvolvemento das actividades docentes acadando un aproveitamento óptimo de todos os contidos curriculares que se desenvolvan nas distintas sesións lectivas.
- Aportar os materiais didácticos necesarios, na medida das posibilidades económicas da familia, para o desenvolvemento das actividades docentes.
- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- Comunicar e xustificar as faltas de asistencia diante do titor/a.
- Respectar o dereito de estudio dos compañeiros/as.
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe.
- Respectar a dignidade, a integridade física e psíquica, e a intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

- Non discriminar ningún membro da comunidade educativa por razóns de nacemento, raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Respetar o proxecto educativo e o carácter propio do centro, dacordo coa lexislación vixente.
- Participar nas actividades complementarias como unha actividade docente máis, sendo obrigatoria a súa asistencia á clase no caso de non realizalas.
- Coñecer e cumprir as normas recollidas no R.R.I. colaborando na boa marcha da aula e do centro.
- Coidar e manter limpos e ordeados os espazos e enseres a utilizar por cada un (mesa, cadeira, encerados...) así como manter a hixiene nos espazos do Centro (patios, servicios...)
- Comunicar ó titor/a, mestre/a ou membro do Equipo directivo calquera alteración ou problema que poida suceder no centro escolar.
- Cumplir unhas normas de elemental civismo e comportarse adecuadamente en todo momento nas paradas do transporte escolar e dentro dos autobuses.
- Participar nas gardas de limpeza do patio que poidan organizarse no centro.
- Aboar os desperfectos ou avarías que sexan producidos por descoidos, mala intención ou negligencia.
- Manter o patio e o recinto escolar limpo: usar as papeleiras.
- Respetar valados, plantas e árbores do recinto escolar.
- Comportarse con civismo e educación durante o percorrido do transporte escolar.
- Non saír a buscar balóns u outros obxectos fóra do recinto escolar sen permiso.
- Respetar as zonas de xogo.
- Colaborar cos máis pequenos no cumprimento das normas.
- Respetar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- Participar na vida e funcionamento do centro en xeral

2.2.3. Son deberes básicos de convivencia del alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervenir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

2.3.- FAMILIAS:

2.3.1.- Os pais/nais, tutores/titoras dos alumnos/as teñen os seguintes **DEREITOS** para facer máis efectiva a súa participación na vida do centro:

- Dereito a asociarse e manter contactos co centro a través da súa asociación.
- Solicitar consello sobre a orientación escolar e profesional dos seus fillos.
- Aportar suxestións e iniciativas que produzan melloras na convivencia e na calidade do ensino.
- A ser informado das medidas correctoras e sancións aplicadas ós seus fillos/as
- A facer as oportunas reclamacións, a través das vías e procedementos legalmente establecidos.

- Esixir que se cumpla correctamente a acción titorial.
- Esixir que se atendan todos os dereitos do alumnado.
- Dereito a ser informados ó comezo de curso dos aspectos referidos no presente regulamento e do Programación Xeral Anual.
- Dereito a ser recibidos e informados persoalmente polos titores ou mestres, previa solicitude ou segundo o horario establecido.
- Dereito a reclamar contra os resultados da avaliación final no prazo sinalado pola lei e segundo as vías establecidas.

2.3.2.- Os pais/nais, titores/titoras dos alumnos/as teñen dereito a participar na vida co Centro.

Para exercer dito dereito deberán atender ós seguintes **DEBERES**:

- Coñecer e cumprir o presente Regulamento de Réximen Interno.
- Mante-los contactos necesarios co titor/a para seren informados e colaborar no proceso de aprendizaxe dos seus fillos.
- Cooperar co Centro para as actividades nas que sexan requeridos.
- Colaborar co profesorado atendendo ás súas orientacións para mellorar proceso educativo dos seus fillos.
- Participar na actividade do Centro a través do Consello escolar.
- Xustificar debidamente as faltas de asistencia dos seus fillos/as
- Ser puntuais na entrada ás aulas e na saída do Centro.
- Comunicar coa maior urxencia ao equipo directivo do centro de calquera enfermidade infecto-contaxiosa que poidan ter contraídos os seus fillos, así como de calquera necesidade ou característica especial que poida presentar o neno, tendo sempre en conta que esta comunicación será tratada como información reservada.
- Cumprimentar as solicitudes ou calquera tipo de documento que lles solicite o centro.
- Responsabilizarse dos desperfectos ou avarías que ocasionen os seus fillos no centro.

- Non pasar ás dependencias de uso exclusivo do profesorado (sala de mestres, dirección...) sen autorización previa. Non subirán as aulas, nin a levar nin a recoller os seus fillos/as.
- No caso de ser necesario acudir ás aulas durante a xornada lectiva, deberase solicitar autorización previamente nas dependencias de uso exclusivo do profesorado.
- Os seus fillos fillas ou titores legais deberán vir ó centro en debidas condicións hixiénicas, roupa limpa e aseados.
- Procurarán que os fillos/as acudan co material necesario para realizar tarefas escolares.
- Acudir cos seus fillos e fillas con puntualidade ao centro escolar, cubrindo de ser o caso, unha solicitude de permiso de saída do centro, de falla de puntualidade e no caso de levalo e volvelo traer a solicitude de horario de chegada.
- Cando se lle impoña unha sanción a algún alumno/a, os pais deben pensar que se trata de dunha actuación de boa fe e que non ten interese algún en provocar situacións incómodas ou comprometidas para a comunidade educativa.
- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- Tomando co maior interese as orientacións ou consellos que o profesorado ofrezca sobre os seus fillos, así como as cualificacións sobre o seu proveitamento e conducta que figuran nos seus boletíns de calificacións, que recibirán ó remate de cada avaliación.
- Interesarse periódicamente pola marcha académica dos seus fillos/as, asistindo ás reunións que se convoquen ou ben solicitando entrevistas co profesorado.

- Procurar que os seus fillos, sempre que sexa posible, teñan un ambiente familiar propicio para o estudo e o traballo, cun lugar axeitado para estes menesteres e evitando situacións pouco favorables como o exceso de televisión, videoxogos, falta de descanso...
- Calquera sanción que lle sexa imposta a un alumno/a deberá sempre ir encamiñada á súa educación e formación. Pais/nais/titores/titoras dos alumnos/as deberán facerllo comprender ós seus fillos/as.

2.4.- OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA:

2.4.1.- Normas xerais:

O **persoal non docente** participa na vida do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar. Ademais o persoal non docente protagoniza xunto co profesorado, alumnado e familias a actividade educativa.

Como norma xeral deben:

- Ser respectados no exercicio das súas funcións
- Formular diante dos órganos de goberno do colexio as suxestións, queixas ou peticións que estimen oportunas.
- Solicitar información de todo o funcionamento do centro en relación coa súa labor
- Tratar con respecto a todos os membros da comunidade educativa.
- Gardar discreción sobre as deliberacións e problemáticas internas do Centro.
- Poñer en coñecemento da dirección canto poida significar algunha mellora, así como sobre o comportamento irregular do alumnado.
- Tratar de manter e conservar as instalacións do centro, informando de desperfectos que se ocasionen ben polo uso ou ben por "bandalismo", para proceder a súa reparación.

No tocante a limpeza do centro manteranse limpas todas as instalacións do centro. Coidarase a limpeza diaria do chan e mesas das aulas de educación infantil. Atenderán as suxerencias feitas polo equipo directivo do Centro con respecto a limpeza do centro escolar.

3.- NORMAS DE CONVIVENCIA:

As normas de convivencia deben garantir un clima de colaboración e respecto dentro da comunidade educativa, a fin de evitar a adopción de medidas disciplinarias. Estas normas e as conductas contrarias a elas así coma as medidas preventivas e as correccións que correspondan quedan reflexadas na lexislación vixente no Real Decreto sobre os dereitos e deberes dos alumnos/as, coas matizacións establecidas neste Regulamento.

Todas as medidas correctoras que se leven a cabo terán sempre un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

3.1.- NORMAS XERAIS:

Como norma xeral establécese o mutuo respecto e colaboración entre todos os membros da Comunidade Educativa. É deber fundamental de todos os que constitúen o centro crear un clima de convivencia e eficacia educativa, nun proceso aberto no que, cun máximo de liberdade, prime a autorresponsabilidade e o compromiso mutuo de respectar e garanti-los dereitos dos outros.

- É obrigación do alumnado asistir a clase e permanecer no Centro durante as horas lectivas. O alumnado non poderá trasladar mobles dunha dependencia a outra sen a autorización expresa dun profesor/a. Igualmente queda incluído neste artigo o mover de sitio os bancos e adornos dos corredores.
- Todos os membros da Comunidade Educativa están obrigados a coidar e facer coida-lo edificio e facer un bo uso do mobiliario e do material docente.
- Cada grupo de alumnos/as é responsable do coidado e mantemento da aula na que realizan as súas tarefas.
- O equipo de profesores que imparte clase no grupo, coordinado polo titor/a, velará ó longo do curso pola limpeza e bo estado da clase. A actitude do alumnado que reiteradamente lixe o material da aula será considerada falta leve, e ademais os alumnos/as deberán limpa-la aula ou material para deixalo como estaba.
- Todo deterioro provocado por un uso indebido deberá ser reparado, e, no seu caso, aboado polo seu autor ou autores. Este feito será obxecto de falta leve.

- Non se permitirá a utilización, durante as actividades docentes, de teléfonos móbiles, alarmas, aparellos musicais, nin calquera outro tipo de elementos alleos á clase que poidan impedi-lo desenvolvemento normal desta. Se por circunstancia excepcional houberse necesidade por parte dos pais/nais/titores de comunicarse co alumno/a farao a través do teléfono do centro.
- As mesas e sillas deberán estar ben colocadas e en orde, na posición que indique o titor/a. Se un profesor/a opta por outra colocación, coidará que ao remate da súa clase o mobiliario quede na súa posición inicial.
- O alumnado e os demais membros da Comunidade Educativa usarán as papeleiras para depositaren calquera tipo de lixo e de residuos.
- Cómpre vir ao centro limpo e aseado.
- Na aula hai que mante-la debida compostura e dedica-lo seu uso para o labor docente.
- Os corredores son dependencias de paso, polo que hai que gardar orde, evitando accións tales como gritos, carreiras, aglomeracións, etc.
- A Sala de profesores/as é o lugar de reunión do profesorado. O acceso do alumnado non está permitido sen autorización.
- Non se permitirá, sen autorización previa, a entrada ó Centro de persoas alleas á comunidade escolar.

3.2.- ENTRADAS E SAÍDAS:

Os autobuses deberán estacionar sempre nas dársenas pintadas a tal efecto. Os vehículos de pais, nais, titores, familiares, etc deberán sempre deixar expedita a zona de libre tránsito e en ningún caso entrar cos vehículos dentro do recinto escolar salvo autorización expresa da dirección do centro en casos excepcionais.

Unha vez baixen dos seus respectivos autobuses, os alumnos/as dirixíranse con coidado polas beirarrúa ata acceder o centro pola cancela de entrada, debendo permanecer dentro do recinto ata que toque a serea de entrada ás aulas. En ningún caso accederán as zonas de parques infantiles, xa que o xogo nesas zonas deberá estar sempre controlado polo profesorado.

- Os mestres que teñan recreo abrirán as portas de entrada ao centro unha vez que toque o timbre, nese intre os alumnos deben estar colocados en fila e unha vez en silencio comenzarán a entrar no centro con orden. Pola primeira porta entrarán 1º,2º,3º de Educación Primaria e pola outra 4º,5º e 6º de Educación Primaria. Unha vez que soe o timbre cada profesor titor ou especialista recollerá no descanso das escaleiras o grupo con que ten clase nese momento non deixando ao alumnado en ningún momento desatendido. Pola entrada principal entrarán os alumnos e alumnas de EI estando os mestres/as que teñan clase con eles á 1º hora na porta para recollelos.

Pasados 10 minutos da entrada, pecharase a porta de entrada, tendo que cubrir polo pai/nai/titor a falta de puntualidade do seu fillo ou filla no momento de entrada ao centro.

Para as **saídas**, tocará un timbre de aviso Nese momento os nenos e nenas co correspondente titor baixarán cara ó comedor en orden. Terase enconta que o titor velará que veñan recoller ao alumnado o que veñan recoller. En caso de que non veña ninguén comunicarano ao Equipo Directivo.

Cando remate o comedor escolar, os alumnos baixarán en fila para o transporte escolar vixiados pola persoa responsable dese grupo/s nese momento e controlarán que os alumnos accedan ao autobús. Aqueles que se queden a actividades escolares esperará na entrada, sentado.

No caso de que a persoa que ven recoller o alumno ou alumna non é a habitual, no caso de que esto non sexa comunicado pola familia, dita persoa firmará no libro de saídas do centro co seu nome , parentesco , DNI e teléfono de contacto.

Cando se realice unha actividade complementaria que ocupe máis do horario lectivo. Os pais/nais ou titores legais, recollerán os seus fillos ou fillas no Centro Educativo.

3.3.- VISITAS E VIAXES DE ESTUDOS:

A asistencia a visitas e viaxes programadas polo colexio son un deber para os alumnos/as, pois completan a súa formación. É perceptivo para todos aqueles que asistan ter autorización asinada para a asistencia a este tipo de actividades. A non asistencia ás citadas saídas culturais deberá ser plenamente xustificada, tendo os alumnos/as que asistir igualmente ás clases ese día.

No caso de que o mestre-titor non desexe asistir a unha saída programada co seu grupo, este quedará no centro, agás que algún outro mestre, voluntariamente, se faga cargo dos seus alumnos/as, sempre que non repercuta dita ausencia no normal funcionamento do Centro e sexa autorizada polo Equipo Directivo.

3.4.- ASISTENCIA A ALUMNOS/AS ACCIDENTADOS:

O profesorado terá a súa disposición, no ficheiro dos expedientes copias das tarxetas da Seguridade Social nas que estean inscritos os alumnos/as.

En caso de accidente dun alumno/a, porase de inmediato en coñecemento da familia. No suposto de que ningún familiar poidera facerse cargo do alumno/a ou a urxencia o requira, acompañará ó alumno/a – preferentemente a unha institución sanitaria da Seguridade Social- o seu titor ou outro mestre do centro provisto, se procede, da fotocopia da tarxeta de beneficiario da Seguridade Social.

4. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA DO ALUMNADO.

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

5. RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS.

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

6.- FALTAS E SANCIÓN S

6.0 CLASES DE CONDUCTAS CONTRARIAS A LA CONVIVENCIA.

1. Las conductas contrarias a la convivencia en los centros docentes se clasifican en conductas gravemente perjudiciales para la convivencia y conductas leves contrarias a la convivencia, de acuerdo con lo establecido en esta sección.
2. Cuando cualquier miembro de la comunidad educativa entendiese que los hechos pueden ser constitutivos de delito o falta, habrá de comunicarlo a la dirección del centro educativo para su remisión a la Administración educativa y al Ministerio Fiscal, sin perjuicio de tomar las medidas cautelares oportunas.

6.1 CONDUCTAS GRAVEMENTE PERJUDICIALES PARA LA CONVIVENCIA.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

A acumulación de máis de 5 faltas leves conlevan unha falta grave.

6.2 CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.
- c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

6.3 PRESCRICIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a

corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

7. PRINCIPIOS XERAIS DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
 - c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
 - d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

7.1 PROGRAMAS E ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS ÁS MEDIDAS CORRECTORAS.

1. Como complemento das medidas correctoras previstas nesta sección, o departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como conse-

cuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.
3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

7.2 PROCEDIMENTOS CONCILIADOS DE RESOLUCIÓN DOS CONFLITOS.

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.
2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.
3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.
4. O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

8. MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

8.1 MEDIDAS CORRECTORAS DAS CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

8.2 GRADUACIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

Para a graduación das medidas correctoras previstas nesta sección tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas. c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

Prescrición das medidas correctoras.

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas nesta sección prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

8.3 PROCEDIMENTO PARA A IMPOSICIÓN DAS MEDIDAS CORRECTORAS.

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.
2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da

alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.
4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.
5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.
6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.
8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe

instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

8.4 PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA.

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22 desta lei.

b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 22 desta lei.

c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 22 desta lei.

d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22 desta lei. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2. As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

9. RESPONSABILIDADE DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES.

As audiencias e comparencias das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nesta sección son obrigatorias para

eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

10.- ORGANIZACIÓN E USO DOS ESPACIOS E INSTALACIÓNS DO CENTRO:

10.1.- AS AULAS

As aulas e o material que hai nelas deberán tratarse co máximo respecto. Ó remate das clases as mesas deberán quedar en orde e o material recollido. Tamén de ser o caso de que sexa a última clase do día, ou se os alumnos/as non van voltar máis a esa aula ata o día seguinte, o profesor que imparta docencia nese momento velará por que todas as cadeiras queden levantadas sobre as mesas correspondentes e que non quede ningunha bolsa, mochila..., a rente do chan que poida entorpecer o traballo da persoa responsable da limpeza do centro e que as luces queden apagadas.

Asimesmo, sempre que algún mestre, tanto titor como especialista, saia cos rapaces da aula e non quede ninguén nela, deberá sempre pecha-la porta da mesma, para que ningún alumno/a poida intuir que non hai ninguén nesa dependencia.

10.2.- CORREDORES E PASILLOS.

Polos corredores, pasillos e/ou escaleiras andarase ordenadamente, sen correr e sen levantar a voz nin berrar para non entorpece-lo normal desenvolvemento das clases.

10.3.- BIBLIOTECA.

Cada titoría terá asignada unha sesión a semana para uso directo da biblioteca do centro, si así o desexa o titor. Ó rematar, o mestre procurará que os alumnos/as diesen os libros ben colocados no seu lugar correspondente; e as sillas e mesas convenientemente situadas no lugar que lle corresponde.

Ademáis todas as aulas do centro, incluídas as de educación infantil, disporán dunha biblioteca de aula que controlará o profesor/a titor/a do xeito que considere oportuno pero

levando un control exhaustivo dos libros de que dispón. Calquera anomalía que xurda ou calquera necesidade de novos volumes deberá comunicala o encargado da biblioteca.

A biblioteca terá as seguintes **normas**:

- Queda prohibida a entrada na biblioteca a todos aqueles nenos que non vaian facer uso dela.
- Gárdarase silencio e tratarase con respecto a todo o persoal que traballe nela.
- Só se poderá coller un libro de cada vez, salvo que algún profesor indique o contrario.
- O prazo de devolución de libros é de quince días.
- No caso de que un neno entregue o libro moi estragado ou o perda, comprará ou pagará outro igual ou similar, salvo disposición en contra.

Calquera neno que non cumpra estas normas será expulsado da biblioteca por un prazo dunha semana. De existir reiteración, os prazos serán superiores.

10.4.- AULA DE INFORMÁTICA E OUTROS EQUIPAMENTOS ELECTRÓNICOS.

A aula de informática permancerá aberta, aínda que coa porta pechada nos momentos nos que non estea a ser empregada.

Existirá un horario de uso da aula de informática, na cal se dará preferencia de elección ós especialistas. En todo caso tentarase facer un uso racional e coordinado dos equipamentos informáticos.

Os rapaces/as só poderán acceder e permancer nesta dependencia acompañados sempre por un mestre, que se encargará de “levantar o machete da corrente e baixalo antes de marchar da aula”, tendo en conta que os equipos non están apagados ata que a pantalla non se apague, neste momento é cando se deberá “baixar o machete”.

O mestre/a velará tamén polo uso correcto dos equipos por parte do alumnado, especialmente no caso de realizar conexións a internet, onde se vixiará o acceso do alumnado a determinados contidos non adecuados nin apropiados.

De presenciarse por parte do alumnado ou profesorado algún desperfecto ou mal funcionamento nos equipos informáticos, deberá ser comunicado o antes posible ó encargap/a das TICS que o comunicará ó Equipo directivo.

Os equipos informáticos presentes na sala de profesores son para uso exclusivo destes e para labores propias do seu traballo. Os equipos informáticos presentes na dirección e secretaría son de uso exclusivo do Equipo directivo, para labores relacionadas coas súas funcións.

Xunto ós equipamentos informáticos, todos aqueles aparellos tecnolóxicos á disposición do profesorado (fotocopiadora, scanner, proxector...) deberán ser tratados con coidado.

10.5.- SERVICIOS HIXIÉNICOS:

Deben conservarse decorosamente todas as instalacións dos servicios tendo coidado de non botar obxecto que poidan atascar os desaugues, non tirar auga no chan, non golpear as portas, non pintar nos aseos...

10.7.- TABOLEIRO DE ANUNCIOS E PUBLICIDADE:

Segundo a lexislación vixente os taboleiros serán exclusivamente empregados para fins educativos relacionados co Centro.

10.8. - USO DAS INSTALACIÓNS POR PARTE DO ALUMNADO.

O alumnado fará uso das instalacións, aulas, pistas, mobiliario e todo tipo de material de acordo co establecido nos seus horarios.

O alumnado está obrigado a poñer o máximo coidado na utilización e disfrute de todo tipo de instalacións, mobiliario e calquera material, sexa para traballo como para ocupar o tempo de ocio. Os deterioros causados de forma intencionada ou por negligencia serán restituídos polos causantes.

10.9.- USO DAS INSTALACIÓNS POR PARTE DE ENTIDADES OU PERSOAS ALLEAS Á COMUNIDADE EDUCATIVA DO CENTRO.

Os interesados presentarán a súa solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do Consello Escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación e O.U., que resolverá o que proceda.

Os posibles desperfectos polo uso das instalacións será responsabilidade dos interesados, debendo deixar todo en perfecto estado para o día seguinte.

10.10.- USO DAS INSTALACIÓNS POR PARTE DE ENTIDADES OU PERSOAS PERTENCENTES Á COMUNIDADE EDUCATIVA DO CENTRO (ASOCIACIÓN DE PAIS DE ALUMNOS, MESTRES, CONCELLO...).

Neste caso só se require a solicitude previa ao director do centro.

O director concederá a autorización se o seu destino é a finalidade propia das ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións dos centros poranse sempre á disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos, etc.

Os posibles desperfectos polo uso das instalacións será responsabilidade dos interesados, debendo deixar todo en perfecto estado para o día seguinte.

10.11.- O USO DE TELÉFONO E FAX.

O teléfono e fax situados na dirección, utilizaranse para comunicacións oficiais, de xestión ou de orde pedagóxico.

11. PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do

lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

11.1 PROTECCIÓN INTEGRAL DAS VÍTIMAS.

1. A dirección dos centros docentes e os titulares dos centros concertados e dos centros privados, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.
2. A protección da vítima garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

11.2 MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

1. O Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación. Recollerase de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas.
2. O plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:
 - a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

- b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
 - c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.
 - d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.
3. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.
4. As situacións de acoso escolar que se detecten serán comunicadas á inspección educativa, xunto coas medidas que se adopten para poñer fin a elas. No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.
5. O departamento competente en materia educativa, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, poñerá en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz e previr o acoso escolar. Igualmente a Xunta de Galicia velará para que nos medios de comunicación de Galicia se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre acoso escolar.

12. PARTICIPACIÓN DIRECTA DAS FAMILIAS E DOS RESTANTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO ENSINO E NO PROCESO EDUCATIVO

1. Para facer efectiva a corresponsabilidade entre o profesorado e as familias na educación dos seus fillos e fillas e garantir a colaboración efectiva entre a familia e a escola, a Administración educativa poderá establecer procedementos de consulta e participación directa das familias. Estes procedementos poderán estenderse a outros membros da comunidade educativa.
2. Os procedementos previstos neste artigo terán como finalidade solicitar as preferencias individuais ou colectivas das nais e pais ou das titoras ou titores do alumnado, do propio alumnado se é maior de idade e, de ser o caso, doutros membros da comunidade educativa sobre aspectos determinados da programación xeral do ensino.
3. En ningún caso poderán ser obxecto de consulta os aspectos da programación xeral do ensino regulados directamente por normas con rango de lei ou que deban ser regulados pola lei por disposición constitucional.

12.1 PRINCIPIOS XERAIS E GARANTÍAS DOS PROCEDEMENTOS DE CONSULTA E PARTICIPACIÓN DIRECTA.

1. Os procedementos de consulta e participación directa convocaranse por orde da persoa titular da consellería competente en materia de educación antes do inicio do curso escolar no que os resultados deles se terán en conta para a adopción das correspondentes decisións no ensino por parte da Administración educativa.
2. A orde de convocatoria deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia cunha antelación mínima de quince días con respecto á iniciación do procedemento e establecerá, como mínimo:
 - a) O carácter meramente orientativo ou o grao de vinculación que para a Administración educativa e os centros docentes terán os resultados do procedemento.
 - b) As garantías que procedan de acordo coa finalidade e co carácter do procedemento para asegurar a protección dos datos de carácter persoal dos participantes, a autenticidade das opinións individuais emitidas e dos resultados globais e a neutralidade da Administración educativa e dos centros docentes na adopción de decisións derivadas do procedemento.

- c) O prazo de duración do procedemento, que non poderá ser inferior a un día natural nin superior ao período de matrícula que se estableza nas normas de admisión nos centros docentes.
3. Os procedementos de consulta e participación directa poderán realizarse mediante a utilización de medios electrónicos, ben nos propios centros docentes, ben telematicamente, respectando as garantías establecidas na lexislación sobre acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos e na de protección de datos.

12.2 ACCESO DAS NAIS E PAIS OU DAS TITORAS OU TITORES AO PROFESORADO E AO EQUIPO DIRECTIVO DOS CENTROS DOCENTES.

1. As disposicións que regulen a distribución do horario semanal individual do profesorado garantirán a dispoñibilidade deste, teña ou non a condición de titor, para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.
2. Garantirase igualmente a dispoñibilidade dos membros dos equipos directivos dos centros docentes para a atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores do alumnado.
3. Ao dar cumprimento ao previsto neste artigo, coidarase de xeito especial que as horas de atención ás nais e pais ou ás titoras ou titores sexan razoablemente compatibles, dentro do horario do centro, coas obrigas laborais e familiares destes.

13. ESCOLAS DE NAIS E PAIS.

A Administración educativa impulsará nos centros educativos a creación de escolas de nais e pais, contando cos recursos humanos dos departamentos de orientación e dos centros de formación, para fomentar a participación das familias no proceso educativo e mellorar a convivencia.

14.- O plan de autoprotección do centro

No plan de autoprotección do centro hai que sinalar os seguintes apartados:

A localización e equipamento das caixas de urxencias.

Existe un botiquín de primeiros auxilios, localizado conserxería, no que se garda o material de primeira cura ou primeiros coidados e pequenos golpes. Este material vaise repoñendo segundo se necesite.

Tamén existe un botiquín para poder levar ás excursións e atender pequenas incidencias.

6.- Revisión e divulgación do Regulamento de Réximen interno.

A reforma total ou parcial deste documento realizarase polo Consello Escolar por maioría de dous tercios dos seus membros.

Terán acceso a unha copia deste regulamento: o claustro de mestres, o presidente da A.N.P.A, membros do Persoal de Servicios (PAS) e o representante do Concello.

XIX.- PROXECTO LINGÜÍSTICO**ÍNDICE**

- 1. INTRODUCCIÓN. PRINCIPIOS DO PROXECTO LINGÜÍSTICO**
- 2. CONTEXTUALIZACIÓN**
- 3. ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO. BAREMACIÓN DAS ENQUISAS**
- 4. IDIOMA NO QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS**
 - A) NA EDUCACIÓN INFANTIL**
 - B) NA EDUCACIÓN PRIMARIA**
- 5. FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA**
 - A) NIVEL CENTRO**
 - B) NIVEL ALUMNADO**
 - C) NIVEL PROFESORADO**

D) FAMILIA**6. A LINGUA GALEGA E A ATENCIÓN A DIVERSIDADE: Alumnado que chega procedente doutra comunidade ou país.****0. INTRODUCCIÓN. PRINCIPIOS XERAIS**

Os principios xerais polo que se rixe o presente Proxecto Lingüístico son os seguintes:

- Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.
- Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos.
- Promoción da dinamización da lingua galega.

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP DE RUBIÁNS, está situado ás aforas de Vilagarcía de Arousa, nun contexto semiindustrial, no cal se escolarizan alumnos e alumnas das parroquias de Rubiáns e Cea.

O nivel, tanto socio-económico, como o nivel socio-cultural das familias, e mediobaixo, o que inflúe tamén no alumnado que temos en canto as carencias, xa que están en desventaxa fronte a familias de poder adquisitivo alto e nivel cultural alto que inflúen nas expectativas académicas dos nosos alumnos e alumnas.

O centro ofrece: transporte escolar, plan madrugá, comedor e actividades extraescolares.

No centro impártense as etapas de Educación Infantil e Primaria. O persoal docente está composto por dezaseis mestres e mestras: tres titoras en Educación Infantil, seis titoras e titores en Educación Primaria e seis especialistas: Orientación, Lingua Estranxeira, Pedagogía Terapéutica,

Audición e Linguaxe, Educación Física, Música e Relixión. Dicur que compartimos a Orientadora, a profesora de Relixión e a profesora de Audición e Linguaxe co CEIP Vilaxoán.

ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

Durante o proceso de elaboración do Proxecto Educativo (PE), modificado por última vez no ano 2002 (aínda que está prevista a aprobación, no primeiro trimestre do curso 2011/2012, da derradeira actualización levada a cabo dende o ano 2008 para adecuarse ás novas leis da Educación), realizouse un estudio sociolingüístico da zona na que se enmarca o noso centro. Neste estudio, determinouse que a situación lingüística do centro era dunha clara diglosia; o que supón unha valoración social da lingua castelá superior á da lingua galega.

Os pais seguen falando galego entre eles, mentres que se dirixen ós seus fillos/ as en castelán, pois consideran esta última unha lingua moito máis adecuada para todos aqueles usos que se consideran prestixiosos.

Neste centro o nivel sociocultural das familias é medio-baixo, pois a maioría dos pais/ nais contan co graduado escolar pero non cursaron estudos superiores.

Na maioría das familias atopamos tamén que o nivel de inqueda cultural é tamén bastante baixo.

Cabe apuntar que aínda que a totalidade das comunicacións que se fan desde o centro cara ás familias realízanse en galego, no caso contrario son maioritariamente en castelán, tanto de forma oral como na escrita.

A) ANÁLISE DAS ENQUISAS REALIZADAS

A.1. Análise enquisas educación infantil:

Dentro das enquisas realizadas polos pais e nais de educación infantil cabe destacar os seguintes resultados:

- 56% dos nenos/ as aprenderon a falar nas dúas linguas e o 44% só en castelán.

- Hai un 56% dos pais que afirma que na súa casa fálanse igual as dúas linguas; non obstante, o 78% afirman que os seus fillos/ as empregan de forma predominante ou exclusivamente o castelán e en ningún caso predomina o galego. Estes dous datos encerran un certo grao de contradicción.
- Por outro lado, os pais non teñen nada claro que queiran máis clases en galego e tamén manifestan dúbidas a cerca da utilidade do galego en Galicia.
- Un 50% rexeita a idea de que falar castelán leva consigo unha maior intelixencia.

A.2. Análise das enquisas de educación primaria:

No que respecta ás enquisas do **primeiro e segundo ciclo** de educación primaria, que foron cubertas polos pais, cabe resaltar o que segue:

- Hai un 53% das familias que afirman que o seu fillo aprendeu a falar nas dúas linguas e un 38% que afirman que o fixeron só en castelán.
- Na casa hai un 41% que empregan que usan de forma equilibrada o galego e o castelán, un 44% usan de forma exclusiva ou predominante o castelán e só un 11% empregan do mesmo xeito o galego.
- Cando se lles pregunta pola lingua que emprega o seu fillo/a unha ampla maioría, o 63%, afirma que os seus fillos empregan predominantemente ou de forma exclusiva o castelán e só un 11% a lingua galega. .
- Hai un 85% dos pais que están a favor de que a adquisición de 2 linguas resulta enriquecedor.
- Novamente dubidan de se o galego é útil ou non en Galicia, inda que un 70% pensa que en Galicia debería usarse máis o galego.
- Un 83% das familias están en completo desacordo con que a xente que fala castelán sexa máis intelixente.

No **terceiro ciclo** as enquisas foron contestadas polos propios nenos e nenas, e o resultado obtido foi o seguinte:

- Un 45% aprenderon a falar en castelán, un 38% nas dúas linguas e só un 14% en galego. Deste dato pódese deducir que a educación bilingüe da que falan algúns pais non é percibida así polos rapaces.
- En canto á lingua que se fala nas súas casas, un 43% afirma que se falan as dúas por igual, un 40% afirman que usan de forma predominante ou exclusiva o castelán, e só un 14% se inclina pola mesma situación pero en lingua galega.
- En canto á lingua que usan habitualmente, no 51% dos casos afirman que empregan de forma predominante ou exclusiva o castelán e un 30% afirma empregar as dúas por igual, só un 16% emprega o galego.
- No que se refire á lingua empregada na escola un 64% empregan de forma igualitaria ambas linguas pero hai un 20% que empregan de forma predominante ou exclusiva o castelán.
- A maioría dos rapaces están de acordo en que as matemáticas pódense aprender en galego e tamén en que a adquisición de dúas linguas resulta enriquecedor.
- Hai un 31% dos rapaces que estarían en desacordo con recibir máis clases en galego e a un 45% lles resulta indiferente.
- Un 72% non está de acordo en que o galego sexa pouco útil en Galicia e a maioría está de acordo en que debería usarse máis.
- Sorprende que un 18% dos nenos/ as estean de acordo en maior ou menor medida con que a xente que fala castelán sexa máis intelixente.

A.3. Análise enquisa profesorado:

En primeiro lugar cabe mencionar que unha vez realizada a análise das respostas, a conclusión que obtemos é que aínda queda moito traballo por facer neste sector.

- Hai un 57% dos mestres/ as que afirman que é o castelán a lingua que empregan habitualmente; aínda que no centro, a mesma porcentaxe afirma empregar o castelán e o galego por igual.

- Preocupa tamén que un 36% do claustro empregue de forma predominante o castelán nas súas clases.
- Debemos ter en conta tamén que a situación descrita nos parágrafos anteriores convive coa situación de que o 64% do claustro afirme ter unha alta capacidade para falar en galego, así como a boa disposición dos que non a teñen para facer cursos de reciclaxe.

Con todo isto debemos obter a conclusión de que temos moito que traballar conxuntamente para que esta situación se modifique. Non se pode pretender que os nosos nenos e nenas falen galego se nós non o facemos

B. Baremación das enquisas realizadas

B.1. Educación Infantil: Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. A lingua materna predominante do alumnado será determinada de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

B.2. Educación Primaria: Nesta etapa garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

Impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.

2. IDIOMA NO QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS

CURSO	ÁREA/CASTELÁN	ÁREA/GALEGO
-------	---------------	-------------

1º PRIMARIA	Lengua Castellana Educación Física Matemáticas Plástica	Lingua Galega Educación Musical Relixión Coñecemento do Medio
2º PRIMARIA	Lengua Castellana Educación Física Matemáticas Plástica	Lingua Galega Educación Musical Relixión Coñecemento do Medio
3º PRIMARIA	Lengua Castellana Educación Física Matemáticas Plástica	Lingua Galega Educación Musical Relixión Coñecemento do Medio
4º PRIMARIA	Lengua Castellana Educación Física Matemáticas Plástica	Lingua Galega Educación Musical Relixión Coñecemento do Medio
5º PRIMARIA	Lengua Castellana Educación Física Matemáticas Plástica (INGLÉS)	Lingua Galega Educación Musical Relixión Coñecemento do Medio
6º PRIMARIA	Lengua Castellana Educación Física	Lingua Galega Educación Musical

	Matemáticas Educación para la ciudadanía. Plástica (INGLÉS)	Religión Coñecemento do Medio
TOTAL HORAS	CADA CURSO 11H AGÁS 5º/6º 10H	CADA CURSO 11H

3. OBXECTIVOS DO PROXECTO LINGÜÍSTICO:

- Acadar ó final da etapa da educación primaria unha situación lingüística de bilingüismo equilibrado, que permita ós nosos alumnos/ as empregar con fluidez as dúas linguas da nosa comunidade.
- Facer partícipes ás familias do obxectivo primordial a conquistar e solicitar a súa colaboración.
- Empregar o galego nas actividades que se realizan no centro aínda que non sexan estritamente escolares: comedor, recreos, actividades extraescolares.
- Aproveitar todas as actividades que se realicen fora do centro (excursións, visitas, charlas...) para que os nenos e nenas comprobem a validez da lingua galega nas actividades cotiás.
- Organizar no centro, recibir a visita ou acudir a obras de teatro, coloquios con escritores, contacontos..., que empreguen a lingua galega como vehículo de expresión; deixando así constancia do seu uso nas actividades culturais.
- Aumentar os fondos da nosa biblioteca en galego.
- Prestar unha especial atención ó alumnado inmigrante para que acaden unha competencia lingüística que lles permita incorporarse canto antes ó ritmo cotiá da súa aula

Para acadar todos estes obxectivos, propoñemos unha serie de medidas que permitan dinamizar a presenza da lingua galega no noso centro.

Estas medidas foron propostas nos distintos ciclos e elevadas para a súa concreción á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) polos seus coordinadores.

4. FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA:

A) NIVEL ALUMNADO:

➤ Na educación infantil:

Para fomentar o uso da lingua galega nesta etapa tendo en conta a enquisa realizada ás familias potenciarase dende o profesorado de Educación Infantil e o Equipo de Dinamización da lingua galega actividades que fomenten o uso do Galego nesta etapa. Algúnhas actividades serán:

- Empregar o galego no contacto informal diario cos pais/ nais dos nosos nenos e nenas.
- Empregar a nosa lingua na realización das rutinas diarias de aula tales como: asamblea, mirar o tempo, poñer a data ou designar ó encargado.
- Asociar o momento do conto cun momento para empregar a lingua .
- Impregnar as nosas aulas coa lingua galega, nos carteis e rótulos que coloquemos.
- A proveitar as características desta etapa, que a dotan dunha maior flexibilidade na organización de tempos e espacios, para achegar ós nosos nenos/ as á nosa cultura e festas tradicionais; recuperando as nosas festas máis típicas: o magosto, o Samaín o Entroido, os Maíos...
- Recollida de adiviñas, refráns, ditos populares...
- Realización dalgún proxecto sobre costumes galegas, festas, tradicións, oficios...
- Estampación de camisetas co nome en Galego
- Outras actividades que anualmente se presentan como fomento da Lingua Galega a nivel de todo o centro.

➤ Na educación primaria

Para acadar o obxectivo máximo que propoñemos, é dicir, chegar ó final da escolarización a unha situación de bilingüismo equilibrado, e tendo en conta as especificidades da etapa, propoñemos as seguintes medidas:

- Empregar o galego no contacto informal diario cos pais/ nais dos nosos nenos e nenas.
- Empregar a nosa lingua na realización das rutinas diarias de aula tales como: pasar lista, mirar o tempo, poñer a data ou designar ó encargado.
- Asociar o momento do conto cun momento para empregar a lingua galega (o que non supón eliminar os contos en castelán, pois perseguimos un bilingüismo).
- Impregnar as nosas aulas coa lingua galega, nos carteis e rótulos que coloquemos.
- Aproveitar as características desta etapa, que a dotan dunha maior flexibilidade na organización de tempos e espazos, para achegar ós nosos nenos/ as á nosa cultura e festas tradicionais; recuperando as nosas festas máis típicas: o magosto, o Samaín o Entroido, os Maíos...
- Proposta e deseño dun slogan ou lema do Equipo de Normalización e Dinamización lingüística para cada curso.
- Exposición nos taboleiros de cada aula de todo o que se considere de actualidade ou relevancia respecto a lingua galega e ó seu uso.
- Dedicar un espazo no centro para unha exposición sobre o autor/ a conmemorado no Día das Letras Galegas.
- Realización de relatos, rimas, poesías...en galego e expoñelos na biblioteca para que os poidan ler outros rapaces/ as.
- Participación en obras de teatro galegas e asistencia ó “teatro en galego”
- Realización de saídas polo entorno próximo para acadar un mellor coñecemento do mesmo.
- Participación en certames e concursos literarios convocados en lingua galega.
- Participación nas festas tradicionais, como os Maíos e elaboración de coplas.
- Fomentar e apoiar a participación en todas aquelas actividades que sexan programadas por organismos oficiais encamiñadas a un mellor desenvolvemento da lingua.

- Realizar investigacións sobre xogos populares, tradicións da zona (cantigas, relatos orais...) e publicación ou exposición dos traballos resultantes.
- Potenciar a elaboración ou uso de materiais didácticos lingüísticos, prestando especial atención ós materiais relacionados coas TICS.
- Colaborar na confección e edición da revista escolar en formato dixital.
- Facer carteis en galego para os corredores do centro, para o comedor...; tales como: “Falade baixiño”, “Andade a modo”
- Facer exposicións de libros en galego, na biblioteca ou en distintos lugares do centro. Expoñendo cada mes un tipo de texto: mes do cómic, mes da poesía, mes do teatro, mes do conto, mes da prensa, mes das adiviñas ou lerias, mes da novela de terror...
- Acompañar algunhas das actividades das aulas coa audición de música galega.
- Ensinarlles cancións de corda e xogos en galego para que a nosa lingua teña máis presenza no tempo de lecer.
- Dada a existencia dunha horta no centro, propoñemos tamén traballar o vocabulario da horta na nosa lingua (aparells, nome das plantas...)
- Intentar falar máis en galego cos nosos alumnos/as e incitar neles unha resposta na mesma lingua.
- Empregar o galego en todas as rutinas diarias

B) A NIVEL PROFESORADO

- Mellorar a competencia lingüística na nosa propia lingua, atendendo ós tres bloques nos que aparecen repartidos os contidos do currículo (*Escoitar e falar; Ler e escribir; Reflexionar sobre a lingua*).
- Participar nas actividades propostas en colaboración coa Biblioteca escolar, favorecendo o seu uso para buscar información, ler, entreterse, aprender...
- Fomentar a participación nas actividades deseñadas conxuntamente co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

- Integrar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación naquelas tarefas máis axeitadas para o mesmo. No centro durante o vindeiro curso solicitouse un PFAC, “Aplicación das TICs na Biblioteca do CEIP de Rubiáns” no que se contempla como un apartado as actividades relacionadas co Equipo de e Dinamización Lingüística.

C) A NIVEL CENTRO

- Implicar ás familias na maioría das actividades de recuperación cultural en galego.
- Coñecer e difundir aspectos diferentes do noso patrimonio cultural.
- Potenciar a participación de toda a comunidade educativa na celebración de festas tradicionais.
- Colaborar cos outros centros do Concello na realización de determinadas actividades.
- Prestar unha especial atención ó alumnado inmigrante para que acaden unha boa competencia lingüística para facilitar a súa integración.

D) FAMILIA

- Implicar ás familias na maioría das actividades de recuperación cultural en galego.
- Potenciar a participación de toda a comunidade educativa na celebración de festas tradicionais.
- Envío de documentación: información, saídas, autorizacións ...en galego
- Colaborar nas actividades de recolleita de información para a elaboración de producións propias (refraneiros, adiviñas, recetarios...)
- Por a disposición das familias, dende a biblioteca do centro fondos documentais en galego.

5. A LINGUA GALEGA E A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

5.1. ALUMNADO DE INFANTIL

Estará co seu grupo-clase e será o mestre/mestra titor/a o encargado/a de favorecer a aprendizaxe da lingua.

1. Alumnado que non domina a lingua e non cursa 3º ciclo de primaria.

Para dar resposta a diversidade do alumnado dendo o proxecto lingüístico adoptaranse as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado consiga ter o suficiente dominio da lingua para seguir con proveito as ensinanzas que se imparten para iso dende o departamento de orientación facilitarase :

- Os mestres materiais para facilitar a aprendizaxe da Lingua Galega.
- A familia facilitaráselle a comprensión da documentación do centro e informaráselle de diversas institucións que lle poidan axudar no seu proceso de asentamento no centro.
- O alumnado será reforzado na materia de lingua galega para poder seguir con proveito as distintas áreas, ben polo titor, ben por profesorado con horario lectivo dispoñible ou ben polo mestre/a de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, segundo as circunstancias do momento e os recursos dispoñibles.
- Ademáis levarase a cabo todo o recollido no plan de atención a diversidade elaborado polo departamento de orientación referido ao alumnado inmigrante.

b) O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O *Equipo de Dinamización Lingüística* compóñeno un Profesor/a dos diferentes ciclos, coordinados/as por un Profesor/a.

Representante de Educación Infantil	1 Representante
Representante do 1º ciclo de Educación Primaria	1 Representante
Representante do 2º ciclo de Educación Primaria	1 Representante
Representante do 3º ciclo de Educación Primaria	1 Representante
Coordinador/a do EDL	Nomeado por dous cursos académicos

Ademais dos membros do *Equipo*, toda a comunidade educativa colaborará nas propostas presentadas, cun obxectivo fundamental: seguir fortalecendo o uso do idioma galego, o seu

coñecemento e a súa valoración como parte da nosa cultura, sen esquecer acadar unha axeitada competencia en comunicación lingüística.

ADENDA : INCORPÓRASE AO PROXECTO LINGÜÍSTICO O PROXECTO DE FOMENTO DA LIN GUA GALEGA PRESENTADO A SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA.

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN
2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO
 - c) Contorno sociolingüístico do centro
 - d) Situación do profesorado
 - e) Situación do alumnado
 - f) Situación lingüística do centro
- 3.DESCRICIÓN DE OBXECTIVOS AXEITADOS A CADA UN DOS PUNTOS SINALADOS ANTERIORMENTE
4. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DESEÑADAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS PROPOSTOS
5. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES E COMPROMISO DE DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS

CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP DE RUBIÁNS, está situado ás aforas de Vilagarcía de Arousa, nun contexto semiindustrial, no cal se escolarizan alumnos e alumnas das parroquias máis cercanas.

O nivel, tanto socio-económico, como o nivel socio-cultural das familias, e mediobaixo,o que inflúe tamén no alumnado que temos en canto as carencias, xa que están en desventaxa fronte a

familias de poder adquisitivo alto e nivel cultural alto que inflúen nas expectativas académicas dos nosos alumnos e alumnas.

O centro ofrece: transporte escolar, plan madrugada, comedor e actividades extraescolares.

No centro impártense as etapas de Educación Infantil e Primaria. O persoal docente está composto por catorce mestres e mestras: tres titoras en Educación Infantil, seis titoras e titores en Educación Primaria e oito especialistas: Orientación, Lingua Estranxeira, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Educación Física, Música e Relixión. Dicar que compartimos unha mestra de Relixión, a orientadora e a profesora de audición e linguaxe co CEIP Vilaxoán e outra mestra de Relixión co CEIP Arealonga

Ademais dos membros do *Equipo*, toda a comunidade educativa colaborará nas propostas presentadas, cun obxectivo fundamental: seguir fortalecendo o uso do idioma galego, o seu coñecemento e a súa valoración como parte da nosa cultura, sen esquecer acadar unha axeitada competencia en comunicación lingüística.

ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

1. CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO:

Despois de levar a cabo un estudo sociolingüístico no CEIP de Rubiáns destacamos unha serie de datos que teñen que ver co centro, co profesorado e co alumnado.

A presenza da lingua castelá no contexto físico e social é permanente aínda que existe unha porcentaxe importante de galego-falantes. Cabe destacar que non existen prexuízos hacia ningunha das linguas que conviven no noso centro.

En canto ás institucións e ás entidades que colaboran co colexio, dicir que a lingua empregada é o galego e ás veces castelán e ata inglés. Polo tanto, podemos concluír que o contexto sociolingüístico de Rubiáns é bastante variopinto.

2. SITUACIÓN DO PROFESORADO:

Dacordo coas respostas das enquisas realizadas destacar que:

- Hai un 57% dos mestres/as que afirman que é o castelán a lingua que empregan habitualmente; aínda que no centro, todos cumpren coa normativa vixente.

- O 65% do claustro afirma ter alta capacidade para falar en galego.

Como análise decir que o CEIP de Rubiáns conta cun total de catorce mestres e mestras, todos definitivos. A lingua habitual que o profesorado emprega nos ámbitos non docentes é castelán e galego. Os/as mestres/as que non utilizan o galego na súa vida cotiá non amosan dificultade algunha á hora de empregar a lingua galega na docencia ou noutras actividades escolares.

3. SITUACIÓN DO ALUMNADO:

Educación Infantil:

Dentro das enquisas realizadas polos pais e nais cabe destacar:

- 56% dos nenos/as aprenderon a falar nas dúas linguas e o 44% só en castelán.
- Hai un 56% dos pais que afirma que os seus fillos/as empregan as dúas linguas indistintamente e que un 78% emprega predominantemente o castelán.

A finais do curso 2009/10 realizouse unha enquisa segundo ás instrucións da Consellería en relación ao uso da lingua materna dos dos nenos de 4º de Educación Infantil. Os resultados foron o castelán.

Educación Primaria:

No *primeiro e segundo ciclo* as enquisas tamén foron cubertas polos pais:

- Un 53% afirma que o seu fillo/a aprendeu a falar as dúas linguas fronte a un 47% que só en castelán.
- 63% afirma que os seus fillos empregan habitualmente o castelán e un 11% o galego.

En canto o *terceiro ciclo* as enquisas foron contestadas polos propios nenos e nenas:

- Un 45% aprendeu a falar en castelán, un 38% nas dúas linguas e un 14% en galego.
- Un 43% que se fala na súa casa as dúas linguas por igual, un 40% afirma que usan o castelán e un 14% o galego.
- Un 51% emprega habitualmente o castelán un 30% as dúas e un 16% emprega galego.

4. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO:

A presenza do galego na vida do centro é permanente: a documentación administrativa, as notas informativas, comunicacións orais e escritas coas familias e institucións, etc.,

Na Biblioteca do centro atopamos tamén unha porcentaxe equilibrada de material en galego, e castelán.

O persoal non docente que forma parte da comunidade escolar é tamén usuario das dúas linguas indistintamente. Os demais membros, como a ANPA e os representantes do Concello no Consello Escolar, colaboran igualmente no fomento do idioma galego (mostra disto son as diferentes actividades ofertadas).

Segundo o *Decreto* do 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, os principios básicos á ter en conta son:

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas linguas oficiais.
- Garantir equilibrio nas horas semanais e nas materias.
- Adquisición dun coñecemento en linguas estranxeiras-
- Colaboración coas familias.
- Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Tendo en conta os puntos anteriores, no noso centro levaremos a cabo un equilibrado uso das linguas tratando de fomentar o plurilingüismo para que os nosos alumnos sexan competentes á hora de comunicarse en diferentes linguas. Facendo fincapé en promocionar a dinamización da lingua galega polo que plantexaremos unha serie de actividades para desenrolar ó longo do curso e de xeito coordinado co equipo da biblioteca e actividades extraescolares e complementarias para así traballar conxuntamente na mesma dirección.

DESCRIPCIÓN DE OBXECTIVOS AXEITADOS A CADA UN DOS PUNTOS SINALADOS ANTERIORMENTE

Como obxectivo xeral: **“Apreciar e empregar a Lingua Galega como sinal de identidade”.**

1. Contorno sociolingüístico do centro.

- Implicar ás familias na maioría das actividades de recuperación cultural en galego.
- Coñecer e difundir aspectos diferentes do noso patrimonio cultural.
- Potenciar a participación de toda a comunidade educativa na celebración de festas tradicionais.
- Colaborar cos outros centros do Concello na realización de determinadas actividades.
- Prestar unha especial atención ó alumnado inmigrante para que acaden unha boa competencia lingüística para facilitar a súa integración.

2. Profesorado.

- Mellorar a competencia lingüística na nosa propia lingua, atendendo ós tres bloques nos que aparecen repartidos os contidos do currículo (*Escoitar e falar; Ler e escribir; Reflexionar sobre a lingua*).
- Participar nas actividades propostas en colaboración coa Biblioteca escolar, favorecendo o seu uso para buscar información, ler, entreterse, aprender...
- Fomentar a participación nas actividades deseñadas conxuntamente co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Integrar o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación naquelas tarefas máis axeitadas para o mesmo. No centro durante o vindeiro curso solicitouse un PFAC, “Aplicación das TICs na Biblioteca do CEIP de Rubiáns” no que se contempla como un apartado as actividades relacionadas co Equipo de e Dinamización Lingüística.

3. Alumnado.

- Utilizar a lingua galega de maneira correcta, valorándoa e respectándoa.
- Aprender a participar na creación dunha cultura propia.
- Realizar actividades que permitan un maior coñecemento da historia, costumes, cultura, tradicións galegas.
- Potenciar o uso do galego a nivel oral entre o alumnado.
- Salientar o día das Letras Galegas como homenaxe á nosa lingua.

- Traballar de xeito lúdico a Lingua Galega dende idades temperás.
- Empregar as novas tecnolóxicas para a búsqueda de información.

4.Centro:

- Potenciar a nosa lingua en todos os ámbitos de expresión.
- Editar en galego a revista, boletíns, notas....
- Utilizar o galego como lingua habitual de relación.
- Achegar as actividades do centro a través da nosa web.

DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DESEÑADAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

1. Contorno sociolingüístico do centro.

- Continuar coa dinamización da páxina web e do blog iniciados en cursos anteriores.
- Samaín/Halloween: Recollida dos medos de todos os rapaces e rapazas do colexio e posterior exposición destes no “Mural dos medos”; exposición de cabzas por parte de toda a comunidade escolar, e posterior concurso para elixir as máis orixinais no que soamente participarán os alumnos e alumnas; sesión de conta contos (temática: o medo), a cargo dos nenos e nenas do Segundo Curso do Terceiro Ciclo; recitado de poesías, esconxuros e dramatizacións relacionada coa temática do Samaín; sesión de películas de “medo”.
- O Magosto: Toda a comunidade educativa participa nesta festa, na que se incluírá a creación dun libro propio con diferentes poesías, refráns, cancións, receitas... relacionadas co outono, exposición de libros desta estación e mostra de diferentes froitos desta época do ano.
- O Nadal: Elaboración de tarxetas de Nadal.
- Inicio do Segundo Trimestre: Elaboración dun calendario do novo ano para toda a Comunidades Educativa.
- A Paz: Celebración do día da Paz a través do canto dunha Cantarela Galega, amén doutras actividades.

- Entroido: Festa, desfile, baile e degustación de sobremesas propios da época elaborados por membros da ANPA do colexio.
- Mes da prensa: Elaboraremos o noso xornal “O faladoiro” dunha soa folla, onde a través das diferentes seccións dun xornal, contaremos o que está a suceder no centro.
- Día da muller traballadora: Exposición de carteis nos que se explique e escenifique a importancia da muller no mundo rural. Visita dunha muller para explicar a súa profesión.
- Día das Letras Galegas: Creación e exposición dos diferentes carteis coas súas respectivas actividades para traballar a obra e a biografía de Valentín Paz Andrade.
- Cine, teatro e/ou contacontos en galego: Proxección de películas, asistencia a obras de teatro ou conta contos en lingua galega. Sempre que sexa posible, coordinaranse co resto dos centros do Concello de Vilagarcía.

2. Profesorado.

- Ímosvos contar...: elixir un conto para que algúns mestres do colexio llo conte ó alumnado, empregando as TIC's. Trátase de fomentar a lectura, participar directamente coa Biblioteca Escolar e dar renda solta á imaxinación de cada un/unha de nós.
- Revista escolar: elaboración da revista escolar , onde se recollerán actividades realizadas polo alumnado ao longo do curso.
- Espazo na páxina web ou blog: O Equipo de Dinamización Lingüística participará na difusión das actividades que se vaian desenvolvendo a través da mesma.
- Elaboración do Telexornal: elaboración en imaxes de todo o acontecido neste curso escolar, conmeracións, saídas, visitas...

3. Alumnado.

- Conta Contos: Os máis maiores do centro (os alumnos e alumnas de 6º curso), encargaranse todos os venres de finais de mes de contar e dramatizar un conto en galego aos máis pequenos do colexio. Moitas veces incluíranse labores de tradución ao galego de contos escritos en castelán. A temática variará de acordo á época do ano en que nos atopemos.
- O Samaín: Despois de contarlles unha historia con temática referente á data que se celebra, organizaranse obradoiros simultáneos polos que irán pasando os diferentes grupos. Haberá unha

exposición de cabazas durante a semana, das cales se elixirá unha gañadora por aula; o día da celebración repartiranse os premios. Proxectaranse películas axeitadas ás idades do alumnado. Celebración do Halloween en EEUU dende a vivencia do auxiliar de conversa.

- O Nadal: realización dun concurso de postais.
- De colleita: O alumnado de cada aula encargárase de recoller froitos do outono nas súas casas. Posteriormente farase unha exposición na entrada do colexio.
- Outono: Os nenos e nenas do centro, encargárase de recoller refráns, ditos, lendas...sobre o outono. Para isto, nenos e nenas preguntarán ás súas familias, veciños, etc. Xuntaranse todos nun caderno de elaboración propia que estará a disposición de todos os usuarios da Biblioteca Escolar.
- Calendario anual: Elaboración dun calendario anual con temática especial: As Olimpíadas.
- As Letras Galegas: Creación de carteis relacionados coa vida e obra do autor. Cada cartel contén unha proposta de actividades para traballar nos diferentes ciclos de Educación Infantil e Educación Primaria.
- A palabra do mes: Durante todo o ano escolar cada curso, unha vez ao mes, elaborará un cartel onde apareza a palabra que máis lles guste sobre algunha conmemoración que exista no mes que se realiza. As palabras por suposto, estarán en galego.
- Comprensión lectora: Aproveitando un grupo de traballo que se está a realizar no centro sobre esta temática, realizaremos actividades de comprensión lectora para realizar en todos os cursos, sempre en lingua galega.

4. Centro.

- Música en galego: adquirir CD's de música galega para traballar na aula de Música.
- Exposición: de libros, de froitos... segundo as celebracións plantexadas.
- Informacións diversas: as comunicacións que se realicen dende o centro empregarán a lingua galega, carteis e letreiros e documentación interna.
- Reunións de pais: seguir informando ás familias das actividades que van xurdindo, para que sigan colaborando e participando en todas as que sexa posible. Elaboración de material que se considere necesario para desenvolver esta actividade correctamente.

- Conmemoracións e celebracións a nivel de centro: emprego do idioma galego en actos como o Día da Paz, o Día do Libro, o Semana da prensa, etc.

ANEXO II**CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES E COMPROMISO DE DESENVOLVEMENTO DAS MESMAS (non aparecen as actividades porque cada ano son diferentes e así evitamos modificacións)**

A Dirección, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e o Claustro de Mestres do CEIP de Rubiáns desenvolverá diversas actividades en función do financiamento que se teña.. En caso contrario, desenvolveremos todas aquelas que nos sexan posibles.

Dentro de cada trimestre realizaremos traballos de expresión escrita: contos, cómic, carteis... para diferentes actividades que organiza o Concello todos os anos, así como visitas didácticas de interese ó Auditorio.

Informaremos ós distintos centros de Vilagarcía a través da correspondencia das actividades que vaíamos desenvolvendo para amosar o traballo que vimos facendo como por exemplo: envío do calendario escolar, revista (enviada tamén a varios centros doutros concellos de Galicia, cos que temos intercambio), e algunha outra actividade que vaíamos realizando coma contos....

A coordinadora do Proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter o financiamento suficiente.

En Rubiáns, a de de 20__.

A coordinadora de
Dinamización Lingüística

Visto e Prace
O Director

Asdo.:

Asdo.:

OUTROS DOCUMENTOS DO PE

Os outros documentos que segundo a lexislación vixente deben formar parte do PE (PLC, Proxecto Lector e Proxecto TIC), inclúense como documentos anexos. A concreción curricular de Educación Infantil e Primaria inclúiranse na PXA

PLAN DE CONVIVENCIA



1. INTRODUCCIÓN

O informe para a UNESCO da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI formula a ampliación dos obxectivos educativos máis alá do estrito campo do coñecemento e, máis concretamente, sinala a necesidade de que o alumnado aprenda na escola a convivir, coñecendo mellor aos demais e creando un espírito novo que impulse a realización de proxectos comúns e a solución pacífica e intelixente dos conflitos.

Cremos que a escola pode contribuír a dar resposta a estas demandas e que a través da educación é posible fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais.

No marco de autonomía de que a LOE dota aos centros docentes, é a nosa intención elaborar o Plan de Convivencia co obxecto de planificar, desenvolver e avaliar actuacións integrais encamiñadas a mellorar a convivencia e o clima escolar e desenvolver nos membros da comunidade educativa a cultura da comunicación, a participación e a convivencia, respectando o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación e na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

2. FUNDAMENTACIÓN LEGISLATIVA

Á hora de abordar o tratamento da convivencia, é imprescindible coñecer o contexto normativo que enmarca e guía as actuacións a desenvolver.

- LODE
- LOE
- LEI 27/2005, de 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- (BOE, 01-12-2005)
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar (DOG, 08-05-07).

- Instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa do 17-10-07 sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia Normativa sobre dereitos e deberes e convivencia:
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE, 02-06-95)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15-07-11)

OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

- *Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.*
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse
- con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica destes en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades

O CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO TERÁ AS SEGUINTE COMPETENCIAS:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinares e velar porque se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinares adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, o Consello Escolar, a instancia de pais ou tutores, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

O CLAUSTRO DE PROFESORES TERÁ AS SEGUINTE COMPETENCIAS:

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinares e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.

SON COMPETENCIAS DO DIRECTOR:

- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas disciplinares que correspondan aos alumnos, en cumprimento da normativa vixente sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO

As características do contexto do centro xa veñen reflexadas no principio do PE (páx 7).

4. PRINCIPIOS QUE SUSTENTAN O NOSO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia susténtase nun conxunto de valores asumidos por todos os membros da comunidade educativa que se converten en principios reitores do modelo propio de xestión da convivencia no centro.

Estes valores orientan a práctica, constitúen o punto de referencia para valorar e guiar os comportamentos cotiáns, facilitan a construción dun compromiso compartido entre os membros da comunidade educativa e argumentan e xustifican as actuacións disciplinarias ou de promoción da convivencia que se adoptan.

4.1. A educación nos dereitos humanos

Falar da dignidade do home é falar dos dereitos humanos. Por ser o que é, pola súa propia natureza, o ser humano ten unhas esixencias, uns dereitos, que deben ser respectados por todos. Cando o respecto é mutuo, a convivencia é pacífica. Por iso, no noso esforzo por unha convivencia pacífica, o referente da Declaración dos Dereitos Humanos deberá inspirar e guiar a nosa acción. Así, esforzaremos por contribuír á consecución dos seguintes principios na vida escolar:

- Todos os membros da nosa comunidade educativa son libres e iguais en dignidade e dereitos.
- Non se fará distinción ningunha entre eles en relación á aplicación do establecido nas nosas normas e plan de convivencia.
- Todos temos dereito á liberdade e á seguridade no noso centro educativo. Garantilas é responsabilidade dos membros da comunidade educativa, cada un no ámbito das súas responsabilidades.
- Ninguén será sometido a maltrato de calquera tipo no colexio.
- Todos somos iguais no centro educativo fronte ao cumprimento das normas que nos son de aplicación en razón dos nosos labores e responsabilidades. Todos temos igual dereito a protección contra toda discriminación que infrinxa esta declaración.
- Todos temos dereito a un recurso efectivo ante os membros da comunidade educativa con competencias na materia, que nos ampare contra actos que violen os nosos dereitos. É responsabilidade de todos colaborar para que calquera persoa nesta situación poida conseguir a protección que necesita.

- Ninguén poderá ser arbitrariamente sancionado.
- Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito, en condicións de plena igualdade, a ser oídos no colexio por quen corresponda para a determinación dos seus dereitos e obrigas ou para o exame de calquera acusación contra eles.
- Ninguén será obxecto de inxerencias arbitrarias na súa vida privada nin de ataques ao seu honra ou reputación. Garantirase a confidencialidade dos datos persoais e familiares dos membros da comunidade educativa, quedando, quen no exercicio das súas funcións acceda a eles, suxeito ao deber de sigilo. Todos temos dereito á protección contra tales inxerencias ou ataques.
- No colexio non sufriremos o roubo ou deterioro das nosas pertenzas. Todos os membros da comunidade educativa deben colaborar, cada un no ámbito das súas responsabilidades, garantindo que isto sexa así.
- Todos temos dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.
- Todos no colexio temos dereito á liberdade de opinión e de expresión, coas limitacións do respecto aos demais.
- Temos dereito á liberdade de reunión e de asociación pacíficas no centro conforme á normativa de pertinente aplicación.
- Os membros da comunidade educativa teñen dereito a participar no goberno do colexio a través do Claustro e Consello Escolar. O equipo directivo tomará as medidas necesarias para facilitar e facer efectivo o exercicio dese dereito.
- Todos no colexio traballaremos e xuntaremos esforzos para garantir unha educación que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade e ao fortalecemento do respecto aos nosos dereitos e liberdades, a comprensión, a tolerancia e a amizade entre todos nós e o mantemento da paz no centro educativo.
- Todos temos o dereito a participar en vida cultural do colexio, achegando a nosa contribución a esta.
- O límite dos nosos dereitos está nas nosas obrigas con nós mesmos e cos membros da comunidade educativa.

- Deberemos cumprir os nosos deberes respecto á comunidade escolar. O exercicio dos dereitos e o goce das liberdades estarán suxeitos ás limitacións recollidas nas normas establecidas para asegurar recoñecemento e o respecto dos dereitos e liberdades dos demais e satisfacer as xustas esixencias da moral, da orde pública e do benestar xeral na nosa escola.

4.2. APROXIMACIÓN Á EDUCACIÓN PARA A PAZ

No noso centro temos o convencemento de que os valores que guían o traballo para a mellora da convivencia promoven e potencian a cultura da paz. Tomando como referente a definición da cultura da paz das Nacións Unidas (1998, Resolución A/52/13), consideramos que as iniciativas e propostas do noso plan deben recoller:

Unha visión positiva do conflito

Os conflitos forman parte das nosas relacións cotiás e segundo a forma de asumilos, poden xerar novos camiños de entendemento e de desenvolvemento persoal e social ou, pola contra, novos problemas e danar as persoas relacionadas ou implicadas directa ou indirectamente nel.

Trátase entón de adoptar unha visión positiva do conflito e aproveitar o seu valor educativo, ofrecendo ferramentas e pautas de actuación e contribuíndo ao desenvolvemento de habilidades e estratexias que axuden aos membros da comunidade educativa a afrontalo e atopar formas positivas de resolvelo a través da comunicación, a negociación e o diálogo, sen deixar que desemboque en situacións de violencia ou malestar que danan ás persoas.

Considerar o conflito como un proceso.

O conflito é un proceso que ten a súa orixe nas necesidades e intereses das persoas que non son satisfeitas ao chocar coas doutras ou non conseguir unhas relacións cooperativas ou sinérxicas que as satisfagan, xurdindo así o problema.

Os problemas que se presentan na vida diaria e non se afrontan e resolven conducen situacións de crise ou confrontación que adoitan ter unha manifestación violenta, sendo esta a que frecuentemente se identifica como conflito.

Identificar crise con conflito condúcenos ás seguintes situacións:

- Fai que pospoñamos a este momento a abordaxe do conflito o que dificulta a súa resolución.
- Implica que non se consideran as situacións de conflito que non xeran violencia.
- Pode levarnos a caer no erro de tratar solo as consecuencias non explorando as causas.
- O proceso de resolución do conflito pode quedar reducido a unha acción concreta e puntual.

A disciplina positiva.

O axeitado desenvolvemento do proceso educativo precisa da disciplina positiva que se fundamenta en normas consensuadas e claras elaboradas conxuntamente que potencien a autonomía, a responsabilidade e a capacidade de cambio e mellora das persoas da comunidade educativa.

A participación

A existencia de canles de participación real de todos os estamentos do centro e en especial do alumnado, potencia o sentimento de pertenza e mellora o clima e a convivencia escolar.

O cultivo dos valores

"Educar para a paz supón cultivar nos alumnos valores como a xustiza, a cooperación, a solidariedade, o desenvolvemento da autonomía persoal e a toma de decisións, etc., cuestionando ao mesmo tempo os valores antitéticos á cultura da paz, como son a discriminación, a intolerancia, o etnocentrismo, a obediencia cega, a indiferenza, a insolidaridade, o conformismo, etc." (Transversais. Educación para a paz, M.E.C., 1992).

Para convivir de forma positiva é necesario que o alumno desenvolva un sistema de valores que sustentarán as accións, decisións e opcións da súa vida. Dende a escola contribuiremos á súa formación traballando a educación en valores.

Aprender a vivir cos demais

"A educación da paz hai que concíbila como un proceso de desenvolvemento da personalidade, continuo e permanente, inspirado nunha forma positiva de aprender a vivir consigo mesmo e cos demais na non violencia e na creación de ámbitos de xustiza, de respecto e de harmonía". (González Lucini, F., 1993).

Facilitar experiencias e vivencias

"Educar para a paz esixe facilitar aos alumnos a experiencia e vivencia da paz no ámbito escolar. Para iso débense potenciar unhas relacións de paz entre todos os que forman a comunidade educativa. A organización democrática da aula, segundo a capacidade dos alumnos e da participación destes no proceso escolar, facilita a resolución non violenta dos conflitos; debe propiciarse un clima que xere actitudes de confianza, seguridade e apoio mutuo, de igualdade, xustiza, solidariedade e liberdade". (González Lucini, F., 1993).

5. MODELO DE XESTIÓN DA CONVIVENCIA

Torrego Seijo (2006) define modelo de tratamento da convivencia como "un conxunto integrado de formulacións de índole educativo, que tratan de argumentar e de xustificar unha serie de comportamentos e de actuacións concretas que se adoptan normalmente dende unha perspectiva de centro, para previr e facer fronte aos problemas de disciplina".

No noso centro apostamos por un modelo de xestión democrático da convivencia relacional e integrado que, seguindo a Torrego Seijo (2006), se caracteriza por:

- A resolución do conflito a través do diálogo entre as partes. Para iso haberá que ter en conta:
 - Reparación. A vítima recibirá unha reparación directa material e/ou moral.
 - Reconciliación. Co propósito da mellora da relación entre as partes. a vítima recibe unha reparación e o agresor libera a súa culpa ao sentirse perdoado. O diálogo é unha ferramenta básica neste modelo.

- Resolución. Formula un diálogo sincero para que os conflitos subxacentes (conflito de intereses, necesidades, valores ou relación) poidan ser escoitados e, polo tanto, atendidos e resoltos a través do acordo.
- Preténdese resolver o conflito transcendendo o acto privado. Por esta razón, este modelo legalizárase dende unha perspectiva de centro, quedando recollido tanto nos documentos que enmarcan todas as accións do centro (PEC) como nos relacionados coa regulación da convivencia (RRI).
- Un sistema de normas (do centro, aula,...) elaboradas participativamente de modo que poidan ser interpretadas polos seus usuarios como un pacto de convivencia.
- Funcionamento no centro de estruturas que potencian o diálogo:
 - Equipo de mediación.
 - Asembleas de aula.
 - Círculos de convivencia.
 - Observadores da paz.

7. NORMAS DE CONDUCTA DO CENTRO

Se ben, de conformidade co establecido no art. 124 da LOE, "os centros docentes elaborarán as súas normas de organización e funcionamento, que deberán incluír as que garantan o cumprimento do plan de convivencia", e sen prexuízo do establecido no RRI, neste documento figurarán as normas básicas para que se dean as condicións que permitan o correcto desenvolvemento da vida no centro educativo e do proceso de ensino-aprendizaxe e sexa posible, na medida en que estas normas poidan ser cumpridas por maior número de alumnos, achegarnos ao éxito académico e desenvolver a capacidade para relacionarnos, pertencer e integrarnos en grupos humanos.

A asistencia e a puntualidade

- Asistimos con puntualidade a clase.

- Presentamos a xustificación de faltas de asistencia asinada polos nosos pais ou representantes legais nun prazo non superior a tres días dende o momento en que se produce a reincorporación ao centro.
- Permanecemos no recinto escolar e non o abandonamos sen a compañía do noso pai/nai, titor legal ou persoa debidamente autorizada e sen cumprimentar o documento que o centro escolar ten ao efecto.
- En horario de recreo permanecemos ou subiremos ás aulas sempre en compañía dun profesor.

O coidado das instalacións e do material escolar:

- Coidamos o material propio e o dos demais compañeiros.
- Pedimos permiso a outros compañeiros para utilizar o seu material.
- Colaboramos para que non se produzan roubos dos bens do centro e dos seus integrantes.
- Coidamos as instalacións do centro: mantemos a clase limpa, as mesas colocadas, utilizamos as papeleiras, evitamos as pintadas, raias e danos en mesas, cadeiras e paredes da aula, corredores, cuartos de baño, instalacións deportivas, equipos informáticos e patio.
- Traemos todos os días o caderno de comunicación entre pais e profesores e, no caso de que houbese algunha notificación, ensinamos a sinatura dos pais ao titor e aos profesores correspondentes.
- Coidamos os documentos escolares (boletíns de cualificacións, autorizacións de actividades extraescolares, parte de faltas de asistencia, comunicacións, amoestacións escritas, etc.) e traémolos asinados polos nosos pais cando sexa preciso.

O desenvolvemento da actividade escolar

- Esperamos ao profesor dentro da aula, co material sobre a mesa e coa clase ordenada.
- Atendemos ás explicacións, preguntamos o que non entendemos, participamos en clase e respectamos as ideas dos demais.

- Gardamos a debida compostura, silencio e respecto en clase para permitir un desenvolvemento correcto da actividade académica.

Os alumnos debemos cumprir as seguintes normas con:

- Polos corredores e nas entradas e saídas imos tranquilos, sen correr nin dar berros.
- Traemos as tarefas feitas de casa, entregamos os traballos na data indicada e realizamos as actividades que se formulen en clase.
- Traemos o material escolar necesario para o desenvolvemento das tarefas na aula.
- Non comemos nin mastigamos chicle durante as clases.
- Manteremos gardados e apagados os teléfonos móbiles e outros aparatos electrónicos. En calquera caso, é preferible non os traer ao centro.
- Cumprimos as normas establecidas en cada unha das actividades extraescolares e complementarias.
- Cumprimos as sancións impostas por profesores, titores, Xefatura de Estudos ou Director.

As relacións con profesores, compañeiros e demais membros da comunidade escolar

- Dirixímonos a todos os membros da comunidade escolar con respecto, sen insultar, acosar ou mostrar actitudes de superioridade.
- Tratamos con respecto os profesores e escoitámolos cando explican e se dirixen a nós.
- Obedecemos aos profesores e ao persoal non docente e seguimos as súas indicacións.
- Utilizamos o diálogo en caso de conflito e evitamos as agresións físicas e verbais.
- Evitamos as situacións de alboroto colectivo.
- Comunicamos ao persoal non docente, profesores ou membros do equipo directivo calquera incidente contrario ás normas de convivencia do centro do que teñamos coñecemento.
- Evitamos os xogos ou actividades violentas.

A saúde e a hixiene

- Vimos limpos e aseados ao centro e coa roupa axeitada.
- En educación física traemos o chándal e calzado deportivo.

8. MEDIDAS PREVENTIVAS E ACTUACIÓNS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**8.1. MEDIDAS DE ÁMBITO RELACIONAL****8.1.1. As boas maneiras nas relacións.**

As boas relacións interpersoais estarán presididas polo respecto mutuo, a comprensión, aceptación e tolerancia.

Todos na comunidade escolar deben respectar estas obrigas na condución e o desempeño das súas funcións. Serán coidadosos no trato evitando calquera expresión que, directa ou indirectamente, poida indicar o desprezo ou a depreciación da persoa.

Trátase pois de:

- Ser cortés no trato: pedir por favor, dar as grazas, pedir desculpas,...
- Dirixirse aos demais utilizando o seu nome.
- Mirarse aos ollos ao falar.
- Sorrir, independentemente do teu temperamento ou estado de ánimo.
- Ser amable, ter boa disposición.
- Ser servizal, dando e recibindo axuda con educación, ofrecéndose voluntariamente sen esperar a que o soliciten.
- Facer as cousas con boa actitude, alegría e dilixencia.
- Ceder o paso, non empurrar para entrar, saír, coller as cousas
- Empregar unha linguaxe correcta evitando palabras malsoantes.
- Vixiar o ton das palabras para non ofender ao outro
- Saudar.

- Evitar os berros ao comunicarse cos demais.
- Deixar falar aos demais e respectar as súas opinións.
- Evitar molestar ou mancar os demais.
- Ser amigable: interesarse polas cousas dos demais, procurar evitar que alguén se sinta illado e non formar círculos que exclúan outros das relacións sociais.

8.2. MEDIDAS DE ÁMBITO CURRICULAR

8.2.1. Educación en valores e habilidades sociais

Nos últimos anos producíronse importantes modificacións nos escenarios escolares. De ser espazos destinados á difusión e transmisión de saberes e á asimilación por parte dos estudantes de contidos conceptuais, pasaron a converterse en ámbitos de promoción de actitudes e valores con fins orientados a promover condutas de respecto, tolerancia e cooperación co ámbito social e cultural.

O colexio debe ofrecer coñecementos, procedementos e actitudes que contribúan á construción de criterios morais derivados da razón e o diálogo. E pensamos que todo este traballo se debe iniciar xa cos máis pequenos, é dicir, na educación infantil.

Pero se ben a educación en valores e competencia social é algo que se traballa continuamente na nosa relación cos alumnos, habemos de facelo tamén dende a transversalidade, cun sentido globalizador e integral, de forma sistematizada e explícita, en todas as actividades que propoñemos aos alumnos e con actividades concretas presentes nas programacións de aula.

8.2.2. Grupos cooperativos heteroxéneos de alumnado

No colexio, facemos unha clara aposta por esta técnica cuxa eficacia se fai patente a varios niveis:

No cognitivo:

- Leva consigo o traslado da responsabilidade da actividade de aprendizaxe da relación profesor-alumno á relación entre iguais.
- Favorece a motivación do alumnado xa que axuda a percibir a autoeficacia no traballo escolar.

No convivencial:

- Incrementa dunha forma notable as boas relacións interétnicas, a tolerancia e a capacidade de cooperación, de probada eficacia fronte á opción competitiva, ademais de moito máis ética e favorecedora dun bo clima escolar (Díaz Aguado, 2002).
- Aumenta a sensación de pertenza a un grupo, así como a xeración e consolidación de sentimentos pro sociais.

8.2.3. Uso intensivo de novas tecnoloxías

As novas tecnoloxías forman parte da vida ordinaria dos nosos alumnos e están presente en todos os ámbitos sociais. Non se trata xa no colexio de utilizar estes recursos altamente motivadores para o traballo de alumnos con dificultades de aprendizaxe, que tamén, ou esporadicamente na aula ordinaria. Debemos educar en, con e para o manexo das novas tecnoloxías de forma que a aula sexa un espazo de traballo que interese e "enganche" o alumno. Se isto é así, favorecerase sen dúbida a mellora da convivencia escolar.

8.3. MEDIDAS DE ÁMBITO ORGANIZATIVO**8.3.1. Contratos individuais.**

Ao comezo do curso convocaranse reunións individuais entre o titor e cada un dos alumnos acompañados dos seus pais para informalos do funcionamento do centro, expoñer os nosos compromisos (de aprendizaxe e de convivencia) e recordarlles as súas responsabilidades (asistencia, comportamento, estudo, control de horas de sono e alimentación, resposta pronta ao titor, etc.).

Eses acordos formúlanse nun escrito do que o titor conserva copia asinada, que será a referencia de funcionamento para o curso.

Cando os acordos se incumpren, os pais serán chamados ao centro e revisaranse os acordos, tomándoseas decisións que procedan.

No anexo figura o modelo de contrato, adaptado dos documentos elaborados polo IES Miguel Catalán de Coslada, Madrid.

8.3.2. Normas de aula

O feito de que a comunidade educativa recoñeza uns límites claros e definidos que rexan a vida no centro educativo é un aspecto necesario e imprescindible dende un punto de vista educativo. (Pérez 1996, Torrego e Moreno 2003).

Esta actividade ten como **obxectivos**:

- Propiciar o aumento da integración, cohesión e cooperación grupal, aumentando o poder de control sobre a clase do profesor e a formación nos alumnos dunha actitude de respecto e colaboración coa convivencia e o traballo en clase.
- Proporcionar oportunidades para que os alumnos tomen conciencia da conveniencia de establecer e cumprir normas que favorezan a convivencia e o traballo.
- Incrementar a capacidade de xuízo crítico, a habilidade para prever os efectos da propia conduta e para buscar estratexias de actuación que eviten conflitos ao mesmo tempo que propician un clima de convivencia e traballo favorable.
- Mellorar o autocontrol dos alumnos e potenciar os hábitos sociais e de traballo.
- Mellorar a calidade do traballo e aprendizaxe, mediante un clima de sosego e así lograr que descendan os niveis de conflictividade e estrés dentro da aula.
- Desenvolver actitudes de cooperación e axuda mutua entre os compañeiros.

Incidindo no referido por Barriocanal, L (2000), “a definición dunhas regras claras e coñecidas que regulen distintos aspectos da vida do centro e a implicación do alumnado no bo funcionamento da institución escolar constitúen dúas liñas de actuación esenciais na xestión da convivencia”.

Watkins e Wagner (1991) destacan a importancia de que as normas sexan claras e coñecidas e se fundamente para o alumno a súa razón de ser:

- Os alumnos precisan estabilidade e seguridade e para iso deben saber o que teñen que facer, como facelo e as consecuencias que se derivan diso.

- É importante que non perciban as normas como algo arbitrario, o que motiva, en ocasións, que os intentos de corrección por parte do profesor se vexan respondidos con reaccións de protesta do alumnado.
- A variación das normas xerais dun profesor a outro fai que, en boa medida, o seu seguimento resulte moito máis difícil para o alumnado. Neste terreo debemos ser formais e explícitos.

É necesario ter en conta que, malia que xa dende os primeiros cursos se deben traballar as normas, o procedemento, a responsabilidade de cada un, as consecuencias que leva consigo o seu incumprimento, de forma adaptada ás características psicoevolutivas do alumnado. Así, nestes primeiros niveis débese partir dos problemas concretos, dos comportamentos que consideramos inadecuados ou de situacións que perturban o grupo que impiden o logro de obxectivos compartidos, intentando determinar as posibles causas.

O proceso para a elaboración de normas de aula debe ser o suficientemente áxil para que poidan estar establecidas o antes posible.

É conveniente ter poucas normas, claras e sinxelas que describan comportamentos axeitados e esperados, redactadas en positivo, sempre que sexa posible, e deixando claros os procedementos establecidos en caso do seu incumprimento.

A continuación referirémonos a **como pode levarse a cabo o proceso para a elaboración das normas de aula.**

- Autorrevisión e toma de decisións
- Sensibilización
- Desenvolvemento do establecemento das normas
- Posibles correccións
- Negociación e consenso

Autorrevisión e toma de decisións:

Previamente, cada equipo de ciclo pode establecer unha relación de aspectos a tratar nos grupos do seu nivel. Pódese dispoñer de documentos sinxelos nos que anotar os comportamentos

inadecuados e aquelas situacións máis conflitivas da aula. Facer unha posta en común por parte dos equipos docentes das preocupacións máis comúns, da análise das causas que poden subxacer aos problemas, así como das estratexias e actuacións máis eficaces que se levan a cabo, pode ser de gran axuda á hora de facilitar e dar coherencia ao proceso de elaboración de normas de aula.

Sensibilización:

Nun primeiro momento o titor pretende sensibilizar e concienciar ao alumnado da necesidade de ter unhas normas en clase como en calquera outro grupo social. Leva a cabo unha reflexión sobre o concepto de norma e a súa importancia para as relacións interpersoais, o bo funcionamento da clase e a eficacia do proceso educativo, sobre os seus obxectivos comúns como compoñentes do grupo-clase, así como sobre os dereitos e deberes dos alumnos e profesores e os aspectos que é conveniente sexan regulados.

Desenvolvemento do establecemento das normas:

As normas deben consensuarse e chegar a elas tras reflexionar sobre a conveniencia ou non de cada unha, analizando os pros e os contras de establecela ou non, ao obxecto de conseguir que o alumnado asuma unha actitude de colaboración responsable no seu desenvolvemento.

Nas asembleas pódese traballar a reflexión das devanditas normas.

Os criterios a considerar á hora de formular as normas que se van elaborar son os seguintes:

- Deben ser claras e concretas para que resulte doado determinar se se cumpriron ou non.
- Enunciadas en positivo. Mellor que expresar unha prohibición é expresar o comportamento correcto nunha determinada situación.
- Que sexan realistas e doadas de cumprir.
- Que sexan xustas e comprensibles.
- Que se entenda o seu sentido, a súa razón de ser.
- Non excesivas en número.
- Non poden ir contra as normas xerais do centro ou contra outras de rango superior.

Posibles correccións

Pérez (1995, 1996), Fajardo (1996) e Trianes (1996) nos seus respectivos traballos inclínanse por definir tamén as posibles consecuencias asociadas ao incumprimento das normas e propoñen que a cada unha das regras de comportamento se asocien as consecuencias previstas ante o seu incumprimento.

Estas consecuencias enténdense como sancións ou correccións de carácter recuperador e non meramente punitivo, destinadas a reconducir a conduta inadecuada ata conseguir que o comportamento do alumno se adapte á norma establecida e aceptada polo grupo.

Neste sentido, pode ser relevante aquí a distinción entre castigo e consecuencias lóxicas propostas por Curwin e Mendler (1983), segundo a cal o castigo funciona máis como unha forma de desquite ou de revancha que contribúe en maior medida á descarga emocional da persoa ofendida que a axudar ao infractor a aprender o comportamento aceptable da experiencia. As consecuencias terían un carácter máis educativo e recuperador, posto que gardan unha relación directa co tipo de falta cometida e van máis orientadas a axudar ao infractor a comprender os efectos negativos da súa conduta máis que a penalizala.

Os criterios máis importantes que se poden establecer para definir as posibles consecuencias son os seguintes:

- Deben ser realistas e factibles.
- Deben gardar proporción coa gravidade da falta cometida.
- Deben ser eficaces á hora de corrixir o comportamento inadecuado.
- Sempre que resulte posible, deben ir orientadas a corrixir o problema ocasionado polo infractor, polo que deben gardar unha relación lóxica co tipo de falta cometida.
- Non poden ir en contra dos dereitos fundamentais da persoa.
- Cada norma pode levar asociadas unha ou varias sancións graduadas, en función da magnitude do dano causado ou considerando unha posible reincidencia.

Fajardo (1996) e Pérez (1996) propoñen que o establecemento de normas e correccións se aborde simultaneamente.

Negociación e consenso

Nesta fase, trátase de culminar cun pacto ou acordo mutuamente satisfactorio todo o proceso de traballo realizado nas fases anteriores. Este pacto pode tomar a forma dun acordo rubricado polas distintas partes, no que se especifiquen ademais o período de vixencia e os mecanismos para a súa posible revisión e modificación.

O procedemento a seguir é a aprobación de cada unha das normas pola asemblea da clase.

Posteriormente, poranse nun lugar destacado da clase nun formato elaborado polos alumnos.

Nos documentos incluídos no anexo figura unha proposta de actuación que, adaptada aos diferentes niveis, pode servir de guía.

8.3.3. Asemblea de aula

A asemblea é o espazo para a xestión da convivencia e da aula e a canle fundamental de participación e toma de decisións do alumnado no centro. Nela trátanse todo tipo de temas relacionados coa convivencia, o traballo escolar e a vida do centro en xeral. Ademais de constituír unha actividade fundamental para regular e mellorar a convivencia na aula, facilita a adquisición de valores como o respecto, diálogo, democracia, xustiza, igualdade, tolerancia, que se traballan nela de forma vivenciada.

Podemos destacar entre as súas funcións:

- Organización da vida da aula
- Coñecemento e resolución de conflitos.
- Servir de foro de expresión dos alumnos: dificultades, situacións, que viven como dolorosas ou insatisfactorias, necesidades, propostas, suxestións, queixas, ...
- Coñecemento das relacións que se establecen en entre os alumnos e destes con outros membros da comunidade educativa e os problemas que xorden nestas.
- O tratamento de temas da clase promove a colaboración, a amizade e a confianza e contribúe a cohesionar o grupo.

- A aprendizaxe da habilidade do diálogo que implica expresar a propia opinión e escoitar a dos demais de forma respectuosa.
- A aprendizaxe dos mecanismos de participación democrática e a realización de acordos, pactos, votacións.
- O control dos alumnos disruptivos ou que xeran problemas no grupo.
- A prevención de situacións de acoso, maltrato,...
- A axuda a alumnos con dificultades de relación.
- Realizar as normas de aula e levar a cabo o seu seguimento para asegurar o seu cumprimento e analizar a súa utilidade ou a necesidade de novas normas para estudar a súa modificación.
- Formular propostas que transcenden o seu poder de decisión como grupo.

O bo funcionamento da asemblea de aula como procedemento regulador da convivencia no centro require:

- Aínda que o formato e os seus obxectivos cambiarán substancialmente duns cursos a outros, realizaranse en todos os niveis do colexio con periodicidade semanal de forma que constitúa unha actividade habitual do grupo. En educación Infantil manterase a primeira hora diaria que xa se viña destinando a este fin.
- Organizar o espazo de xeito distinto ao habitual para marcar o carácter propio e diferenciado, o "especial" desta actividade dentro do día a día da aula, nunha disposición que todos poidan verse e favoreza o diálogo e intercambio.

En relación á actuación do profesor:

- Debe deixar que os alumnos sexan os protagonistas da asemblea, reducindo a súa intervención ao mínimo que sexa necesario, conforme á idade e grao de autonomía e eficacia dos nenos.
- Manterá unha actitude de respecto cara ás opinións dos alumnos, coidando a formulación de xuízos de valor e sendo prudente nas súas intervencións para que os nenos poidan chegar a debater libremente e deixar que cheguen ás súas propias conclusións e propostas.

Deste modo, aumentará a confianza dos alumnos e favorecerá a súa expresión libre e sincera.

- Intervirá co obxecto de favorecer a eficacia da asemblea como moderador, para centrar o tema de discusión ou evitar desviacións deste, estimular a participación de todos os alumnos, resumir ou sintetizar diversas posturas sobre un tema,... axudando a facer as asembleas do modo máis correcto e eficaz posible.
- Seguindo as formulacións de Trilla (1992), cando se discuten valores morais con rango de universalidade (respecto, xustiza, democracia, tolerancia, liberdade, honestidade, etc.) debe adoptarse sempre unha postura favorable a estes, de forma clara e contundente. No mesmo sentido, a postura do profesor será claramente "belixerante" cando a discusión se centre en contravalores (inxustiza, desigualdade, insolidariedade, intolerancia, etc.)

8.3.4. Patrulla verde.

Os alumnos deben participar no coidado de todas as instalación do centro e contribuir ao bo estado do patio.

Asimesmo, a educación medioambiental e os valores de coidado e preservación do medio ambiente, que inclúen accións como o depósito selectivo do lixo, contribúen á súa formación integral.

Os alumnos voluntariamente en parellas en quendas diarias, constituirán a patrulla verde do noso centro presente no patio na hora do recreo. Educación infantil terá tamén a súa patrulla verde formada por alumnos de este nivel.

O seu cometido é axudar a manter limpo o patio e promover o depósito selectivo de lixo, recordando aos compañeiros os seus deberes, estar atentos para que ninguén faga dano ás árbores ou estrague o material e corrixir as accións inadecuadas.

Levarán un chaleco co emblema correspondente e un caderno no que anotarán as incidencias.

O seu labor deberá ser recoñecido pola comunidade escolar.

8.3.6. Observadores-mediadores da convivencia

Chamamos así aos alumnos que voluntariamente colaboran na mellora da convivencia no colexio. Contribuirán a facilitar a resolución de conflitos no recreo actuando de mediadores no lugar para o acordó que, a estes efectos, temos no patio do colexio.

Estes alumnos de 5º e 6º actuarán voluntariamente en parella en quendas diarias, de modo que participen todos e a responsabilidade se reparta entre eles.

Levarán un chaleco co emblema correspondente e un caderno no que anotarán as incidencias e o seguimento das mesmas.

O seu labor deberá ser recoñecido pola comunidade escolar.

8.3.7. Mediación confidencial

A mediación é un método para resolver disputas e conflitos. É un proceso voluntario no que se brinda a oportunidade a dúas persoas en conflito para que se reúnan cunha terceira persoa neutral (mediador) para falar do seu problema e intentar chegar a un acordo.

As características esenciais da mediación son as seguintes:

- É un acto cooperativo en vez de competitivo.
- Baséase nun proceso de resolución de conflitos.
- Está orientado cara ao futuro en vez do pasado.
- Hai dous posibles gañadores.
- Esixe honestidade e franqueza.
- É voluntario.
- Preocúpase polas necesidades, sentimentos e emocións.
- Non é ameazante, non é punitivo.
- É confidencial.
- O mediador axuda a remover os obstáculos de comunicación, malentendidos, prexuizos, etc.

- Ten unha dimensión pedagóxica na que as partes deben resolver "o seu conflito".
- Ofrece a oportunidade de que cada parte escoite o punto de vista da outra.
- É un proceso no que se teñen que propoñer alternativas sobre as cuestións do conflito e chegar a un acordo.
- Este acordo debe ser posible, escrito e supervisado

A mediación será desenvolta pola orientadora, en estreita relación e coordinación cos titores e a dirección do centro. O **protocolo a seguir** para utilizar este servizo será:

1. Calquera membro da comunidade educativa pode solicitar os servizos do mediador.
2. Serán obxecto de mediación todas as cuestións que afecten á convivencia dos membros da comunidade educativa.
3. As solicitudes do servizo de mediación presentaranse ante a xefatura de estudos ou dirección e, no caso dos alumnos, ante o titor. Nese momento indicárase o motivo da mediación así como todos os datos necesarios para levala a cabo.
4. Ante un problema entre alumnos, calquera profesor poderá, con coñecemento do titor ou titores, mandar os alumnos afectados ante o mediador.
5. Na fase previa (premediación) crearanse as condicións que facilitan o acceso á mediación. Nela fálase coas partes por separado, explícase o proceso a seguir e solicítase o seu consentimento para acudir á mediación.
6. Do acordo alcanzado entre as partes darase conta ao titor ou titores dos alumnos para o seguimento do cumprimento.
7. Ao remate da intervención, o mediador fará un informe no que figurarán, entre outras cousas, os acordos aos que chegaron as partes. Recollerá tamén a forma na que se vai realizar o seguimento dos acordos alcanzados.

No anexo figuran os documentos do protocolo do proceso de mediación.

8.3.8. Aula de convivencia.

Cando o comportamento do alumno impide que as clases se desenvolvan con normalidade e aproveitamento, se descontrola e insulta e/ou agrede aos demais, manter esa situación na clase é contraproducente.

Deberá abandonar a clase permanecendo a cargo do profesor que teña asignada a tarefa de atención á aula de convivencia nese momento. Esta actuación debe ir acompañada dun parte de incidencias que cubrirá o profesor que nese momento estaba co alumno, tal e como se establece no RRI.

9. OUTROS RECURSOS DO CENTRO PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

Neste documento sinalamos as actuacións que o centro levará a cabo en distintos ámbitos para favorecer a convivencia, pero non queremos deixar de recordar que estas son medidas que desenvolven as liñas de actuación do centro educativo con respecto á convivencia que deben quedar reflectidas en:

- Nos documentos que conforman o Proxecto Educativo de Centro (PEC), como as concrecións curriculares
- Programacións didácticas.
- Programación Xeral Anual.
- Normas de Organización e Funcionamento (NOF)., antigo RRI.
- Plan de Orientación que inclúe o Plan de Acollida
- Función titorial e orientadora (POAT).
- Actuación do equipo directivo.
- Observatorio de Convivencia.

10. PREVENCIÓN E ACTUACIÓNS ANTE A DISRUPCIÓN.

Cando falamos de condutas disruptivas estámonos a referir ás situacións de aula nas que un ou uns poucos alumnos impiden co seu comportamento o desenvolvemento normal da clase, obrigando o profesorado a empregar cada vez máis tempo en controlar a orde dentro desta.

A disrupción segundo Fernández (2001) presenta as seguintes características:

- Refírese a un conglomerado de condutas inapropiadas dentro da aula, tales como levantarse a destempo, falar cando explica o profesor, etc.
- Supón que os obxectivos educativos das diferentes persoas na aula non converxen nun punto común; é dicir, os propósitos educativos iniciais do profesor non son compartidos e asumidos por todos os alumnos.
- Atrasa e nalgúns casos impide o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Convértese nun problema académico, pois non permite ampliar, nin reforzar os coñecementos debidos.
- Interpretase como un problema de disciplina ou mellor dito de indisciplina na aula.
- A súa repercusión excede aos individuos sobre os que se centra a acción (alumno-profesor), porque produce maior fracaso escolar no grupo clase.
- Propicia un clima de aula tenso onde se crean malas relacións interpersoais, tanto entre profesores e alumnos coma entre os propios alumnos.
- Proporciona un campo fértil para a aparición e aumento do maltrato entre alumnos.
- Separa emocionalmente a profesores e alumnos impedindo en moitos casos formulacións didácticas Innovadoras Como exemplo, podemos citar condutas tales como: levantarse do sitio sen pedir permiso, retar a autoridade do profesor, non traer materiais a clase, non querer seguir coa tarefa, molestar a compañeiros, preguntar para atrasar a instrución, tirar xices, etc. Todas elas provocan desacougo e unha grave dificultade para proseguir a marcha da clase.

Pautas para previr a disrupción

Seguindo a Trianes (1997), podemos citar como cualidades que axudan a previr a disrupción:

➤ Trato persoal co alumnado

- Demostrar respecto e educación no trato cos alumnos. O manexo construtivo das situacións problemáticas esixe do profesor unha gran cantidade de cualidades emocionais.
- Respecto polo alumno, o que nos impide ser ferintes mesmo cando estamos enfadados ou no trato con nenos difíciles.
- A capacidade de manexar a propia indignación.
- Un sentimento de autoestima estable que nos permita non converter cada provocación do alumno nun ataque persoal.
- A capacidade de poñerse no lugar do alumno e comprender os seus motivos.
- O coñecemento de que o ton que empregamos no trato co alumno actúa sobre o seu desenvolvemento emocional.
- Valorar individualmente cada un dos nosos alumnos. O alumno debe sentirse aceptado e valorado como persoa, polo que é, con independencia do que faga. As condutas inadecuadas deberán ser corrixidas ou sancionadas como corresponda. Trátase de ser capaces de separar a persoa do problema. Ser tan duro como sexa necesario co problema pero sempre amable e respectuoso coa persoa.
- Axudar ao alumno a resolver os seus problemas persoais.
- Axudarlle nos seus problemas académicos.

➤ A xestión da aula

- Distribución e ocupación de espazos.

A colocación do alumnado na aula é un elemento básico para o control e a xestión escolar. Inicialmente pode facerse por orde alfabética. A medida que vaiamos coñecendo os alumnos, xa dispoñemos doutros criterios para a súa situación na aula. Non debemos deixar que sexan eles os que determinen o seu lugar, de sorte que os máis desmotivados, disruptivos ou problemáticos se xunten nos lugares menos controlables e accesibles. A elaboración do sociograma pode ser unha axuda importante para esta decisión.

- Distribución e uso do tempo.

As sesións de aula adoitan responder igualmente a un patrón definido en canto á distribución do tempo. E tamén este ten relación co clima da aula, co rendemento do alumnado e coa maior ou menor presenza de disrupción. Así, por exemplo, a porcentaxe de tempo que se dedica ao traballo cooperativo ten unha incidencia directa na prevención da disrupción.

- Discurso do profesorado e interacción verbal.

O discurso de profesorado inclúe os textos e mensaxes que de xeito explícito comunica. Está directamente relacionado co tipo ou modo de interacción verbal que se establece na aula. Discurso e interacción promoven e reforzan determinados tipos de relacións interpersoais (cooperativas ou competitivas, de autonomía ou de dependencia) e bloquean outras.

- Interacción non verbal e paraverbal

Ademais das palabras, a linguaxe do corpo, os sinais e, especialmente, o movemento do profesorado pola aula, son elementos cunha incidencia directa e considerable sobre a presenza ou ausencia de disrupción. Un profesor que multiplica o contacto non verbal e paraverbal cos seus alumnos e que se move con frecuencia pola clase, distribuíndo a súa atención entre eles, prevé as condutas disruptivas mellor que aquel que se parapeta detrás dunha mesa.

- Reacción inmediata ante a disrupción.

O tipo de reacción do docente ante a disrupción é un dos principais indicadores que o grupo de alumnos -e especialmente os disruptivos- utiliza para relacionarse co seu profesor.

É conveniente utilizar tanto sinais (mirar ao que interrompe, achegarse e tocarlle a mesa, tomar nota mirando ao que fala...), como signos verbais, preferentemente mensaxes breves (citar o nome do que está a falar ou distraído, invitalo a participar, dar ordes breves, xerais ou particulares, como "o libro", "o estoxo"...). Se comprobamos que a conduta non se detivo, recordaremos a norma en termos de necesidades, dereitos, deberes... Este tipo de resposta reforza os límites e á vez dá confianza e tranquilidade: non agredimos, nin

ofendemos nin ridiculizamos, polo que ninguén debe salvar a súa imaxe enfrontándose a nós.

- Estilo motivacional.

A motivación do alumno antes de iniciar unha tarefa ou abordar un determinado tema é algo que en moitas ocasións se descoida coa consecuencia case segura dunha maior disrupción.

- Preparación e xestión das actividades e tarefas de aprendizaxe.

Este elemento é probablemente o que máis desapercibido adoita pasar. Abonda con observar unha clase para comprobar que o profesor ten que facerse cargo a diario de entre vinte e corenta pequenas tarefas (repartir papeis e fichas, transportar material, apagar luces, tomar notas, etc.), a duración da cal non chega ao minuto, á hora de preparar e xestionar as actividades. Tal exercicio, ademais de resultar esgotador para o docente, favorece a aparición de condutas disruptivas nun alumnado que asiste a todo iso como espectador.

Debemos procurar repartir responsabilidades e tarefas entre o alumnado (encargado de..., responsable de...). Este proceder, ademais de actuar como unha estratexia antidisrupción por si mesma, facilítanos a atención da clase. Outra posibilidade de repartición de responsabilidades é a axuda entre iguais, que consiste en colocar aos alumnos máis rápidos xunto a outros máis lentos de sorte que, rematada a súa tarefa, poidan axudar ao seu compañeiro.

- Uso do eloxio e do reforzo en xeral.

A administración e dosificación de eloxios e reforzos en xeral é outro dos elementos clave na xestión da aula. Debemos procurar que todos poidan acceder ás recompensas adaptando as esixencias ás capacidades e intereses de cada alumno, organizando tarefas de reforzo educativo, propoñendo a elaboración de adaptacións curriculares ao alumnado que o precise, etc.

- Distribución do poder e exercicio da autoridade dentro da aula.

Investido como a autoridade dentro da aula e detentando o poder nesta, o docente ten que tomar decisións sobre como exerce esa autoridade, como a presenta e a lexítima ante os alumnos e como distribúe, devolve e transfire certa cota de poder entre eles. Este é un dos elementos de maior calado na xestión da aula e, en consecuencia, na prevención da disrupción.

- Axudar a coidar o espazo no que conviven.

Unha clase sucia e mal coidada é moito máis propensa a sufrir danos tanto intencionados como producidos por descoidos inxustificables.

O alumnado pasa moitas horas nunha aula despersonalizada coa que se sente pouco identificado. Ao tempo que nos preocupamos por evitar os deterioros, podemos intentar que se sintan orgullosos da súa clase para que a coiden: decorala cos seus propios traballos, fotos... O sentido de pertenza axuda a crear grupo e a reducir os comportamentos inadecuados.

- A disrupción externa

Convén que o alumnado conviva nun ambiente de traballo estable, máis ou menos homoxéneo, ao longo da xornada escolar. Se unha clase é moi ríxida e outra nada, aumenta o risco de disrupción. O equipo docente de cada grupo deberá asumir unhas normas mínimas comúns de actuación na aula, revisables en función da marcha do curso.

Pautas para afrontar a disrupción

A pesar de intentar adoptar todas as medidas posibles para previr a disrupción é moi probable que esta apareza, en cuxo caso:

- Non o tomemos como un problema persoal.

Existen múltiples razóns e motivos polos que un alumno pode mostrar condutas disruptivas: actividades pouco motivadoras, excesivas horas de clase, necesidade de facerse valer diante dos outros, reclamar atención do profesorado ou dos iguais, etc. É moi posible que o alumno disruptivo estea a facer un exercicio de poder, intente mostrar que controla a

situación ou trate de facerse valer diante dos seus compañeiros interrompendo a actividade docente, antes que un intento de afrontar directamente ao profesor.

- Debemos ignorar as condutas leves e puntuais e demorar a resposta das máis persistentes.

Non poñer atención á conduta disruptiva pode conducir a que o alumno desista desa interrupción, en todo caso, reducirá a probabilidade de que a partir deste momento se reproduzan condutas similares que non conseguen o efecto desexado.

Moitos autores manteñen a importancia de evitar o acto disruptivo ou a chamada de atención e centrar a acción na tarefa. Isto supón non poñer atención directa ao alumno que, ex profeso, fai sinais de desacordo nese preciso momento, senón máis ben esperar o momento en que estea a traballar para apoiálo na súa boa conduta. En termos educativos: mostrarlle o reforzo cando faga algo ben en lugar de poñer en lle atención cando estea a realizar a acción que atrasa a marcha do proceso de aula.

Trátase, en definitiva, de mandar mensaxes non verbais nas que se dea por entendido que o profesor é consciente do que está a acontecer e á vez avanzar no proceso de aula no que está inmersa a clase, centrando o interese no grupo. Neste terreo a linguaxe non verbal é unha peza clave. Con accións de baixa intensidade de disrupción, un sinal, unha ollada, é suficiente. Dun xeito non verbal estáselle a indicar "ti sabes que estou aquí e que me estou a decatar". A mensaxe non-verbal actúa como recordatorio ou reforzo.

- Intentemos controlar as condutas máis persistentes a través da linguaxe non verbal.

Temos que procurar que a conduta disruptiva dunha pequena parte do alumnado non altere a marcha da actividade docente. Non paremos a súa actividade para chamar a atención ao alumno disruptivo. Iso é o que, consciente ou inconscientemente, busca na maioría das ocasións. Se o alumno consegue parar a clase, estaremos a reforzar esas condutas. A demostración de poder que pode significar iso diante dos iguais é un reforzador moito máis poderoso que calquera motivación positiva ou ameaza que o profesorado poida utilizar.

Cos alumnos máis socializados o feito de pasar ao seu lado, un sinal ou unha indicación silenciosa van ser moito máis efectivas que unha ameaza verbal. Ademais pode conseguilo sen alterar a marcha da clase. Ocasionalmente, podemos chamalo individualmente e facerlle ver o

inadecuado da súa conduta nunha entrevista individual; recordemos: os eloxios en público e as reprimendas en privado.

- Nunca debemos entrar nunha discusión co alumno diante da clase.

Discutir cun alumno disruptivo diante dos seus iguais significa provocar unha escalada do conflito, xa que entramos nunha dinámica de enfrontamento na que un dos dous debe resultar gañador e o alumno non consentirá en perder a batalla diante dos seus compañeiros. Se non é unha intervención absolutamente imprescindible (o alumno pode causar lesións ou danos inmediatos a outro alumno), debemos evitar o contacto físico co alumno conflitivo. Se o alumno se nega a saír da clase, se nos ameaza a nós ou ao resto do alumnado, etc, sempre é preferible que un profesor de garda ou un membro de equipo directivo non implicado directamente en conflito, serenos e tranquilos, se encarguen de atender o alumno.

- Non debemos retar, desafiar ou ameazar un alumno diante da clase.

Se un alumno protesta ás nosas indicacións ou nos reta abertamente evitemos caer na provocación e entrar nunha situación de descontrol. Perder os papeis por parte do profesor e entrar nun estado de enfado incontrolado pode supoñer moitas horas de traballo para recuperar a relación normal co grupo. Invitemos serenamente ao alumno a que abandone a aula por un tempo para tranquilizarse. Se o alumno se resiste, fagamos que alguén chame o profesor de garda ou o persoal de dirección para que se faga cargo del.

Sexa cal sexa o nivel ao que chegue a disrupción, intentemos abordar o problema posteriormente nunha entrevista individual, na que se analice o problema co alumno nun ambiente calmado e tranquilo, mostrándonos seguros á hora de condenar a conduta disruptiva pero trasladando sempre que se comprende e se acepta a persoa e inténtase buscar unha saída airosa para o implicado e propostas positivas para o futuro.

Sexa cal sexa o problema, ter en conta que non estamos sós e non debemos actuar pola nosa conta. Contemos o noso problema e pidamos axuda e orientación aos compañeiros, equipo directivo, departamento de orientación, etc.

Actuación ante unha conduta disruptiva

Cando un alumno non debe continuar en clase porque o seu comportamento impide o axeitado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe procederáse do seguinte modo:

1. O alumno irá á aula de convivencia acompañado doutro profesor.
2. É condición para que o alumno abandone a aula que o profesor cubra o parte de incidencias e lle entregue traballo académico para realizar.
3. Na citada dependencia o profesor de garda reflexionará co alumno sobre o acontecido buscando un compromiso de cambio e enviará ao alumno, ao seu criterio, á aula ordinaria ou continuará na aula de convivencia.
4. O alumno traerá asinado de casa o seguinte día lectivo copia do parte de comunicación ás familias da disrupción.
5. Unha vez asinado será entregado á xefatura de estudos.
6. Aplicaranse as medidas correctoras que procedan ao caso por quen corresponda.

Os documentos a cumprir nestas actuacións figuran no anexo do Plan de Convivencia.

11. ABUSO E MALTRATO ENTRE IGUAIS

11.1. O acoso escolar. Sinais de alerta

Partindo da definición de Olweus (1998) pode falarse do bullying ou acoso escolar como un maltrato entre iguais no que hai un abuso de poder, que se produce dun xeito continuado e persistente, xeralmente lonxe da mirada do adulto, e que pode adoptar distintas formas, non só a agresión física -por máis que a tradución do inglés sexa "matonismo"- aínda que esta sexa a que adoita considerarse máis grave. A maioría dos estudos coinciden en diferenciar tres tipos de acoso escolar: o físico, o verbal (insultar ou poñer alcumes) e o social (ignorar, excluír, ningunear), que se exercen directa ou indirectamente.

É unha situación na que a vítima se sente intimidada, excluída e percibe o agresor como máis forte. Hai que insistir en que non se empregan (ou non deben empregarse) os termos acoso (ou bullying) cando dous alumnos de idade e forza (física e psicolóxica) similares disputan ou se pelexan. (Olweus, 1998). Tampouco é acoso unha agresión a un profesor, nin unha pelexa ocasional entre dous alumnos, nin as que son repetidas, cando ambos os dous danan o outro.

En canto á localización destes episodios, o lugar de maior risco é o patio.

A xeito de resumo, **os criterios básicos para determinar se estamos ante unha situación de acoso entre iguais** serían:

- Implica un dano físico e/ou psicolóxico intencional cara á vítima.
- Persiste no tempo.
- O agresor séntese máis forte física e/ou psicolóxicamente que a vítima.
- A vítima séntese máis débil fronte ao agresor.
- Permanece oculta para os adultos.

A pronta detección do acoso é importante para que sexa máis doado restaurar a situación e que o dano causado ao alumno sexa menor. A primeira ferramenta para detectar vai ser basicamente a observación.

Familiares, alumnado e profesorado podemos observar certos sinais de alerta que poden indicar a posibilidade dun caso de acoso.

A continuación presentamos unha relación **de indicadores para detectar o acoso**:

Sinais físicos:

- Teñen contusións, feridas ou roturas na roupa que non se explican de xeito natural.

No seu comportamento:

- Presentan un aspecto contrariado, triste e aflixido.
- Cambios de humor repentinos, irritabilidade e explosións de enfado.
- Cambios bruscos de actitude e comportamento.
- Exceso de rebeldía ou apatía.

Na súa relación cos demais:**Observables polo profesorado****¿Que sinais de alerta podemos atopar na vítima?**

- Está só e illado frecuentemente.
- Busca a proximidade dos adultos.
- Non sae de casa só e cambia a ruta para ir ao centro.
- Fáltanlle materiais con frecuencia.
- É considerado débil polos seus compañeiros.
- Evita o contacto con determinados compañeiros.
- Non responde ás agresións.
- Séntese incapaz para defenderse.
- Ten dificultades para pedir axuda.
- Ten medo de contar o que lle pasa.
- Disimula e oculta o que sofre.
- Provoca reaccións negativas nos seus compañeiros (aínda que non son agresores).
- É obxecto de burlas e risas hostís.
- Nos xogos de equipo é o último en ser elixido.

No seu rendemento académico:

- Alteracións inusuais do rendemento escolar.
- Faltas reiteradas de asistencia a clase.
- Condutas directas de intimidación cara á vítima.
- Reaccións de choro e tristura ante as agresións.
- Preferencia por grupos de idade diferentes.

- Confidencias directas por parte da vítima.
- Longos períodos dentro de casa.
- Pouca ou nula relación co seu grupo de iguais.
- Ten problemas de sono e alimentación.
- Non o acompañan outros alumnos do centro escolar cando volven á casa, e pasa moi pouco tempo na casa deles.
- Nunca ou case nunca comparte o ocio cos seus compañeiros (saídas as fins de semana, aniversario).
- Polas mañás senten temor ou receo a ir ao centro.

Algúns dos sinais observables polo profesorado poden ser tamén detectados polos compañeiros e a familia.

Observables pola familia

- Gran facilidade para exculparse, non mostra sentimento de culpa, minimiza os seus actos e culpa os outros.
- Xustifica como unha broma as agresións.
- Nas súas relacións é moi agresivo.
- Enfádase se non se cumpren os seus desexos.
- Insulta, humilla e ridiculiza en público.
- Rompe e esconde materiais.
- Desafío das normas.
- Implicación continua en pelexas.
- Involúcrase frecuentemente en pelexas ou incítaas.
- Busca aliados que se impliquen nas súas accións.
- Condutas directas e indirectas de intimidación cara á vítima.
- Aparece con pertenzas doutros.

- Reciben queixas frecuentes por parte doutras familias ou do propio centro.
- Continuos comentarios despectivos sobre a vítima.
- Nega a existencia do problema e oculta información.

Alguns dos sinais observables polo profesorado poden ser tamén detectados polos compañeiros e a familia.

11.2. Estratexias de prevención

Existen diferentes procedementos que con frecuencia se empregan en moitos programas para previr, (intervención primaria), controlar (intervención secundaria) e erradicar (intervención terciaria) o maltrato e a intimidación entre iguais (bullying) (Avilés, 2003). No colexio faremos especial fincapé no nivel de intervención primario no que se sitúan as estratexias ou procedementos que pretenden intervir con accións ou metodoloxías concretas para que a conduta de acoso entre compañeiros non apareza e no secundario, incluíndo estratexias ou procedementos que tratan de identificar factores de risco e, recoñecendo que hai conduta agresiva, intentar limitar a súa duración, sen menoscabo, se fose o caso, dos procedementos no nivel terciario que tratan de evitar a recorrencia e a estabilización da conduta agresiva así como de erradicar a súa presenza.

A través das actuacións que o centro desenvolve para a mellora da convivencia de ámbito relacional, curricular e organizativo o alumno pon en práctica estratexias de negociación, regulación e solución pacífica de conflitos e mellora a competencia para establecer relacións positivas, resolver problemas e convivir pacificamente.

Así, as relacións entre os nenos fanse explícitas e xestiónanse adecuadamente de maneira colaborativa e participativa a través das asembleas de aula, mediación, etc. O grupo participa activa e responsablemente na xestión da convivencia e conduce e resolve os problemas individuais e colectivos, apoiando aos seus membros e demandándolles, ao mesmo tempo, respostas adecuadas e cumprimento de compromisos. Ao mesmo tempo, as estratexias para afrontar a participación na vida do centro e as relacións cos demais enriquecéanse a través da formación en valores e habilidades sociais.

Ao mesmo tempo, o profesorado, condutor, promotor e guía destas actividades coñece a través delas a situación persoal dos alumnos e as relacións do grupo. Dificilmente situacións de acoso ou maltrato pasarán desapercibidas.

Por conseguinte, a mellor prevención das situacións de maltrato e acoso baséase no desenvolvemento de todas estas actividades que propoñemos, que son tamén o medio adecuado para que nada pase desapercibido e se poida actuar adecuadamente.

Pero ademais das actuacións que se recollen nos epígrafes anteriores do Plan de Convivencia, o centro escolar desenvolverá accións especificamente destinadas á prevención do maltrato e acoso cos alumnos do terceiro ciclo. As idades nas que se dan con maior frecuencia este tipo de comportamentos sitúanse entre os 11 e os 14 anos, por iso consideramos que neste ciclo é adecuado complementar a formación en convivencia que reciben no centro desde a súa incorporación ao mesmo. Prestaremos atención tamén ao ciberbullying, alertando aos alumnos dos perigos do uso indebido de internet.

Obxectivos:

1. Identificar as situacións de maltrato e acoso
2. Coñecer os perigos do uso inadecuado de internet.
3. Desenvolver estratexias para evitar e facer fronte a estas situacións.

Actuacións do programa:

- Aplicación do CESC (Conductas y Experiencias Sociales en Clase), cuestionario para avaliar a relación entre iguais de Jordi Collel e Carme Escudé. Complementando a actuación habitual dos titores o uso desta ferramenta axúdanos, no marco dunha aproximación multimodal, a explicitar as relacións do grupo para poder planificar unha actuación eficaz. Tamén permite avaliar as intervencións realizadas e a súa incidencia no grupo.
- Guía para os país sobre o acoso e maltrato. Facilitarase a guía Maltrato entre iguais. Programa de sensibilización sobre o maltrato entre iguais. Material das familias. Xunta de Galicia.

- Guía para o alumnado sobre acoso e maltrato. Daráselles aos nenos a guía Tratémonos ben, adaptación do traballo de Jordi Collell e Carme Escudé (2004).
- Guía para os pais sobre o uso adecuado das novas tecnoloxías: Guía para padres con hijos en Educación Primaria sobre el uso saludable de las nuevas tecnologías. Francisco Labrador Encinas. Ana Requesens Moll e Mayte Helguera Fuentes. Fundación Gaudium. Obra Social Caja Madrid. Oficina del Defensor del Menor de Madrid
- Participación no Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade escolar coa intervención de expertos da Policía Nacional nunha charla aos alumnos e pais en relación ao acoso escolar e mal uso de internet.
- Traballo de titoría que ten por obxecto o coñecemento, sensibilización e resposta dos problemas de acoso e maltrato. Partirase do visionado de vídeos, traballándose posteriormente a través de unidades didácticas elaboradas ao efecto. Entre os materiais que os mestres poden utilizar sinalamos o Proxecto video-texto “Un día más” coordinado por Isabel Fernández García. Defensor del Menor de la Comunidad de Madrid.

Outros vídeos que abordan esta temática son:

- Unha historia sobre bullying. Fito. Vídeo realizado polo Departamento de Orientación do IES Prof. Tierno Galván de Alcalá de Guadaíra, Sevilla, en colaboración con David de la Iglesia (alumno do Bacharelato de Arte).
- Lei do silencio. Curtametraxe do IVACE de Valencia sobre a violencia escolar e a lei do silencio polo medo a denunciar.
- Osynlig (a chica invisible). Vídeo curto sobre o desprezo como forma de maltrato (0:46 mn) que, xunto con outros de similar temática, se poden atopar nesta dirección de internet: <http://convivencia.wordpress.com/category/6-videos-presen/vacosomaltrato/>.
- Actividades titoriais relacionadas co ciberbullying. A través de unidades didácticas que parten do visionado de vídeos trabállase no coñecemento, reflexión e pautas de actuación que fomenten as boas prácticas e reduzan os riscos no uso das novas tecnoloxías. Estas unidades didácticas que figuran no anexo, son unha adaptación das que figuran en Ciberbullying. Guía de recursos para centros educativos en casos de ciberacoso. La intervención en los centros

educativos: Materiales para Equipos Directivos y acción tutorial. José Antonio Luengo Latorre. Defensor del Menor de la Comunidad de Madrid. 2011.

Fase 1: estudo e valoración

1ª fase. Detección e control da situación

Paso 1. Comunicación e información ao equipo directivo

- A propia vítima ou calquera persoa que teña coñecemento do feito dirixirase ao equipo directivo ou a un membro da comunidade educativa que trasladará esa información á dirección do centro.
- Posteriormente recollerase por escrito.
- Silencio que rodea as situacións de acoso é provocado polo medo a sufrir represalias ao realizar a súa notificación. Por iso, é importante crear e potenciar canles que faciliten a comunicación deste tipo de comportamentos:
 - Buzón de suxestións.
 - Correo electrónico: notificación de acoso...

Paso 2. Medidas de urxencia provisionais

No suposto de lesións, actuarase segundo o establecido no centro para a súa atención e avisaranse os pais ou titores legais.

Se se sospeita que non é un incidente ocasional e pode tratarse dun caso de acoso, a dirección do centro adoptará medidas provisionais orientadas ao apoio directo á vítima, ao establecemento de mecanismos de control e á aplicación do RRI:

- Medidas para protexer a vítima e/ou evitar as agresións garantindo a súa inmediata seguridade (incremento das medidas de vixilancia, vixilancia específica do alumno agresor, atención específica do alumno afectado por parte do profesorado do colexio, colaboración de compañeiros, solicitude colaboración familiar,...).

- Medidas provisionais dirixidas ao alumno agresor ou causante do conflito: en función da gravidade dos feitos aplicarase o establecido no RRI, dentro do marco do RD 732/1995 e a Lei 4/2011.
- A dirección, se a gravidade do caso o require, informará ao inspector de educación sobre os feitos e as medidas provisionais adoptadas.
- Se a situación supera os recursos e competencias do centro, solicitarase, se é o caso, axuda externa a outras entidades e servizos (Servizos sanitarios, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado...).

Paso 3. Comunicación ao titor, aos pais ou representantes legais, autoridades educativas e/ou a quen proceda.

O equipo directivo comunicará os feitos e as medidas adoptadas ao titor ou titores correspondentes. A dirección valorará, segundo a situación, a conveniencia de informar ás familias dos implicados, posto que neste primeiro momento se trata dunha sospeita. Para evitar actitudes alarmistas cremos conveniente solicitar máis información que confirme ou non o acoso.

Informarase dos feitos á Inspección de Educación solicitando a súa información e asesoramento.

A dirección, se dos feitos ou condutas observadas se puidese derivar algún grave prexuízo para a integridade, dignidade ou dereitos dos alumnos, poderá comunicar os feitos simultaneamente á Xefatura Territorial e á Fiscalía, Xulgado ou calquera dependencia da Policía ou Garda Civil.

2ª fase. Estudo e valoración

Paso 4. Entrevistas e recollida de información

A xefatura de estudos coordinará a recollida de información. A orientadora será a responsable da tramitación, encargándose de comunicarse con todos os suxeitos implicados, solicitar a información necesaria e comunicala aos efectos de tomar as medidas necesarias.

Subliñamos a necesidade de contrastar a información de diversas fontes, garantindo a confidencialidade:

- Titores dos alumnos implicados.
- Profesores.
- Familias.
- Alumnos implicados: posible vítima, agresor ou agresores e espectadores.
- Persoal de administración e servizos...

Esta recollida de información levarase a cabo, segundo o caso, a través da observación, entrevistas individuais e/ou probas sistematizadas de detección de acoso, cuestionarios e escalas.

Ao longo de todo o proceso é necesario garantir a confidencialidade e nestes momentos iniciais tamén a máxima discreción, polo que algunha das posibles fontes de información poderán ser descartadas ou aprazadas a momentos máis oportunos.

A información recollerase nun informe escrito que será entregado ao xefe de estudos.

A continuación, a xefatura de estudos recollerá tanta información considere oportuna para a determinación e comprobación dos feitos e o esclarecemento de responsabilidades susceptibles de sanción.

Ademais, se o estima conveniente, completará a devandita información utilizando servizos externos ao centro educativo (EOE, Servizos sanitarios, sociais, xurídico-policiais...).

Paso 5. Análise da información recollida e valoración da situación

Levarase a cabo unha reunión coa dirección, xefatura de estudos, titores, profesores e orientadora.

Nesta reunión analizarase a información recollida e farase unha valoración da situación, determinando se hai indicios abondo para confirmar ou non a existencia de acoso entre iguais.

Elaborarase un informe no que figurará o contido das actuacións realizadas e a xustificación da confirmación ou non de acoso. O responsable da elaboración deste informe será a xefatura de estudos.

A partir deste momento, a dirección optará por unha destas dúas actuacións:

1. - Finalización do protocolo

No caso de que a conduta observada se cualifique como unha conduta contraria ás normas de convivencia e os feitos non constitúan acoso, darase por rematada a aplicación deste protocolo de actuación.

A continuación, as actuacións, que deben levarse a cabo, irán dirixidas á resolución da situación concreta e puntual formulada.

A finalización do proceso pode conlevar a inclusión de medidas preventivas, correctoras e educativas co fin de garantir a seguridade persoal, a confianza e a reparación do dano na vítima e o cambio de actitude no causante dos feitos.

O equipo directivo e os tutores dos alumnos revisarán as medidas que, con carácter urxente e provisional, se adoptaran tanto para o agresor ou causante dos feitos coma para a vítima podendo manterse ou impoñerse outras diferentes, tendo en conta a valoración que se lle deu á devandita conduta.

As medidas correctoras que puidesen impoñerse deben entenderse insertas no proceso de formación do alumno.

A dirección encomendará aos tutores respectivos que se ocupen dos alumnos implicados no conflito, co fin de:

- Organizar medidas dirixidas á reparación dos danos infrinxidos na vítima.
- Facer un seguimento do cumprimento das medidas ou correccións que fosen impostas ao alumno agresor ou causante dos feitos.
- Comunicar aos pais ou tutores legais a conduta do alumno, as medidas adoptadas e solicitar a súa colaboración.
- Informar o resto dos profesores do grupo dos feitos e as medidas adoptadas.

A dirección transmitirá ao Observatorio de Convivencia esta incidencia na seguinte reunión ordinaria.

2. - Confirmación de acoso

A confirmación de acoso leva consigo a adopción de varias actuacións cos alumnos afectados:

2.1. En relación á vítima:

Apoio e protección para que non se produzan novas agresións. No colexio extremarase a vixilancia nos lugares de risco. Se se teme que a súa integridade física poida estar ameazada e que a agresión poida acontecer fóra do centro, é conveniente poñer sobre aviso ás familias e aos axentes de seguridade.

2.2. En relación ao agresor.

- Falar co agresor. O primeiro obxectivo é que deixe de intimidar. Deixarlle claro que está a incumprir o regulamento do centro de forma grave e que o seu comportamento é motivo de sanción ou de denuncia. Ao alumno e á súa familia informaráselles en todo momento das actuacións realizadas (se o feito foi motivo de denuncia á fiscalía ou outras institucións).
- A intervención pode incluír o compromiso de cambio a través dun contrato de resolución de conflitos.
- Cando a situación se resolve no centro educativo, a resposta regúlase a través do estipulado no RRI.

Se entre as medidas que se van adoptar figura a apertura de expediente disciplinario hai que seguir os pasos que para este se establecen na normativa.

2.3. En relación aos compañeiros

- Informar aos alumnos. Describir o fenómeno e identificar vítimas, agresores e espectadores.
- Coa información, a vítima, que non sabe que é, ao recoñecerse, conta o que lle pasa. Os espectadores implícanse máis e o agresor é desenmascarado.
- Intensificar o desenvolvemento dos programas de mellora da convivencia e sensibilización para alumnos.
- Se a vítima ten un ou varios compañeiros próximos, o titor ou orientadora poden falar con eles para informalos e pedirles que o acompañen e mostren o seu apoio. Nos primeiros momentos do incidente necesítase o maior acompañamento posible.

2.4. Actuacións coas familias do alumno vítima e agresor.

- Coñecer a situación e estar informada de todas as actuacións que o centro educativo adopte.

- Pedirase a súa colaboración para o plan de intervención, resaltando a necesidade de que tanto a familia como o centro deben traballar na mesma dirección.
- Daranse orientacións relevantes de comportamento e pautas de atención, apoio e control de condutas.
- Levaranse a cabo actuacións de seguimento do caso.
- Se é necesario, buscarase apoio externo (sanidade e servizos sociais).

3ª fase. Medidas de apoio e seguimento

Comunicación E.D.

- ***Medidas provisionais***
- ***Comunicación titor, pais, autoridades...***
- ***Recollida información***
- ***Finalización***
- ***Análise Confirmación***
- ***Intervención***
- ***Seguemento***
- ***Medidas posteriores***

Paso 1. Plan de intervención.

Unha vez postas en marcha as medidas urxentes e disciplinarias, se fose preciso, a xefatura de estudos, a orientadora e os titores dos alumnos implicados, deseñarán un plan de intervención tomando como referente a situación particular de acoso á que nos enfrontamos e o tipo de recursos cos que conta o centro, seleccionando, de entre as medidas de intervención, as que se consideren máis efectivas.

Entre estas figuran:

- Coa vítima: traballar a asertividade e a autoestima
- Co agresor: traballar a empatía e técnicas de modificación de conduta.

- Co agresor e a vítima. Estratexias de comprensión e expresión verbal, estratexias de inversión de roles, resolución de conflitos, conduta de contrato, estratexias de traballo colaborativo, estratexias para resaltar as características positivas do outro (Fuensanta Cerezo, 2004), método PIKAS.
- Na aula: axuda entre iguais, círculos de calidade...
- Cos pais. Proporcionaránelles orientacións sobre como axudar aos seus fillos, tanto no caso do agresor coma da vítima. É importante o contacto periódico co colexio.
- Cos profesores: incidir na sensibilización e formación.

A coordinación do plan de intervención corresponde á xefatura de estudos, que será apoiada pola orientadora, os titores e os profesores dos alumnos implicados.

Paso 2. Seguimento.

O acoso entre iguais supón un proceso dinámico, en permanente cambio, que obriga á súa avaliación e seguimento continuo. Unha avaliación continua e sistemática permítenos seguir a evolución da situación de acoso á que nos enfrontamos, fundamentando as decisións necesarias para adecuar as medidas de intervención á realidade na que se produce o acoso.

A planificación do plan de intervención incluírá o desenvolvemento do proceso de avaliación.

Paso 3. Medidas posteriores.

No caso de que coas medidas adoptadas non cesara a situación de violencia escolar detectada ou se precise o apoio ou a intervención doutras institucións, a dirección, co asesoramento do EOE, pode propoñer:

- Traslado á Policía Nacional ou Garda Civil.
- Traslado a Servizos sociais.
- Traslado dos feitos á Fiscalía de menores.
- Traslado dos feitos á Inspección Educativa e Xefatura Territorial.

Estas accións poden ser simultáneas a outras xa realizadas ou postas en marcha con anterioridade.

No anexo figuran os modelos de documentos a cumprimentar nestas actuacións

12. AVALIACIÓN

Sabemos que a avaliación constitúe un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos: só dende unha reflexión crítica compartida polos integrantes da comunidade educativa sobre o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados e enriquecedores.

O Plan de Convivencia debe ser un documento vivo, aberto a posibles rectificacións, ampliacións, modificacións, especificacións, etc.,

Para a avaliación do plan de convivencia, levaremos a cabo as seguintes accións:

- Recollida de datos ao final de cada curso, análise comparativa e valoración acerca do nº de:
 - Partes de incidencias por disrupción.
 - Alumnos enviados á dependencia destinada ao tratamento do conflito e traballo individualizado.
 - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
 - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días.
 - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos.
 - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas.
 - Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes.
 - Actos de indisciplina.

- Actos de inxuria ou ofensas.
- Agresións físicas contra os demais.
- Danos causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- Roubos.
- Pelexas.
- Cambios de centro.
- Cumprimentación de cuestionarios para coñecer se se aplicaron as medidas e actuacións propostas e o grao de satisfacción da comunidade educativa co seu desenvolvemento.
- Reunións trimestrais dos equipos docentes e Departamento de Orientación para valorar o desenvolvemento das referidas medidas e aplicar as correccións pertinentes. Avaliación ao final de curso polos equipos docentes e propostas de mellora.
- Análise da convivencia polo Observatorio da Convivencia Escolar do colexio nas súas reunións ordinarias.

O proceso de avaliación coordinarao o equipo directivo co asesoramento da orientadora. No anexo recóllense os instrumentos de avaliación elaborados ao efecto.

13. BIBLIOGRAFÍA.

- ARMAS, M (2007): Prevención e intervención ante problemas de conducta. Estrategias para centros educativos y familias. Madrid. Praxis.
- AVILÉS MARTÍNEZ, J.M (2003): BULLYING. Intimidación y maltrato entre el alumnado. Bilbao. Stee Eilas.
- BARRI, F (2006): SOS BULLYING. Prevenir el acoso escolar y mejorar la convivencia. Madrid. Praxis.
- BREKELMAN. M; LEVY, J.; RODRIQUEZ, R. (1993): A typology of teacher communication style. In Wubbels, Th. & Levy, J. (Eds.) *Do you know what you look like?* London: The Falmer Press, 46-55.

- CERESO, F. (2004): La violencia en las aulas. Análisis y propuestas de intervención. Madrid. Pirámide.
- DÍAZ AGUADO, M.J (2002): Convivencia escolar y prevención de la violencia. (http://w3.cnice.mec.es/recursos2/convivencia_escolar/)
- FERNÁNDEZ, ISABEL (coord.) (2001): Guía Para Convivencia en el Aula. Madrid. Escuela Española.
- GONZÁLEZ LUCINI, F. (1993): Temas transversales y educación en valores. Madrid, Alauda.
- JONHSON, DAVID; JONHSON, ROGER (1999): Como reducir la violencia en las escuelas. Barcelona. Paidós.
- JARES, X R (2006): Aprender a convivir. Vigo. Xerais
- MEC (1992): MEC: Educación para la Paz. Materiales para la Reforma. Madrid: Secretaría de Estado de Educación.
- OLWEUS, D. (1998): Conductas de acoso y amenaza entre escolares. Madrid: Morata. Reimpresión de 2004.
- ORTEGA RÚIZ, R (2003): La convivencia escolar: Qué es y cómo abordarla. Programa educativo de prevención entre compañeros y compañeras. Consejería de Educación y Ciencia. Junta de Andalucía.
- PÉREZ, C (1996): La mejora del comportamiento de los alumnos a través del aprendizaje de normas. Revista de Educación, 310, pp361-378.
- SAVATER, F (1997): El valor de educar. Barcelona, Ariel.
- SEGURA, MANUEL (2005): Enseñar a convivir no es tan difícil. Bilbao: Desclée de Brouwer
- TORREGO J.C; MORENO J.M (2003): Convivencia y disciplina en la escuela: el aprendizaje de la democracia. Madrid. Editorial Alianza Ensayo.
- TORREGO J.C; FERNÁNDEZ I. (2006): Protocolo de actuación urgente ante conflictos: violencia grave, acoso escolar, disrupción. Proyecto Atlántida, Consejería de Educación Gobierno Canario.

- TORREGO J.C; FERNÁNDEZ I.(2007): Protocolización de los conflictos de aula y centro. Convivencia en la escuela. Nº 6, marzo, Suplemento del Periódico Escuela.
- TORREGO, J.C (2007): Guión para un plan de convivencia del centro. Temático. Convivencia. Octubre, 2007. Suplemento del periódico Escuela (pág 8).
- TRIANES, M.V.; JIMÉNEZ, M.; MUÑOZ, A (1997): Competencia social: su educación y tratamiento. Madrid. Pirámide, Col. Ojos Solares (2ª Edición).
- TRILLA, J. (1992): El profesor y los valores controvertidos. Neutralidad y beligerancia en educación. Barcelona: Paidós.

14. ANEXOS

Nos anexos recóllense os documentos referidos nos epígrafes anteriores:

Documento 1. Compromiso de aprendizaxe.

Documento 2. Impreso de solicitude de mediación.

Documento 3. Guión para a premediación.

Documento 4. Guía da sesión de mediación.

Documento 5. Rexistro do proceso de mediación.

Documento 6. Rexistro de acordo de mediación.

Documento 7. Parte de incidencias.

Documento 8. Parte de comunicación ás familias da disrupción.

Documento 9. Ficha de reflexión.

Documento 10. Prevención ciberacoso. Unidades didácticas.

Documento 11. Prevención acoso. Guía para os alumnos: “Tratémonos ben”.

Documento 12. Comunicación da situación de maltrato e acoso.

Documento 13. Comunicación ao departamento de orientación, profesores, titor.

Documento 14. Tramitación de expediente sobre acoso escolar.

Documento 15. Comunicación á familia (tanto da vítima coma do agresor).

Documento 16. Modelo de entrevista (alumnos, pais,...)

Documento 17. Modelo de entrevista (pais,titores legais, outros,...)

Documento 18. Cuestionario para o profesorado dos niveis dos alumnos implicados (relación persoais e grupais)

Documento 19. Recollida de información.

Documento 20. Informe do conflito e das medidas adoptadas.

Documento 21. Comunicación á inspección educativa.

Documento 22 . Denuncia á fiscalía de menores.

Documento 23. Cuestionario para a avaliación das medidas e actuacións para mellorar a convivencia.

Documento 24. Cuestionario das actividades desenvolvidas para a promoción da convivencia.

Documento 25. Recollida de datos anual de incidencias relacionadas con condutas contrarias á convivencia.

Documento 26. Valoración da convivencia por parte do alumnado (5º-6º).

Documento 27. Valoración das medidas que favorecen a convivencia (5º-6º)

DOCUMENTO 1: COMPROMISO DE APRENDIZAXE**Alumno: Clase:**

Dunha parte, o CEIP de Rubiáns, centro educativo cuxo obxectivo é unha axeitada socialización e o éxito académico dos seus alumnos.

Doutra parte, o alumno (neno/a) e os seus pais (nai) e (pai) , interesados en sacar do curso escolar o máximo aproveitamento.

Recoñecéndose ambas as dúas partes a capacidade para adquirir compromisos que permitan cumprir os seus obxectivos por medio do presente contrato acordan os seguintes

1. Compromisos.**Do alumno/a:**

O meu comportamento no centro e o meu esforzo persoal cos estudos son as dúas condicións necesarias para aprender e obter un bo resultado este curso e por iso comprométome a:

- Asistir diariamente ao centro e facelo con puntualidade.
- Asistir ao centro co material escolar necesario.
- Coidar o material propio, o dos compañeiros e o escolar.
- Tratar con respecto a compañeiros, profesorado e persoal non docente.
- Elaborar e cumprir o horario de traballo semanal da tarde.

Coa axuda dos meus profesores fíxome os seguintes obxectivos académicos para o 1º trimestre.

Materias/Nota que me propoño conseguir

Matemáticas

Lingua Castelá

Lingua Galega

Coñecemento do medio

Inglés

Educación Física

Educación Artística

Relixión

Da familia:

O éxito escolar de (neno/a) require unha dedicación especial e soamente co noso apoio e control constante, o noso fillo pode sacar o máximo rendemento ás súas capacidades, por iso, comprometémonos a:

MEDIACIÓN. DOCUMENTO 2. IMPRESO DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN (Entregar á xefatura de estudos ou orientadora)

Solicitante da mediación

Nome:

Data:

Dirección, Xefatura de estudos ou compoñente do equipo directivo

Orientadora

Titor dalgunha das persoas en conflito

Profesor dalgunha das persoas en conflito

Profesor do centro educativo que coñece o conflito.

Alumno que forma parte do conflito

Alumno que coñece o conflito

Pai ou nai dalgunha das persoas en conflito

Pai ou nai que coñece o conflito

Persoal de secretaría, conserxaría ou limpeza

Outros (especificar):

Persoas en conflito:

Alumnos: Cursos:

Outros membros da comunidade educativa:

Breve descrición do conflito:

MEDIACIÓN. DOCUMENTO 3. GUIÓN PARA A PREMEDIACIÓN

É a primeira toma de contacto coas persoas entre as que se mediará. Levarase a cabo con cada unha delas por separado, polo tanto, estará o mediador e cada un dos implicados no conflito.

Inicio – Presentacións**Abordar o problema - conflito****Final - Despedida**

Notas:

Notas:

Notas:

¡Ola!, chámome.....

Vou actuar de mediador entre ti e (neno/a) para ver se podemos resolver este problema.

¿O teu nome é...? (*mirando á parte*)

Cóntame a túa visión do problema.

¿Hai alguén máis afectado por este problema?

(*terceiras persoas*)

Todo o que ti comentes aquí será absolutamente confidencial.

Estou aquí para escoitarte, non te forzarei a resolver o teu problema, nin o resolverei por ti, xa que a verdadeira solución estará nas túas mans.

O único que se necesita é a túa boa vontade e a túa confianza.

Axudareiche a atopar a solución ao teu problema, tendo en conta tanto as túas necesidades como as do teu compañeiro.

Pero, para iso ambos os dous ides ter que colaborar ¿estás disposto a facelo?

¿Estás de acordo en que sexa o mediador?

Se che parece quedamos para o.....ás..... en..... A sesión durará.....e teremos todos os encontros que sexan necesarios.

Agradezo a túa colaboración

MEDIACIÓN. DOCUMENTO 4. GUÍA DA SESIÓN DE MEDIACIÓN

1. PRESENTACIÓN E REGRAS

- Presentámonos, preguntámoslles o seu nome e dámoslles a benvinda agradecendo a súa disposición.
- "Como sabedes, este proceso é voluntario. Tedes liberdade para abandonalo, aínda que vos pregamos que, se chega o caso, antes de facelo nos indiqueades as vosas razóns para iso".
- "Os mediadores non opinamos, nin xulgamos. A solución ao problema establecerédela vós, de común acordo. Nós trataremos de axudarvos, pero non decidiremos por vós".
- "Todo o aquí tratado é confidencial. Ninguén debe revelalo fora desta sesión".
- "Se finalmente chegades a un acordo, reflectirémolo por escrito e, pasado un tempo, poñerémonos en contacto convosco para ver como vai".
- "O acordo será elaborado por vós e ten que depender só da vosa actuación, non podedes comprometer outras persoas nin acordar algo en contra das normas".
- "Durante a mediación respectaremos as quendas de palabra, escoitaremos a outra persoa e falaremos sempre con corrección e respecto, sen levantar a voz".
- "Se nalgún momento os mediadores consideramos que o conflito existente non é mediable, farémosvolosaber".
- "Debedes saber que se houberse situacións especialmente graves ou perigosas, teremos que poñelas en coñecemento dos profesores, equipo directivo, pais e/ou quen corresponda".
- "Se comprendestes o proceso, estades conformes e dispostos a elaborar e cumprir un acordo xusto e equilibrado, empezaremos a sesión".

Preguntar a A ¿Estás de acordo? Preguntar a B ¿Estás de acordo?

2. DESENVOLVEMENTO DA MEDIACIÓN

Expoñer a súa propia versión e expresar os seus sentimentos.

Desafogarse e sentirse escoitado.

Escoitar atentamente, mostrar interese, clarificar, parafrasear, reflectir o sentimento, resumir...

Aclarar os temas importantes do conflito.

Non valorar, nin aconsellar, nin definir que é verdade ou mentira, nin o que é xusto ou inxusto.

Apoiar o diálogo. Recoñecer os sentimentos e respectar os silencios.

Resaltar os beneficios de resolver a situación Identificar en que consiste o conflito e consensuar os temas máis importantes para as partes.

Asegurar un acordo sobre o que se vai tratar. Conseguir unha visión consensuada do conflito.

Concretar os puntos que poden bloquear o conflito e avanzar cara a un acordo.

Tratar primeiro os temas de máis doado arranxo.

Dirixir o diálogo en termos de intereses, non de posicións.

Cóntame

Aclarar o problema

Recordarlles A CONFIDENCIALIDADE

Felicitalos POR CHEGAR A UN ACORDO

Tratar cada tema e buscar posibles vías de arranxo.

¿Que se vos ocorre que poderíades facer para solucionar o problema? ¡Non se avalía!

¿Que está disposta a facer cada parte?

Resaltar os comentarios positivos dunha parte sobre a outra.

Cada parte opina sobre as propostas.

Avaliar as propostas, vantaxes e dificultades de cada unha, e chegar a un acordo.

Definir claramente o acordo (equilibrado, claro, realista e simple, aceptable polas partes, específico, concreto e avaliable)

Redactar o acordo e asinalo.

Acordar o período de revisión.

Propoñer solucións

Chegar a un acordo

MEDIACIÓN. DOCUMENTO 5. REXISTRO DO PROCESO DE MEDIACIÓN

Mediador:

Persoas implicadas:

Data: Nº de rexistro:

DETERMINACIÓN DO PROBLEMA: Cántame

PARTE A

Nome:

PARTE B

Nome:

ACLARAR O PROBLEMA. O RESUMO

PARTE A

Nome:

PARTE B

Nome:

PROPOÑER SOLUCIÓN

PARTE A

Nome:

PARTE B

Nome:

CHEGAR A UN ACORDO

CATEGORIZACIÓN DO CONFLITO

- De relación / comunicación: rumores, confusión, malentendidos, interpretacións, agresións, loita, insultos.
- De intereses / necesidades. Por recursos: ter, acceder, prestar: tempos, espazos, obxectos e pola actividade, traballo ou tarefas.
- De identidade / valores: lealdade, honradez, competencia, individualismo, liberdade de expresión, xenerosidade, individualismo, responsabilidade.
- De poder: liderado, dominio, manipulación, engano, intergrupais, falta de respecto, non acatar as normas.
- De rendemento: desmotivación, falta de esforzo.

DATAS DE REVISIÓN DO ACORDO:

1.- ____ / ____ / 201_ Mediator:

2.- ____ / ____ / 201_ Mediator:

3.- ____ / ____ / 201_ Mediator:

DATA DE FINALIZACIÓN:

MEDIACIÓN. DOCUMENTO 6. REXISTRO DE ACORDO DE MEDIACIÓN

..... e

.....

Estamos de acordo en resolver o conflito e para que estes problemas non volvan suceder, comprometémonos a:

Revisaremos estes acordos no prazo de:

Comprometémonos así mesmo, a gardar a confidencialidade de todo o tratado.

Rubiáns, a de de

Os afectados pola mediación:

O mediador ou mediadores:

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

DISRUPCIÓN. DOCUMENTO 7. PARTE DE INCIDENCIAS

A cumprimentar polo profesor

Datos do profesor

Apelidos: Nome:

Materia: Data:

Datos dos alumnos implicados

Apelidos: Nome: Curso:

Apelidos: Nome: Curso:

Apelidos: Nome: Curso:

Outras testemuñas

Apelidos: Nome:

Apelidos: Nome:

Apelidos: Nome:

Feitos acaecidos

Lugar: Data: Hora:

Breve relato dos feitos:

Categorización:

Desconsideración Deterioro de material Ameazas

Desobediencia Insultos Agresión

Impide dar clases Berrar Outros (especificar):

A cumprimentar polo xefe de estudos ou titor

Comunicación escrita ao pai/nai/titor legal (subliñar o que proceda)

Data: Data do recibín:

Chamada telefónica ao pai /nai /titor legal (subliñar o que proceda)

Data: Hora: Teléfono:

Data: Hora: Teléfono:

Cita co pai/nai/titor legal (subliñar o que proceda)

Datos da entrevista:

DISRUPCIÓN. DOCUMENTO 8: PARTE DE COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS DA DISRUPCIÓN

D/Dna., pai/nai/titor

legal do alumno.....de.....curso, quedo enterado do incidente protagonizado polo meu fillo que se describe como:

.....
.....
.....
.....
.....

.....e poñereime á maior brevidade posible en contacto co colexio para concertar unha entrevista co profesor.

Rubiáns, a.....de.....de 20.....

(Sinatura do pai/nai/titor legal)

DISRUPCIÓN. DOCUMENTO 9: FICHA DE REFLEXIÓN

Datos do profesor que envía o alumno

Apellidos: Nome:

Materia: Data:

Datos do profesor que realiza a entrevista

Apellidos: Nome:

Datos do alumno

Apellidos:

Nome:

Curso:

¿Que pasou?

¿Como, cando e con quen pasou?

Conta os feitos como pasaron sen facer valoracións críticas

¿Por que actuaches así? Causas da túa actuación.

¿Como te sentiches?

¿Como cres que se sentiron os demais?

¿Que consecuencias tiveron os teus actos?

¿Que conseguiches?

¿Mellorou a túa situación?

¿De que outro xeito poderías actuar?

¿Podes facer algunha cousa para compensar o que fixeches e evitar que volva pasar?

COMPROMISO

Para mellorar a situación comprométome a:

(Sinatura do alumno)

ABUSO E MALTRATO ENTRE IGUAIS. DOCUMENTO 10. UNIDADES DIDÁCTICAS PREVENCIÓN CIBERACOSO.**1. UNIDADE DIDÁCTICA: A INTIMIDADE NA REDE**

Alumnado: terceiro ciclo de EP.

Obxectivos:

1. Reflexionar sobre os conceptos de intimidade persoal e privacidade.
2. Favorecer o debate entre os alumnos sobre o uso saudable das TIC, os seus riscos e inconvenientes.
3. Analizar diferentes situacións de risco no uso das TIC na actualidade.
4. Utilizar coñecemento dispoñible para un uso responsable das TIC.
5. Favorecer o desenvolvemento de actitudes de respecto, empatía e comportamento prosocial entre o alumnado.
6. Potenciar a capacidade de entender, controlar e autoxestionar os propios comportamentos nos contextos de interacción virtual.
7. Elaborar unha guía de reflexión sobre o contido abordado para o desenvolvemento de posteriores propostas formativas con alumnado de menor idade.

Material:

Un material de gran interese para traballar de xeito activo o contido seleccionado é o vídeo elaborado polo Defensor do Menor na Comunidade de Madrid, denominado “Antes de colgar a túa imaxe na Web... pénsao”. Encóntrase na rede na seguinte dirección: <http://www.youtube.com/watch?v=LDyoQ¿fibbqU>

Unha rapaza colga a súa foto, inocente, no seu muro dunha rede social. Algo normal. Adoita facerse. Ao cabo duns días empeza a notar que algunhas persoas, en principio estrañas, a miran con interese, coma se a coñecesen. Algunhas delas dinlle algo con respecto a unha foto súa á que puideron acceder. Son palabras insinuantes. Algunhas preocupantes. Como preocupante é converterse en foco de atención sen querele. A cousa non queda aí. No propio Instituto alguén fixo copias en papel da foto que, sen demasiadas reservas, está aloxada nunha rede social. Todos a miran, sinalana, é o punto de referencia... Pero, ¿referencia de que?

As accións didácticas suxeridas poden seguir a seguinte secuencia:

1. Visualización do vídeo.
2. Traballo en grupos pequenos (4-5 alumnos).

Os grupos deberán reflexionar sobre o vídeo presentado. Para iso, serviranse da guía seguinte:

Información xeral

- Que é o que pasa no vídeo
- Quen é a protagonista
- Outros protagonistas: defíneos
- A relación entre os protagonistas é:
- A protagonista séntese...
- Os outros protagonistas séntense...

Análise do conflito

- Cando e como se inicia o conflito
- Cal é a causa do conflito
- Que intereses teñen os protagonistas
- Que opinións teñen os protagonistas
- Que valores entendes que se expresan

Resolución

- Que pode pasar se non se fai nada
- Ti que farías para resolver o conflito
- Cales son as mellores opcións para resolver o conflito
- Como poden previrse e evitarse estes conflitos.

Algúns vídeos recomendados sobre a mesma temática son:

- Piénsalo antes de publicar 2 http://www.youtube.com/watch?v=C8PQg0D_-7s&feature=related
- Por qué hacerlo en Internet 1 (APDCM) <http://www.youtube.com/watch?v=3dffPpXbsRU>
- Por qué hacerlo en Internet 2 (APDCM) http://www.youtube.com/watch?v=qkBA_6kwuis
- ¿Tienes privacidad de verdad en las redes sociales? PantallasAmigas
http://www.youtube.com/watch?v=_VAgyuNjnoY&feature=related
- Si no lo haces en tu vida normal, ¿por qué lo haces en Internet? Save the children

<http://www.youtube.com/watch?v=pWSrdaKYwtw&feature=related>

Especialmente interesante é a Web 19 para o tratamento didáctico dos riscos e comportamentos inadecuados aos que se fai referencia en materia de ciberacoso. Coida a túa imaxe online é un recurso educativo online sobre manexo da imaxe e a privacidade en Internet e coa telefonía móbil por parte de nenos e adolescentes.

Está promovido por un conxunto de institucións e organizacións de distintos países iberoamericanos e conta co apoio da OEI (Organización de Estados Iberoamericanos).

2. UNIDADE DIDÁCTICA: CIBERACOSO

Alumnado: Terceiro ciclo de EP

Obxectivos:

1. Reflexionar sobre o concepto de ciberacoso, as súas causas, formatos de desenvolvemento e consecuencias.
2. Favorecer a participación e o debate entre os alumnos sobre o uso adecuado das TIC, os seus riscos e inconvenientes.
3. Analizar diferentes situacións de risco no uso das TIC derivadas de comportamentos de ciberacoso.
4. Utilizar coñecemento dispoñible sobre un uso responsable das TIC.
5. Incentivar a resolución positiva dos conflitos mediante a cooperación, mostrando os aspectos negativos dos comportamentos de violencia física, emocional ou verbal.
6. Favorecer o desenvolvemento de actitudes de respecto, empatía e comportamento prosocial entre o alumnado.
7. Potenciar a capacidade de entender, controlar e autoxestionar os propios comportamentos nos contextos de interacción virtual.
8. Promover a participación dos alumnos na construción de criterios e procesos de reflexión crítica dos propios comportamentos.
9. Elaborar unha guía de reflexión sobre o contido abordado para o desenvolvemento de posteriores propostas formativas con alumnado de menor idade.

Material:

Un material de gran interese para traballar de xeito activo o contido seleccionado é o vídeo denominado "No lo digas por Internet". Podes encontralo na rede na seguinte dirección:

http://www.youtube.com/results?search_query=no+lo+digas+por+internet&aq=o

Unha rapaza le unha redacción no escenario do salón de actos do seu colexio. A redacción versa sobre unha compañeira. O relato, lido en voz alta ante un aforamento completo de compañeiros, é insultante, vexatorio. Fala dos defectos da compañeira á que se nomea. O conxunto de compañeiros escoita en silencio e a imaxe móstranos o rostro desencaixado da nena citada mentres escoita, unha tras outra, todo tipo de expresións descalificadoras sobre ela. As accións didácticas suxeridas poden seguir a seguinte secuencia:

1. Visualización do vídeo.
2. Traballo en grupos pequenos (4-5 alumnos).

Os grupos deberán reflexionar sobre o vídeo presentado. Para iso, serviranse da guía seguinte:

Información xeral

- Que é o que pasa no vídeo
- Quen é a protagonista
- Outros protagonistas: defíneos
- A relación entre os protagonistas é:
- A protagonista séntese...
- Os outros protagonistas séntense...

Análise do conflito

- Cando e como se inicia o conflito
- Cal é a causa do conflito
- Que intereses teñen os protagonistas
- Que opinións teñen os protagonistas
- Que valores entendes que se expresan

Resolución

- Que pode pasar se non se fai nada
- Ti que farías para resolver o conflito
- Cales son as mellores opcións para resolver o conflito
- Como poden previrse e evitarse estes conflitos

Alguns vídeos recomendados sobre a mesma temática son:

- Ciberacoso (Childnet International - Cyber Bullying). Subtitulado en español
<http://www.youtube.com/watch?v=9bgdOuBn4Q4>
- Stop cyberbullying. Bloquea el acoso en línea
<http://www.internetsinacoso.com/spot.php>

- Por qué hacerlo en Internet 2 (APDCM)
http://www.youtube.com/watch?v=qkbA_6kwuis
- ¿Tienes privacidad de verdad en las redes sociales? PantallasAmigas
http://www.youtube.com/watch?v=_VAgyuNjnoY&feature=related
- Si no lo haces en tu vida normal, ¿por qué lo haces en Internet? Save the children
<http://www.youtube.com/watch?v=pWSrdaKYwtw&feature=related>

3. UNIDADE DIDÁCTICA: RELACIÓNS ENTRE ACOSO E CIBERACOSO

Alumnado: Terceiro ciclo de EP.

Obxectivos:

1. Reflexionar sobre os conceptos de acoso e ciberacoso.
2. Favorecer o debate entre os alumnos sobre o uso saudable das TIC, os seus riscos e inconvenientes.
3. Analizar diferentes situacións nas que o uso das TIC serve de ingrediente agresivo do propio acoso.
4. Favorecer o desenvolvemento de actitudes de respecto, empatía e comportamento prosocial entre o alumnado.
5. Potenciar a capacidade de entender, controlar e autoxestionar os propios comportamentos nos contextos de interacción virtual.
6. Elaborar unha guía de reflexión sobre o contido abordado para o desenvolvemento de posteriores propostas formativas con alumnado de menor idade.

Material:

Vídeo da película "Cobardes", de José Corbacho e Juan Cruz. O bullying, ou acoso escolar, é o tema central desta película. A cinta mostra de xeito explícito as profundas raíces que adoita esconder o fenómeno do acoso. Porque este non acontece só na etapa escolar, senón que tamén está presente na vida dos adultos: no traballo, na familia, cos amigos, no círculo social. A película, estreada en abril de 2008, móstranos xa a vertente tecnolóxica desta forma de maltrato entre iguais. As mensaxes de texto ofensivas a través do teléfono móbil ou a gravación de imaxes ou escenas con ánimo de burla, vexación ou, mesmo, de extorsión.

As accións didácticas suxeridas poden seguir a seguinte secuencia:

- 1.- Visualización da película ou de partes seleccionadas desta.
- 2.- Traballo en grupos pequenos (4-5 alumnos).

Os grupos deberán reflexionar sobre o vídeo presentado. Para iso, serviranse da guía seguinte.

Información xeral

- Que é o que pasa na película
- Quenes son os protagonistas
- A relación entre os protagonistas é:
- Os protagonistas séntense...

- Os outros protagonistas séntense...

Análise do conflito

- Cando e como se inicia o conflito.
- Cal é a causa do conflito
- Que intereses teñen os protagonistas
- Que opinións teñen os protagonistas
- Que valores entendes que se expresan
- Describe o papel dos diferentes adultos protagonistas.
- Que pretende contarnos o director.

Resolución

- Que pode pasar se non se fai nada
- Ti que farías para resolver o conflito
- Cales son as mellores opcións para resolver o conflito
- Como poden previrse e evitarse estes conflitos.

Cada grupo deberá traballar sobre os conceptos de intimidade e privacidade elaborando unha síntese dos mesmos.

En gran grupo volcaranse as ideas dos grupos, expresadas por un representante de cada un deles.

O gran grupo deberá elaborar unha síntese do traballo desenvolvido, incluíndo a investigación sobre os conceptos e as conclusións xerais da análise e do debate.

4.UNIDADE DIDÁCTICA: COMO FACER AS COUSAS BEN NA REDE.**Alumnado:** EP**Obxectivos:**

1. Favorecer a participación e o debate entre os alumnos sobre o uso saudable das TIC, os seus riscos e inconvenientes.
2. Utilizar coñecemento dispoñible sobre as recomendacións máis estendidas para un uso responsable das TIC. Dereitos e responsabilidades.
3. Promover a acción de indagación, busca e investigación sobre usos e abusos das TIC por nenos, adolescentes e mozos na nosa sociedade e sobre as recomendacións máis estendidas.
4. Favorecer o desenvolvemento de actitudes éticas no comportamento cotián coas TIC.
5. Promover a elaboración de documentos que poidan ser utilizados como material de apoio á información e formación con alumnado de menor idade.

Material:

Documentos sobre recomendacións para o uso axeitado de Internet por parte de nenos e adolescentes.

Proposta de actividades:

- a. Analizar por grupos algúns dos documentos sobre recomendacións de bo uso das TIC elaborados por institucións e organizacións especializadas. Entre outras referencias detállanse as seguintes webs:
 - Axencia Española de Protección de Datos
 - Axencia de Protección de Datos da Comunidade de Madrid
 - Garda Civil
 - Policía Nacional
 - Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (ver chaval.es)
 - INTECO (ver Menores protexidos)
 - Protéxeos
 - Pantallas Amigas
 - <http://www.unblogenred.es/decalogo-para-unha-victima-de-ciberbullying/>
- b. Cada grupo deberá achegar ao gran grupo as buscas efectuadas axeitadamente organizadas.

- c. Realizar en gran grupo unha valoración dos traballos recompilados en grupo coas diferentes buscas.
- d. Desenvolver un debate en gran grupo sobre as ideas comúns da información conseguida.
- e. Elaborar un documento síntese de conclusións do traballo desenvolvido en gran grupo.

En todo caso, o documento deberá conter un decálogo de recomendacións elaborado polo propio grupo, para os efectos de poder ser utilizado como documento de formación con outros grupos de alumnos.

A modo de exemplo para o traballo didáctico, introducimos na presente proposta de Actividades as recomendacións¹ seleccionadas polo seu interese e claridade sobre ideas e consellos de notable importancia práctica no manexo dos menores de idade das situacións en que poidan verse envoltos en materia de ciberacoso. Entendemos que poden ser de gran utilidade nas actuacións dos equipos docentes.

Decálogo para as vítimas de ciberacoso

Cando se presenta un caso de ciberacoso, é preciso minimizar o dano ata conseguir rematar co problema. Este decálogo supón unha axuda para iso.../... Cada minuto que pasa a vítima está a un clic dos seus acosadores. Intervir de inmediato e facelo de forma axeitada é clave. En ocasións a iniciativa debe ser da propia vítima e, en todo caso, é precisa a súa colaboración.

¹Jorge Flores (Pantallas Amigas), 2010: <http://www.unblogenred.es/decalogo-para-una-victima-de-ciberbullying/>

1. *Pide axuda.* Se es menor recorre ao teu pai ou á túa nai ou, no seu defecto, a unha persoa adulta de confianza. Asegúrate de que esa persoa coñece e entende estas pautas para que ambos os dous poidades remar no mesmo sentido e para que, no seu ánimo de protección, non faga cousas que acaben sendo prexudiciais.
2. *Nunca respondas ás provocacións.* Facelo non che axuda en nada e, non obstante, é un estímulo e unha vantaxe para os que te acosan. Mantén a calma e non actúes de forma esaxerada ou impulsiva en ningún caso.
3. *Non fagas presuncións.* Pode que nin as circunstancias nin as persoas que parecen implicadas sexan como aparentan. Mantén unha marxe para a dúbida razoable porque actuar sobre bases equivocadas pode agravar os problemas e crear outros novos.
4. *Trata de evitar aqueles lugares nos que es asediado* na medida do posible ata que a situación se vaia clarificando. Se se trata de redes sociais ou comunidades online non che será difícil. Se o acoso chega polo teléfono móbil, non descartes cambiar de número.

5. *Cuanto máis se saiba de ti, máis vulnerable es e máis variado e intenso é o dano que poden causarche.* ¿Imaxinas unha mentira ridiculizándote construída sobre datos privados reais escrita no teu muro? ¿que pasaría se alguén, facéndose pasar por ti, insulta as túas amizades? É momento, polo tanto, de pechar as portas da túa vida online a persoas que non son de plena confianza. Para iso:

5.1. *Evita intrusos.* Para iso debes realizar, en orde, estes pasos:

- a. Realiza unha revisión a fondo do teu equipo para asegurarte de que non tes software malicioso (troianos, Spyware...) que pode dar vantaxes a quen te acosa. É importante. Dispós de ferramentas gratuítas para iso na dirección www.osi.es.
 - b. Cambia as claves de acceso aos servizos online que usas, pero nunca antes de realizar o paso anterior. Recorda que deben ser complexas de adiviñar e levar combinados números e letras.
- 5.2. *Depura a lista de contactos.* Revisa e reduce a lista de contactos que tes agregados nas redes sociais (ou noutros ámbitos sociais online).

5.2. *Reconfigura as opcións de privacidade das redes sociais* ou similares nas que participes e fainas máis estritas. Asegúrate de que sabes ben como funcionan estas opcións e as súas implicacións.

5.3. Comproba que contan de ti online. Busca a información sobre ti publicada outras persoas e trata de eliminala se cres que pode ser utilizada para facerche dano.

5.4. Repasa a información que publicas e quen pode acceder a ela e poñer, á súa vez, ao alcance de terceiras persoas.

5.5. Comunica aos teus contactos que non desexas que fagan circular informacións ou fotografías túas en ámbitos colectivos.

5.6. Exerce o teu dereito sobre a protección de datos persoais. Ti decides o uso que se pode facer deles, incluíndo a túa fotografía.

6. Garda as probas do acoso durante todo o tempo, sexa cal sexa a forma en que se manifeste, porque poden serche de gran axuda. Trata tamén de coñecer ou asegurar a identidade dos autores pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa.

7. Comunica aos que te acosan que o que están a facer moléstache e pídelles, sen agresividade nin ameazas, que deixen de facelo. Recorda que non debes presupoñer feitos ou persoas na túa comunicación, polo que debes medir moi ben como o fas, sen sinalar a ninguén en público, pero á vez tratando de asegurarte de que se decata a persoa ou persoas implicadas.

8. Trata de facelles saber que o que están a facer é perseguible pola Lei no caso de que o acoso persista. Pódeslles suxerir que visiten páxinas como www.e-legales.net ou www.ciberbullying.net para que o comprobén por si mesmos. Tamén podes visitar as seguintes Webs: <http://www.policia.es/> (Brigada de Investigación Tecnolóxica) ou <https://www.gdt.guardiacivil.es/> (Grupo de Delitos Telemáticos).
9. Deixa constancia de que estás en disposición de presentar unha denuncia se a pesar do paso anterior continúa o acoso. Manifesta que contas con probas abondo recompiladas dende o inicio e que sabes como e onde presentalas. Debes indicar que, se o axexo persiste, te verás obrigado a acudir á policía.
10. Toma medidas legais se a situación de acoso, chegado este punto, non cesou.

Máis actividades para a Educación Primaria.

Web de especial interese para traballar con alumnos de Educación Primaria e primeiros cursos de ESO

"Apúntate a la netiqueta joven en las redes sociales": consellos de gran interese para o uso razoable das redes sociais <http://www.netiquetate.com/>

5. UNIDADE DIDÁCTICA: UN DÍA CALQUERA EN INTERNET.**Alumnado:** EP**Obxectivos:**

- 1.- Reflexionar sobre o uso cotián dos dispositivos tecnolóxicos.
- 2.- Favorecer a participación e o debate entre os alumnos sobre o uso cotián das TIC.
- 3.- Analizar os contidos virtuais aos que acceden de xeito ordinario nenos e adolescentes.
- 4.- Promover a elaboración de documentos que poidan ser utilizados como material de apoio á información e formación con alumnado de menor idade.

Material:

Textos extraídos do libro *Lo que hacen tus hijos en Internet. Una guía para padres. Leonardo Cervera. Integral. 2009.*

Un día normal na vida dun adolescente conectado a internet

Repasemos a vida de Susana, unha adolescente ficticia de catorce anos de clase media que utilizaremos como modelo.

Nada máis levantarse e antes mesmo de almorzar, Susana revisa as súas mensaxes nas súas varias contas de correo electrónico e nas súas comunidades favoritas (Tuenti, Facebook ou MySpace). Mentres se ducha, escoita o podcast que producen uns amigos do instituto, e durante o almorzo deixa o iPod sincronizándose coas cousas que descargou durante a noite. Xa empeza a mandar mensaxes de texto aos seus amigos co teléfono móbil e, dispón dun dispositivo con conexión a Internet, como un iPhone, posiblemente enrédase con mensaxes e consultas na Web.

De camiño ao colexio escoita a súa música favorita no seu reprodutor MP3/MP4 (iPod). A maioría das cancións baixoullas ilegalmente de Internet ou ripeounas de discos de amigos, aínda que ten unhas cantas cancións legais que comprou cun vale de iTunes que lle regalou a súa tía polo seu aniversario.

Cando entra na clase pon o seu teléfono móbil en modo vibración e un pouco máis tarde, na clase de informática, aproveitando que a súa profe non a ve, consulta a súa conta webmail e deixa un par de mensaxes no "muro" (a páxina persoal nunha rede social) dun par de amigas.

Durante o recreo e durante a hora do xantar esquécenselle temporalmente as comunicacións electrónicas e céntrase nas conversacións cara a cara e o contacto persoal cos seus amigos, aínda que falan de organizar unha partida en rede cun videoxogo para esa mesma noite e comentan con preocupación que os profesores están a tomar a manía de rexistrarse nas redes sociais e osmar o que din os seus alumnos.

Cando regresa á casa despois do colexio, volve conectarse a Internet e realiza varias tarefas a á vez: fai os deberes, escoita música no ordenador, chatea cos amigos co Messenger, actualiza o seu perfil en Tuenti, etc.

Tras a cea, fai un par de paxas en eBay por unha colección de cómics manga que localizou a moi bo prezo, xoga un anaco a World of Warcraft para relaxarse, emprega a súa boa hora botando unha ollada ás páxinas dos amigos e deixando mensaxes e contestándoos, le as noticias e as páxinas Web que lle interesan, deixa o ordenador descargando cousas (a maioría delas, ilegais) e vaise durmir.

Para Susana, como para a maioría dos nenos e os adolescentes de hoxe en día, unha vida sen conexión a Internet resulta inconcibible. Recorde: os adultos usamos Internet nas nosas vidas e os mozos viven as súas vidas en Internet.

Loxicamente, o que fan os nosos fillos en Internet varía moito coa idade. Como iremos vendo ao longo deste libro, cando son máis pequenos, a estrela absoluta é Youtube, pola súa simplicidade e porque é como unha televisión á carta. Ao crecer, o aspecto informativo e social de Internet vai ganando en importancia ata o punto de que, durante a adolescencia, o que máis fan é visitar os sitios Web que lles interesan (de series de televisión, películas, cantantes, etc.) e enviar e recibir mensaxes mediante a mensaxería instantánea ou a través de redes sociais.

Proposta de actividades:

- a.- En gran grupo: lectura individual do texto suxerido.
- b.- Cada alumno deberá realizar unha redacción sobre un día da súa vida cotiá e analizar as similitudes co exposto no texto.
- c.- Realizar en gran grupo unha valoración dos traballos realizados.
- d.- Desenvolver un debate en gran grupo sobre as ideas comúns da información conseguida.
- e.- Elaborar un documento síntese das conclusións do traballo desenvolvido en gran grupo.

6. UNIDADE DIDÁCTICA: CÓNTANOS COMO VES INTERNET

Alumnado: Educación Primaria

Obxectivos:

- 1.- Reflexionar sobre as posibilidades creativas de Internet.
- 2.- Favorecer a participación e o debate entre os alumnos sobre o uso cotián das TIC.
- 3.- Desenvolver habilidades de comunicación e expresión sobre as posibilidades e usos positivos de Internet.
- 4.- O obxectivo do concurso "Cóntanos como ves Internet" é promover o coñecemento de Internet, as súas aplicacións e bo uso na comunidade Educativa a través da participación de profesores, nenos e familiares.
- 5.- Manexar os produtos e creacións elaborados por alumnos sobre as posibilidades de Internet no concurso: contos, poesía, debuxos.

Material:

Páxina Web da Axencia Española de Protección de Datos. Concurso "Cuéntanos cómo ves Internet".

http://www.diadeinternet.org/2010/index.php?body=col_ppal&pais=21&pais_cab=21&lang=es&lang_cab=es

Proposta de actividades:

- a.- Navegación individual dos alumnos pola páxina Web.
- b.- Selección individual de materiais presentados ao concurso.
- c.- En gran grupo. Valoración dos contidos da páxina e dos materiais seleccionados.
- d.- Elaboración de materiais por parte dos alumnos sobre o proposto nas bases do concurso.
- e.- Desenvolver un debate en gran grupo sobre as ideas comúns da información conseguida.

Unidades didácticas extraídas de Cyberbullying. Guía de recursos para centros educativos en casos de ciberacoso. La intervención en los centros educativos:

Materiales para equipos directivos y acción tutorial. José Antonio Luengo Latorre. Edita: Defensor del Menor de la Comunidad de Madrid. 2011.

ABUSO E MALTRATO ENTRE IGUAIS . DOCUMENTO 11: GUÍA PARA OS ALUMNOS: “TRATÉMONOS BEN” .

Esta guía está a disposición do profesorado na xefatura de estudos.

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 12. COMUNICACIÓN DA SITUACIÓN

Breve descripción dos feitos:

Persoa que comunica o caso:

Alumno

Titor

Profesor

Pais

Tipo de posible violencia detectada:

Violencia física

Violencia verbal

Violencia psicolóxica

Violencia social

Deterioro das pertenzas da vítima Destrucción das pertenzas da vítima

Roubo das pertenzas da vítima Acoso

Outro(especificar):

Datos de identificación da vítima

Nome e apelidos:

Curso:

Datos de identificación do agresor ou responsable dos feitos

Nome e apelidos:

Curso:

Datos de identificación das testemuñas

Nome e apelidos:

Curso:

Nome e apelidos:

Curso:

Nome e apelidos:

Curso:

Observacións e outros datos de interese:

Información comunicada á Dirección, Xefatura de Estudos (especifíquese o que proceda) coa data: ___/___/___

Asdo.:

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 13. COMUNICACIÓN AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, PROFESORES, TITOR.

Estimado _____:

Diríxome a vostede como _____ con motivo de poñer no seu coñecemento que con data _____, se recibiu denuncia de acoso escolar contra o alumno _____.

Neste sentido infórmase que se van iniciar as accións ao obxecto de verificar a realidade dos feitos denunciados así como a adopción das medidas que se consideren oportunas, para o que se require a súa colaboración.

Queda así mesmo convocado á reunión que, ao obxecto de abordar esta cuestión, celebrárase o próximo día _____, ás _____ horas no _____.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo.

En _____, a _____ de _____ de _____

Asdo.

(Dirección)

Recibín.

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 14. TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE SOBRE ACOSO ESCOLAR.

(Normalmente será a orientadora do centro, pero pode ser tamén un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor)

Estimado_____.

Diríxome a vostede co obxecto de comunicarlle que, tras a recepción dunha denuncia por acoso escolar sufrido polo alumno _____, por parte da Dirección do Centro decidiuse que sexa vostede o que se faga responsable da tramitación do expediente iniciado ao obxecto da investigación dos feitos denunciados.

Neste sentido, dásele traslado tanto da denuncia coma dos alumnos implicados para que, con carácter inmediato e conforme co protocolo de actuación establecido, inicie a tramitación do expediente, mantendo

informado de todas as actuacións efectuadas ao equipo directivo do centro.

Igualmente queda convocado á reunión que o próximo día _____ se manterá ás _____ horas no centro ao obxecto de tratar esta situación.

Sen outro particular, e quedando á súa enteira disposición, reciba un cordial saúdo.

En _____, a _____ de _____ de _____

Asdo.

(Dirección)

Recibín.

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 15. COMUNICACIÓN Á FAMILIA (TANTO DA VÍTIMA COMO DO AGRESOR)

(Nota: enviar por correo certificado con xustificante de recepción ou persoalmente con "recibín")

Srs _____ : (apelidos do neno/a)

Estimados amigos:

Como representantes legais do alumno _____, convócoos á seguinte reunión:

Día:

Hora:

Lugar:

Asunto: Denuncia de feitos contrarios á normativa de convivencia do centro

Asistentes:

En caso de non poder asistir, prégolles que devolvan asinada a parte inferior da folla e propoñan outra data máis próxima a esta convocatoria.

Atentamente,

En _____ a ____ de _____ de _____

Asdo.:

Don/Dona _____, como representante legal do alumno _____, comunícolle que non poderemos asistir á convocatoria efectuada pola seguinte razón _____.

Propoñémoslle como data alternativa: _____.

En _____ a ____ de _____ de _____

Asdo.:

Don/Dona _____

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 16. MODELO DE ENTREVISTA (ALUMNOS, PAIS,...)

ENTREVISTA AOS ALUMNOS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

Entrevista

nº Expediente

Alumno:

Curso

Data

En calidade de:

TIPO DE ENTREVISTA:

Inicial

De seguimento

Comunicación final

ASISTENTES:

DESENVOLVEMENTO DA ENTREVISTA E INFORMACIÓN TRANSMITIDA:

SE É O CASO, ACORDOS ADOPTADOS E PAUTAS DE ACTUACIÓN:

En Rubiáns, a ____ de _____ de 20

Asdo.:

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 17. MODELO DE ENTREVISTA (PAIS, TITORES LEGAIS, OUTROS,...)

ENTREVISTA COS PAIS/TITORES LEGAIS/OUTROS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

Entrevista

nº Expediente

Nome:

En calidade de

Data

TIPO DE ENTREVISTA:

Inicial

De seguimento

Comunicación final

ASISTENTES:

DESENVOLVEMENTO DA ENTREVISTA E INFORMACIÓN TRANSMITIDA:

SE É O CASO, ACORDOS ADOPTADOS E PAUTAS DE ACTUACIÓN:

En Rubiáns, a ____ de _____ de 20

Asdo.:

DOCUMENTO 18: CUESTIONARIO PARA O PROFESORADO DOS NIVEIS DOS ALUMNOS IMPLICADOS**(RELACIÓNS PERSOAIS E GRUPAIS)**

1. ¿Quen é querido por todos?
2. ¿Quen ten moi poucos amigos? ¿A que pensas que obedece isto?
3. ¿Quen intenta adular o profesor?
4. ¿Alguén é cruel e fai burlas dous outros?
5. Se é o caso, ¿quen se comporta así e quen é obxecto destas burlas?
6. ¿A que pensas que obedece isto?
7. ¿Son accións sistemáticas ou esporádicas?
8. ¿Alguén pega aos demais?
9. Se é o caso, ¿quen pega a outros nenos e quen é agredido?
10. ¿A que pensas que obedece isto?
11. ¿Son accións sistemáticas ou esporádicas?
12. ¿Alguén ameaza ou intimida outros nenos?
13. Se é o caso, ¿quen se comporta así e quen é ameazado ou intimidado?
14. ¿A que pensas que obedece isto?
15. ¿Son accións sistemáticas ou esporádicas?
16. ¿Sabes se algún neno pretende que outro realice actos contra a súa vontade? De ser o caso, ¿quen son estes nenos e a quen coaccionan? Tipo de actos
17. ¿Son accións sistemáticas ou esporádicas?
18. ¿Alguén trata de illar a outros nenos do grupo?
19. Se é o caso, ¿quen son estes nenos e a quen tratan de illar?
20. ¿A que pensas que obedece isto?
21. ¿Son accións sistemáticas ou esporádicas?
22. ¿Alguén trata de presentar unha imaxe negativa aos compañeiros doutros nenos?
23. Se é o caso, ¿quen son estes nenos e cales son os compañeiros obxecto da súa acción?

24. ¿A que pensas que obedece isto?
25. ¿Son accións sistemáticas ou esporádicas?
26. ¿Como é a relación de..... e.....?
27. ¿Como é a relación de..... cos outros nenos?
28. ¿Hai algún aspecto das relacións entre os nenos da clase que destaque positivamente?
29. ¿Hai algún aspecto das relacións entre os nenos que destaque negativamente?
30. Na túa clase, ¿algún alumno presenta condutas ou comportamentos inadecuados? Se é o caso, cita o alumno ou alumnos e refire o seu comportamento.
31. Outras observacións:

Rubiáns,.....de..... de 20.....

Asdo:.....

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 19. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN¹

Entrevista co alumno agresor ou responsable dos feitos

Nome:

Data:

Información que achega:

Entrevista coa vítima

Nome:

Data:

Información que achega:

Entrevista coas testemuñas

Información que achegan:

Nomes:

Data:

Entrevista cos pais do alumno agresor ou responsable dos feitos

Nome:

Data:

Información que achegan:

¹ Se fose preciso, ampliarase o anexo coas copias ou documentos necesarios

Entrevista cos pais/titores legais da vítima

Nomes:

Data:

Información que achegan:

Entrevista cos profesores

Nomes:

Data:

Información que achegan:

Información achegada polo Servizo de orientación

Dirección do CEIP de Rubiáns

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 20. INFORME DO CONFLITO E DAS MEDIDAS ADOPTADAS

Nº de orde do caso no presente curso escolar: _____

Descrición do caso:

Persoas que interviñeron:

No seu caso, **primeiras medidas** adoptadas pola Dirección do centro

Para garantir a seguridade da vítima:

Provisionais para o agresor ou responsable dos feitos:

No seu caso, medidas disciplinarias adoptadas:

Persoas implicadas: Vítima:	Agresor ou responsable dos feitos:	Testemuña:	
Vítima:	Idade:	Etapa:	Curso:
Agresor:	Idade:	Etapa:	Curso:
Testemuña:	Idade:	Etapa:	Curso:

Actuacións da orientadora

Entrevista coa vítima: Data: / /

Entrevista co agresor ou responsable dos feitos: Data: / /

Entrevista coas testemuñas: Data: / /

Entrevista cos profesores: Data: / /

Entrevista cos pais: Data: / /

Outras actuacións: Data: / /

Observacións:

Actuacións do equipo directivo

¡Achegaranse os documentos ou informes que poidan ser utilizados para a resolución do caso

Entrevista coa familia da vítima: Data: / /

Observacións:

Achegas da familia da vítima:

Entrevista coa familia do alumno agresor.

Data: / /

Observacións:

Achegas da familia do alumno agresor:

Outras actuacións (indicar cales):

Data: / /

Observacións:

No seu caso, **información ás familias dos implicados** sobre as medidas adoptadas

Familia da vítima:

Data: / /

Observacións:

Familia do agresor:

Data: / /

Observacións:

Conclusións

¿Confírmase o caso de violencia escolar? Si/ Non

Conflito leve

Conflito grave con violencia Acoso

¿De que tipo de violencia se trata?

Conclusións relevantes e observacións:

¿Propónse a apertura de expediente disciplinario ao alumno agresor?¹ Si Non

No seu caso, data de apertura: / / ; data de comunicación a Inspección: / /

En Rubiáns, a de de 201

A Dirección

Asdo.:

D..... Inspector de Educación. Pontevedra

¹ Débese indicar se houbo apertura de máis dun expediente disciplinario.

**MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 21. COMUNICACIÓN II Á INSPECCIÓN EDUCATIVA
DENUNCIA NO CENTRO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á NORMA DE CONVIVENCIA E MEDIDAS
ADOPTADAS CEIP DE RUBIÑANS, VILAGARCÍA**

ORIXE DA DEMANDA:

Procedencia:

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> Familia | <input type="checkbox"/> Persoal non docente |
| <input type="checkbox"/> Profesorado | <input type="checkbox"/> Outro (especificar:) |
| <input type="checkbox"/> Denuncia anónima | <input type="checkbox"/> Titor |
| <input type="checkbox"/> Alumnado | <input type="checkbox"/> Orientación |

DATOS DA SUPOSTA VÍTIMA:

Nome:

Nivel e grupo:

BREVE DESCRICIÓN DOS FEITOS:

ENTREVISTAS COAS FAMILIAS (datas e asistentes):

ENTREVISTAS CO ALUMNADO:

REUNIÓNS DE PROFESORES CELEBRADAS:

MEDIDAS ADOPTADAS:

CONCLUSIÓN DO PLAN DE INTERVENCIÓN:

- Cesou a situación de maltrato ou acoso escolar.
- Non cesou a situación de maltrato ou acoso escolar.
- A gravidade da situación de maltrato require a derivación a outras instancias.

En Rubiáns, a ____ de ____ de ____

Asdo: _____

Sr. D..... Inspector de Educación.Pontevedra.

MALTRATO E ACOSO ESCOLAR. DOCUMENTO 22 .DENUNCIA Á FISCALÍA DE MENORES

Nota: A presentación de denuncia unicamente debe realizarse naqueles casos que, pola súa especial gravidade, poidan revestir carácter de delito. En calquera caso, antes da súa interposición, convén solicitar asesoramento xurídico.

Á FISCALÍA DE MENORES

Don _____, maior de idade, con D.N.I. _____, actuando en nome e representación do Centro _____, na miña calidade de Director deste ante a Fiscalía comparece e EXPÓN:

Que por medio do presente escrito e, ao amparo do disposto tanto no artigo 262 da Lei de Xuizamento Criminal e artigo 13 da Lei de Protección do Menor, formulo **DENUNCIA** polos feitos acaecidos no centro e que se mencionan a continuación:

PRIMEIRO. - O pasado día _____ foi posta en coñecemento do centro unha presunta situación de acoso escolar sufrida polo menor.

SEGUNDO. - Os presuntos agresores son:

TERCEIRO. - Os feitos denunciados consisten en

Polo exposto,

SOLICITO á Fiscalía que teña por presentado este escrito e por formulada denuncia aos efectos legais oportunos.

En Rubiáns, a _____ de _____ de 201

Asdo.:

AVALIACIÓN. DOCUMENTO 23. CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DAS MEDIDAS E ACTUACIÓNS PARA MELLORAR A CONVIVENCIA

Este cuestionario ten como finalidade axudar na avaliación das medidas e actuacións do plan de convivencia.

Cada profesor avaliará as actuacións que desenvolve e nas que participou.

Deberá cumprimentarse sinalando cunha X no cadro que corresponda e entregarse á orientadora.

ACTUACIÓNS VALORACIÓN

Plenamente desenvolvidas

Desenvolvidas con variacións significativas(1)

Non desenvolvidas (2)

Promoción das boas maneiras

Educación en valores e habilidades sociais

Grupos cooperativos

Uso de NNTT (novas tecnoloxías)

Normas de aula

Asemblea de aula

Observadores da paz

Contratos individuais

Entrevistas individuais

Mediación

Actuacións ante disrupción

Actuacións ante o abuso/maltrato

(1): Indicar as variacións realizadas:

(2): Indicar os motivos:

Outras observacións:

Rubiáns,de.....de 2....

Asdo.

AVALIACIÓN. DOCUMENTO 24. CUESTIONARIO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS PARA A PROMOCIÓN DA CONVIVENCIA

Este cuestionario ten como finalidade axudar na avaliación das medidas e actuacións do plan de convivencia.

Cada profesor valorará as actuacións que desenvolve.

Deberá cumprirse sinalando cunha X no cadro que corresponda e entregarse a orientadora.

MEDIDAS-ACTUACIÓNS	VALORACIÓN	
Promoción das boas maneiras	Satisfactoria	Non satisfactoria
Educación en valores e habilidades sociais	Satisfactoria	Non satisfactoria
Grupos cooperativos	Satisfactoria	Non satisfactoria
Uso de NNTT	Satisfactoria	Non satisfactoria
Normas de aula	Satisfactoria	Non satisfactoria
Asemblea de aula	Satisfactoria	Non satisfactoria
Observadores da paz	Satisfactoria	Non satisfactoria
Contratos individuais	Satisfactoria	Non satisfactoria
Entrevistas individuais	Satisfactoria	Non satisfactoria
Mediación	Satisfactoria	Non satisfactoria
Actuacións ante disrupción	Satisfactoria	Non satisfactoria
Actuacións ante o abuso/maltrato	Satisfactoria	Non satisfactoria
Propostas de mellora:		

Rubiáns,..... de..... de 20....

Asdo:.

AVALIACIÓN. DOCUMENTO 25. RECOLLIDA DE DATOS ANUAL DE INCIDENCIAS RELACIONADAS CON CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Curso: 20.... - 20....

INCIDENCIAS Nº

Partes de incidencias por disrupción

Alumnos enviados á dependencia destinada ao tratamento do conflito e traballo individualizado

Alumnos sancionados coa suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro

Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días

Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos

Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas

Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes

Actos de indisciplina

Actos de inxuria ou ofensas

Agresións físicas contra os demais

Danos causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa

Furtos

Pelexas

Cambios de centro

Rubiáns..... de xuño de 20....

A xefatura de estudos

Asdo.

AVALIACIÓN. DOCUMENTO 26. VALORACIÓN DA CONVIVENCIA POR PARTE DO ALUMNADO (5º-6º)

Este cuestionario ten como finalidade saber a túa opinión acerca de como te sentes e relacionas no Centro.

Deberá cubrirse sinalando cunha X no cadro que corresponda e entregarse ao titor.

	SI	NON
Os alumnos participamos na resolución de conflitos		
Este curso comporteime correctamente cos meus profesores		
Este curso comporteime correctamente cos meus compañeiros		
Coidei e respectei as instalacións e o material do colexio		
Este curso estudei o necesario		
Este colexio é un bo colexio		
Gustoume traballar na miña clase		
As miñas relacións cos compañeiros son boas		
Son puntual		
Participo nas actividades da clase		
Participo nas actividades do colexio		
Síntome seguro no colexio		
Os compañeiros respéctanme e eu a eles		
Todos os compañeiros colaboramos no traballo en grupo		
Coñezo as normas		
Cumpro as normas		
Estou contento na miña clase		

Resolvemos os problemas entre nós		
Síntome illado no colexio		
Síntome rexeitado polos meus compañeiros		
Algún compañeiro métese comigo		
Insúltanme con frecuencia		
Ameázanme		
Maltrátanme físicamente		
Hai moitas pelexas no centro		

Rubiáns,..... de..... de 20....

Asdo:.

AVALIACIÓN. DOCUMENTO 27. VALORACIÓN DAS MEDIDAS QUE FAVORECEN A CONVIVENCIA (5º-6º)

Este cuestionario ten como finalidade saber a túa opinión acerca das actuacións para favorecer a convivencia nas que participas.

Deberá cumprirse sinalando cunha X no cadro que corresponda e entregarse ao titor.

MEDIDAS	ACTUACIÓNS	VALORACIÓN
Clases de educación en valores e habilidades sociais		Satisfactoria/Non satisfactoria
Traballo en grupo		Satisfactoria/Non satisfactoria
Traballo con ordenadores		Satisfactoria/Non satisfactoria
Normas de aula		Satisfactoria/Non satisfactoria
Asemblea de aula		Satisfactoria/Non satisfactoria
Observadores da paz		Satisfactoria/Non satisfactoria
Contratos individuais		Satisfactoria/Non satisfactoria
Entrevistas individuais		
Mediación		